

1  
2  
3  
4  
5  
6  
7  
8  
9  
10  
11  
12  
13  
14  
15  
16  
17  
18  
19

**UN MONTE VECIÑAL MULTIFUNCIONAL NUN MEDIO VIVO:  
GARANTÍA DE FUTURO**

# INDICE

1		
2		
3	<b>1º Relatorio: CONSOLIDACION DA TITULARIDADE VECIÑAL</b>	
4	<b>1.- Defensa da titularidade veciñal.....</b>	<b>3</b>
5	<b>1.1. Solidariedade e cooperación, as bases do común .....</b>	<b>3</b>
6	1.1.1. Introducción .....	3
7	1.1.2. Organización colectiva: comunidade e monte.....	3
8	1.1.3. A orixe das bases do común .....	4
9	A comunidade primitiva .....	4
10	Institucionalización da comunidade: o reino galaico-suevo .....	4
11	Dereito xermánico e consuetudinario .....	4
12	1.1.4. A sociedade labrega e a caída do modelo tradicional .....	5
13	1.1.5. Organización comunal feito ou ideoloxía .....	6
14	Comunalismo, comuneirismo e comunitarismo.....	6
15	1.1.6. A base social necesaria para o aproveitamento.....	7
16	Unha sociedade de organización comunitaria.....	7
17	Titularidade privada, veciñal ou comunitaria e pública.....	7
18	A titularidade colectiva, como modelo de xestión da ORGCMM.....	7
19	1.1.7. A devolución dos montes veciñais.....	8
20	1.1.8. O Asociacionismo nas comunidades de montes.....	10
21	Os eixos do futuro do monte.....	10
22	Compoñentes do sector montes.....	10
23	A base do labor común.....	11
24	1.1.9. Aproveitamentos do monte.....	12
25	<b>1.2. Monte e veciñanza .....</b>	<b>13</b>
26	1.2.1. Definición de veciñanza .....	13
27	1.2.2. A formación da veciñanza comuneira .....	14
28	1.2.3. A diferenciación dos termos monte e forestal .....	15
29	1.2.4. O recoñecemento social da titularidade .....	16
30	<b>1.3. O monte veciñal como marco de ordenación físico e administrativo.17</b>	<b>17</b>
31	1.3.1. Catastros e deslindes .....	17
32	División en parcelas.....	17
33	Uso da terra .....	17
34	Deslindes e acordos como solución .....	18
35	1.3.2. As Administracións na consideración da titularidade comunitaria .....	18
36	Administración autonómica.....	19
37	Administración Estatal .....	19
38	Administracións locais .....	20
39	1.3.3. Ordenación do territorio e monte veciñal.....	20
40	Plano de ordenación do territorio galego.....	20
41	Ordenación municipal .....	21
42	Ordenación do monte .....	21
43	<b>1.4. Ameazas a titularidade veciñal.....</b>	<b>21</b>
44	1.4.1. Usos, intereses, abusos e abandono .....	21
45	1.4.2. A perda do común e a despoboación do medio rural.....	21
46	<b>1.5.- Cultivos enerxéticos e enerxías renovábeis.....</b>	<b>22</b>
47	1.5.1. A enerxía eólica .....	23
48	1.5.2. A enerxía fotovoltaica ou solar .....	25
49	<b>1.6. Afáns privatizadores e usurpadores.....</b>	<b>25</b>
50	1.6.1. Tentativas contra a titularidade comunitaria.....	25
51	1.7. Lexislación e fiscalidade .....	27
52	1.7.1. Antecedentes da normativa legal .....	27
53	1.7.2.- Lexislación expropiadora.....	27
54	1.7.3.- A inxusta fiscalidade.....	29
55	1.8. Ordenación do territorio e especulación.....	29
56	1.8.1. Intereses urbanísticos e especulativos.....	29
57	1.8.2. Clasificación do monte.....	29
58	1.8.3. Ocupacións e servidumes .....	31
59	1.8.4. Infraestruturas e dotacións públicas.....	31
60	1.8.5. Instalacións produtivas privadas.....	31

1		
2		<b>2º Relatorio: MONTE VECIÑAL COMÚN, MULTIFUNCIONAL E VIVO: DEFENSA DA</b>
3		<b>TERRA E XERACIÓN DE EMPREGO</b>
4		<b>2.-Recursos e aproveitamentos .....34</b>
5		<b>2.1.- A multifuncionalidade dos recursos .....34</b>
6		2.1.1. Introducción .....34
7		2.1.2.- Multifuncionalidade e sustentabilidade nun medio rural vivo .....34
8		2.1.3.- Multifuncionalidade e desenvolvemento rural .....35
9		<b>2.2.- A función ecolóxica: valor e utilidade .....35</b>
10		2.2.1.- Introducción .....35
11		2.2.2.- Espolio da natureza e mercantilización .....36
12		2.2.3.- Función ecolóxica e aproveitamento .....36
13		Criterios de sustentabilidade .....36
14		<b>2.3.- Ferramentas de revalorización do monte veciñal .....37</b>
15		2.3.1.- Introducción .....37
16		2.3.2.- Parques intermedios: valor engadido na madeira .....37
17		2.3.3.- Plantas de biomasa: valor engadido nos restos vexetais .....37
18		2.3.4.- Aproveitamentos leñosos complementarios.....38
19		2.3.5.- Retirada da biomasa forestal dos montes .....38
20		<b>2.4.- Aproveitamentos conxuntos con outros sectores .....37</b>
21		2.4.1.- Produción agrogandeira e globalización .....37
22		2.4.2.- Produción de interese social: o gando no monte .....38
23		2.4.3. A pacificación e a colaboración necesarias.....39
24		2.4.3.- O gando ceibo .....41
25		<b>2.5.- Valor engadido e Administración .....42</b>
26		<b>2.6.- O patrimonio cultural como recurso do monte .....42</b>
27		<b>2.7.- Valorización e xestión .....43</b>
28		2.7.1.- A función ambiental do monte e a Unión Europea.....43
29		2.7.2.- Os beneficios indirectos dos montes veciñais .....45
30		Sumidoiro de carbono e quecemento global .....45
31		2.7.3.- Montes veciñais e xeración de emprego .....47
32		2.7.4.- Educación e formación no emprego .....48
33		<b>2.8.- Normativas europeas e financiamento .....49</b>
34		2.8.1.- Programas europeos de desenvolvemento rural .....49
35		2.8.2.- Entidades sen ánimo de lucro .....50
36		2.8.3.- Realización dos traballos obxecto da axuda .....50
37		
38		<b>3º Relatorio: ALIANZAS PARA LOGRAR UN MONTE VECIÑAR MULTIFUNCIONAL NUN</b>
39		<b>MEDIO RURAL VIVO</b>
40		<b>3.1.- O monte obxectivo en si mesmo. ....51</b>
41		3.1.1.- O monte veciñal no desenvolvemento estratéxico do país .....51
42		<b>3.2.- Economía rural e desenvolvemento sustentable .....52</b>
43		3.2.1.- Os principios da economía social .....52
44		3.2.2.- As Comunidades de Montes na economía social .....52
45		3.2.3.- O monte e a economía neoliberal .....53
46		3.2.4.- Diagnose da economía rural e desenvolvemento .....53
47		3.2.5.- Dotación de infraestruturas e servizos no medio rural .....54
48		3.2.6.- Desenvolvemento sustentable .....55
49		<b>3.3.- Cooperación na defensa do común e conexión coa sociedade.....55</b>
50		3.3.1.- Herdanza, transmisión e futuro .....55
51		3.3.2.- A pervivencia dos montes veciñais .....55
52		3.3.3.-A inversión da situación fronte a ameaza .....56
53		Alianzas das Administracións estatal e autonómica.....57
54		Alianzas de nós mesmos .....57
55		3.3.4.- Valoración social e complicidade .....57
56		3.3.5.- Alianzas e traballo conxunto cos sectores do medio rural .....57
57		3.3.6.- Unión dos sectores do medio rural e local .....58
58		3.3.7.- Alianzas coas administracións locais .....59
59		3.3.8.- Alianzas cos movementos sociais.....60
60		3.3.9.- Implicación social na xestión: custodia do territorio .....61

1  
2  
3 **UN MONTE VECIÑAL MULTIFUNCIONAL NUN MEDIO VIVO: GARANTÍA DE**  
4 **FUTURO**

5  
6 **1º Relatorio**

7 **CONSOLIDACIÓN DA TITULARIDADE VECIÑAL**

8 *Compartir ata onde se poida, e onde non se poida, acompañar.*

9 *Que delicadeza fai falla para apreciar ese límite..... J. Riechmann*

10  
11 **1.- Defensa da titularidade veciñal**

12 **1.1. Solidariedade e cooperación, as bases do común**

13  
14 **1.1.1. Introducción**

15 O monte veciñal en man común (en adiante: monte veciñal) é unha realidade actual e  
16 debemos situalo na sociedade do século XXI, máis alá das súas orixes ou do uso en  
17 tempos pasados. Esta realidade do noso monte supón a cuarta parte do territorio de  
18 Galicia e mantén todas as posibilidades de poñelo en valor de xeito multifuncional e  
19 sustentable. Primeiro, e dende o punto de vista ambiental, o monte é un ben e un valor en  
20 si mesmo, despois, o seu uso e a súa explotación sustentable, supoñen un beneficio para  
21 veciñanza comuneira, e, por extensión, para sociedade no sen conxunto. Estes, son  
22 argumentos suficientes, para que o desenvolvemento dos montes veciñais sexa  
23 considerada estratéxica para o país.

24  
25 Se admitimos que se defina ao monte veciñal como reliquia do pasado estaríamos a  
26 propiciar e facilitar que intereses económicos alleos, urbanísticos e especulativos, se  
27 apropien do territorio do rural e dentro deste, dos montes veciñais, seguindo as liñas da  
28 última reforma da Política Agraria Común (PAC), entre as que se inclúen: o apoio ás  
29 grandes explotacións agro-gandeiras, á superficie e non á produción, e os atrancos para  
30 a agricultura familiar, o que permitiría a instalación de campos de golf, coutos de caza  
31 maior, grandes áreas de lecer.... para beneficio e goze das elites da sociedade. Nestas  
32 liñas da PAC van as declaracións públicas da nova Dirección Xeral de Montes: que os  
33 montes veciñais son unha titularidade anacrónica e que hai que ir a unidades productivas  
34 de mais de 1000 ha.

35  
36 **1.1.2. Organización colectiva: comunidade e monte**

37 A organización colectiva que significan as comunidades de montes, ten como  
38 obxectivo a xestión do monte, fomentar a participación da veciñanza en todas as  
39 decisións que se toman na mesma, e, a través de prácticas participativas, promocionar os  
40 valores democráticos e de responsabilidade mutua. O propósito deste tipo de  
41 organización colectiva é xerar unha veciñanza plenamente capaz e dinamizadora da súa  
42 vitalidade social e non se propón crear novas institucións ou substituír as existentes.

43  
44 Nunha comunidade racional baseada na participación e debate para a toma de  
45 decisións, a cidadanía medra educada na práctica democrática e na solidariedade, nos  
46 deberes colectivos, na integridade persoal, así como na sensibilidade ambiental,  
47 recoñecendo debidamente o seu propio lugar na contorna natural e insertado nas  
48 peculiaridades do país.

49  
50 Entendemos que o poder de decisión sobre o monte veciñal ten que permanecer nas  
51 asembleas da veciñanza, comuneiros e comuneiras delegados das casas familiares,  
52 antes que nas delegacións administrativas, nos concellos, ou nas xuntas veciñais.

### 1.1.3. A orixe das bases do común

#### A comunidade primitiva

A comunidade humana, de hai milleiros de anos, mantíña un modo de produción primario, resultado do desamparo no que se atopaba no medio ambiente, con moitos recursos e situacións que actuaban na súa contra, mais poucos medios. É po iso que o traballo común, ou a socialización dos medios de produción, era básico para sobrevivencia da mesma. Esta etapa da humanidade estaba caracterizada por: un baixo nivel de desenvolvemento do traballo, a propiedade colectiva dos rudimentarios instrumentos, ou ferramentas, e a distribución igualitaria dos produtos.

Un traballo tan primitivo cubría as mínimas necesidades vitais, mais non creaba excedente algún, e esa carencia impedía a explotación humana. Nese réxime económico o traballo e a produción estaría directamente determinada polas necesidades colectivas. Ao non existir excedentes, non existía desigualdade de bens nin a necesidade dun Estado-Nación redistributivo. Ao ser unha sociedade baseada no autoconsumo, todas as súas relacións sociais eran **comunitarias**.

Este modo de produción foi substituído, dependendo do lugar ou a época, ben polo modo de produción escravista ou ben polo modo de produción feudal.

#### Institucionalización da comunidade: o reino galaico-suevo

A orixe dos montes veciñais, dende un punto de vista histórico-sociolóxico, sitúase na organización social prerrománica castrexa dos callaicoi. Logo da romanización, o pobo xermano dos suevos instálase na antiga Gallaecia no s.V e alíase cos galaicos creando o primeiro Reino da Europa medieval, con centro administrativo en Braga, que xa fora centro da cultura castrexa e posteriormente romana. Así, crearon unha estrutura administrativa e nacional propia no Mundo coñecido, con alianzas exteriores, fronte aos visigodos.

A Igrexa cohesionouse como institución nacional e política do Reino de Galicia, e formalizouse a distribución interior en parroquias, institucións que se manteñen invariadas ata hoxe en día, igual que a superior estrutura comarcal en arciprestados. Tras un século de guerras, os visigodos anexionan o Reino de Galicia, mais respectan unha ampla autonomía política por causa da especial gobernabilidade e idiosincrasia cultural galaica. Mais, pouco despois, o reino Ibero-Visigodo foi destruído polos árabes, recobrando Gallaecia a súa soberanía e iniciando a expansión cara ao sur.

#### Dereito xermánico e consuetudinario

Denomínase dereito xermánico ao conxunto de normas polas que se rexían os pobos xermánicos que invadiron o imperio romano de occidente. Non posuían un código lexislativo, polo que se rexían baixo o dereito **consuetudinario**, tamén chamado de **usos e costumes**. É un conxunto de normas xurídicas que se desprenden de feitos que se produciron repetidamente no tempo e nun territorio concreto. Teñen forza vinculante e recórrese a el cando non existe norma xurídica escrita, ou lei aplicable. As súas orixes proveñen da mesma orixe do que entendemos por sociedade. Conceptualmente é un termo oposto ao de dereito escrito.

Para que unha conduta cualifique como costume e teña efectos xurídicos precisa de dous elementos imprescindibles:

**Uso xeralizado e repetitivo.**- Só pode considerarse costume un comportamento realizado por **todos** os membros dunha comunidade. Así mesmo esta conduta debe ser **reiterada** no tempo, sendo parte integrante do común actuar dunha comunidade. Difícilmente se pode considerar costume unha conduta sen antigüidade, unha

1 comunidade pode pórse de acordo en repetir unha conduta no día de hoxe en diante pero  
2 iso non a converte en costume, convértea en lei.

3  
4 Conciencia de obrigatoriedade.- Todos os membros dunha comunidade, deben  
5 considerar que a conduta común ten unha **autoridade que os obriga**, de tal xeito que  
6 non pode obviar dita conduta sen que todos consideren que se violou un principio  
7 fundamental da vida comunitaria. Nese sentido, é claro que existen condutas cuxo uso é  
8 xeralizado e moi repetitivo mais sen ter emparellado o concepto de obrigatoriedade.

9  
10 Só coa confluencia destes dous elementos podemos considerar que nos atopamos  
11 fronte a un costume como fonte de dereito e de deberes.

12  
13 Considérase que figuras como as relacións xurídicas mancomunadas ou a  
14 comunidade de bens proceden directamente do Dereito Xermánico, dado que o Dereito  
15 Romano baseábase na idea de propiedade individual.

#### 16 **1.1.4. A sociedade labrega e a caída do modelo tradicional**

17 O uso común na sociedade labrega tradicional, baseado na solidariedade e na  
18 cooperación, non era específico do aproveitamento do monte veciñal, senón que tamén  
19 aparecía noutras moitas facetas da vida, como: a xestión das augas de regadíos, o  
20 arranxo de camiños, o uso dos fornos, das eiras e dos muíños, a realización das terefas  
21 agrícolas, e tamén o pastoreo do gando sobre todo, o lanar, caprino e vacún, os  
22 chamados sistemas de roldas ou veceiras que aínda se conservan hoxe en lugares da  
23 Serra de Manzaneda ou na serra portuguesa do Gerés. Tamén existían usos de espazos  
24 comúns como os torreiros, ou adros das festas, campos de xogo de bolos, etc.

25  
26  
27 A vida comunal era xestionada pola denominada veciña, unha entidade hoxe en  
28 desuso, mais que aínda se mantén na vixente Lei de Dereito Civil de Galicia. Estaba  
29 composta polos, daquela denominados, cabezas de familias, e que normalmente se  
30 reunían cada fin de ano para acordar os temas, baseándose nos usos e costumes ou en  
31 acordos maioritarios.

32  
33 A relación monte veciñanza caeu co sistema agro-gandeiro tradicional galego, entre  
34 os anos 40-50 do século XX. A implantación do capitalismo no agro provocou rachar coa  
35 interdependencia da agricultura, a gandeiría e o monte, sendo usurpados grandes  
36 espazos polo franquismo cun obxectivo de destrución ambiental dos montes substituíndo  
37 ao bosque atlántico, ou o que quedaba del, e ao mato polas repoboacións masivas de  
38 piñeiros e eucaliptos, convertendo un monte diversificado nun monte fornecedor exclusivo  
39 de madeira.

40  
41 A promulgación do Patrimonio Forestal Español no ano 1941, plantexaba baixo os  
42 seus obxectivos a premisa de “restaurar, conservar e incrementar a riqueza forestal” e  
43 serviu para planificar o monocultivo nos montes galegos de piñeiros e eucaliptos, e  
44 posteriormente da promulgación da Lei Hipotecaria do 1946, mediante a cal os montes  
45 veciñais son usurpados a favor dos concellos, son o aparello lexislativo sobre a que se  
46 sustentou a transformación do monte veciñal. A realidade que nos amosan os feitos  
47 acontecidos é que o que conseguiu foi a ruptura do sistema agro-gandeiro tradicional, o  
48 exterminio do bosque atlántico, a instauración do monocultivo xeralizado así como da  
49 capitalización ambiental que sufriu o noso territorio, comercializando os montes, a terra, a  
50 auga e agora o vento. Unha destrución ambiental sen precedentes.

51  
52 O uso común do monte, producía tamén unha interdependencia e un relativo equilibrio  
53 entre as terras de laboura e os montes veciñais, cada unidade agraria precisaba dúas de  
54 monte. Nesta relación primaba a renovación dos recursos naturais, polo que a relación  
55 millo-toxo-vaca producía un aproveitamento sustentable.

### 1.1.5. Organización comunal feito ou ideoloxía

A organización colectiva ten unha orixe antiquísima perdurando ata os nosos días de distintos xeitos, mais **como ideal nunca existiu como tal na historia**, a diferenza doutros ideais de carácter social como o socialismo, o comunismo, o anarcosindicalismo, coas súas actuais revisións, ou ata mesmo o capitalismo.

A palabra **comuna** significa pobo ou cidade, e deriva do adxectivo latín communis, que significa “común”. A orixe do nome e función provén da Idade Media, época na cal era a designación das cidades italianas independentes dun señor feudal.

#### **Comunalismo, comuneirismo e comunitarismo**

Todos estes termos fan mención a unha organización de base común.

A primeira expresión política consciente “do común” xurde en Atenas, hai 2500 anos, coas súas institucións de base democrática, o concepto de cidadanía, a educación como formación cidadá e os establecemento de deberes cívicos. Esta tradición democrática comunal ampliou o seu ámbito ata a Idade Media europea, onde existían sistemas comunais de repartición de recursos e crearon asociacións de cidades libres.

**O comunalismo** relaciónase co compartir en común. Xurde como unha asociación de individuos en sociedades relixiosas que practican a abolición voluntaria da propiedade privada, a distribución dos beneficios segundo as necesidades, e o traballo segundo as capacidades de cada un. Posteriormente convértese nun feito organizativo profundamente democrático con longas raíces históricas, que traspasa ao vocabulario político logo da Comuna de París de 1871. A recente interpretación é unha práctica revolucionaria de municipalismo libertario, baseado na análise histórica, a dialectica da natureza e da sociedade, a ética económica e unha organización política democrática da sociedade.

**O comuneirismo** baséase no funcionamento de consellos municipais abertos. Foi un movemento que protagonizou as revoltas en Castilla no século XVI, tratando de recuperar costumes de organización social común medieval. O liberalismo do século XIX converte en mártires aos xefes comuneiros polo que esta figura ideolóxica é asumida actualmente polo nacionalismo castelán.

**O comunitarismo** alude á comunidade (do latín communitas, -atis), entendendo o común, é dicir, aquilo que non sendo privativo de ningún, pertence ou se estende a varios. Parte da existencia unha comunidade con prácticas sociais e tradicións culturais comúns, un mesmo xeito de comprensión da sociedade que respecta e protexe á comunidade, tratando de reconciliar á colectividade humana co seu mundo. O comunitario, implica un xeito de agrupamento socio-cultural-ideolóxico compartido, estando ou non organizado, baseado relacións de grupo e deste cos recursos.

**Ademais úsanse os termos de: colectivismo**, en xeral para describir un énfase teórico ou práctico nun grupo, en oposición ao individualismo. **Veciñanza**, ven do latín vicinalis, é un adxectivo que indica pertencente ou relativo aos veciños/as dun pobo, a categoría dáa o feito de estar habitando habitualmente nun espazo xeográfico.

**Como termos tradicionalmente usados, as comunidades de montes consideran acaído o uso de veciñanza, no relativo á composición do asentamento humano en relación co monte, e comunitarismo (historicamente usado comunalismo) en referencia ao uso e xestión colectivos.**

### 1.1.6. A base social necesaria para o aproveitamento

## 1 **Unha sociedade de organización comunitaria**

2 No desconcertado mundo actual, coas súas enormes e remotas institucións, a  
3 necesidade de descentralizar a sociedade a un nivel de escala humana é crecente. A  
4 moderna sociedade occidental organizada desde unha perspectiva capitalista, asume a  
5 duras penas a convivencia de primitivas institucións de xestión do medio e dos recursos.  
6 Aínda así, non pode ocultar a iniciativa de diferentes colectivos sociais que retraen da  
7 historia os seus propios modos de organización aos que se negan a renunciar.  
8

9 Ao longo do mundo hai diferentes unidades sociais que reclaman un funcionamento  
10 comunitario, ou de diferente contido común, como xestión da súa área de influencia e dos  
11 recursos, en Galicia esta unidade territorial son os montes, normalmente parroquiais, xa  
12 que por virtude tanto da súa extensión como da súa intimidade, son as que historicamente  
13 tiveron a capacidade de dar corpo a auténticas comunidades e ás unidades de xestión  
14 humanas.  
15

## 16 **Titularidade privada, veciñal ou comunitaria e pública**

17 Os montes veciñais, son unha titularidade especial con características de  
18 indivisibles, inalienables, imprecipitables e inembargables. Nin é unha titularidade  
19 pública, nin unha titularidade privada, senón unha titularidade veciñal e colectiva  
20 denominada **titularidade comunitaria**, tal e como a definen os nosos veciños  
21 portugueses.  
22

23 A diferenza entre titularidade veciñal ou comunitaria e a titularidade privada, semella  
24 clara. Entendemos como titularidade veciñal aquela na que a propiedade e o  
25 aproveitamento pertencen a unha comunidade veciñal, á veciñanza, entendendo esta  
26 como un grupo social sedentario que habita un espazo. Así, as comunidades de montes,  
27 son a estrutura organizativa á cal ese grupo social encomenda a xestión executiva entre  
28 asembleas, que é o máximo órgano decisorio.  
29

30 Máis complicada é, para a comprensión da sociedade actual urbana consecuencia da  
31 ruptura da relación monte-veciñanza, explicar a diferenza entre a titularidade veciñal ou  
32 comunitaria e a pública.  
33

34 Independentemente das orixes desta titularidade singular, definida polos nosos  
35 veciños portugueses como de titularidade comunitaria, identificamos o monte veciñal,  
36 como soporte do complexo agro-gandeiro de Galicia durante milleiros de anos, moitas  
37 actividades de ambos modos de produción historicamente estiveron fortemente marcados  
38 polo comunitarismo.  
39

## 40 **A titularidade colectiva, como modelo de xestión da ORGCMM**

41 A premio Nobel de economía do ano 2009, a Sra Eliónor Ostrom, manifesta que a  
42 titularidade colectiva garante unha mellor xestión dos seus recursos se se cumpren as  
43 seguintes premisas:  
44

45 1- O recurso debe estar claramente delimitado.

46 2- A comunidade que o xestiona debe establecer uns criterios de obrigado  
47 cumprimento, de xeito que non haxa posibilidades de que ninguén rache as regras, e se  
48 as incumpre debe ser criticado.

49 3- A comunidade debe ser estable con fortes vencellos entre os seus membros.  
50

51 Este tipo de xestión ven sendo posta en práctica por un grupo de comunidades de  
52 montes veciñais que se xuntaron no ano 1997 no Iº Congreso Galego de comunidades  
53 de montes, dando orixe ao nacemento da ORGACCMM, e dende aquela vimos loitando  
54 por:

- 1 1- Defender da titularidade comunitaria.
- 2 2- Considerar como aproveitamentos todos aqueles que se dan no monte.
- 3 3- Fortalecer a relación monte-veciñanza e o orgullo de ser veciño/a comuneiro/a.

#### 5 **1.1.7. A devolución dos montes veciñais**

6 O movemento de recuperación dos montes veciñais tivo lugar nas décadas dos anos  
7 60 a 80 do século XX, cando xa a relación monte veciñanza estaba desaparecida, mais, o  
8 pouso da organización común aínda existía na xente do rural, e foi retomado por moitos  
9 veciños que se constituíron en comunidades de montes veciñais unha vez comprendido o  
10 modelo poñendo as súas titularidades en valor.

11  
12 Dende a primeira lei de montes estatal do ano 1957, e regulamento do 1962, ate a  
13 actual lei galega de montes veciñais do ano 1989, e regulamento do 1992, pasando pola  
14 lei estatal de montes do ano 1968, e regulamento do 1970, calcúlase que foron  
15 declarados como montes veciñais arredor dunhas 700.000 ha de terra. Mais tamén se  
16 estima que aínda hai unhas 400.000 ha a maiores susceptibles de poder ser aportadas  
17 como montes veciñais. Unha das tarefas das comunidades de montes veciñais, debe ser  
18 o lograr a clasificación desa superficie.

19  
20 O ente administrativo con capacidade para declarar terras como monte veciñal, son os  
21 Xurados Provinciais de Clasificación de montes veciñais, organismo dependente da  
22 estrutura provincial da Consellería do Medio Rural, e logo, as sucesivas instancias  
23 xurídicas. As composicións destes Xurados Provinciais, están totalmente  
24 descompensados, xa que domina a presenza da representación administrativa. De feito, e  
25 ate o de agora, a única representación puntual que tiña a veciñanza nos Xurados  
26 Provinciais, sempre e cando se referira ao seu caso, tiña dereito a voz mais non a voto.

27  
28 A lei de montes veciñais vixente, recolle a representatividade das comunidades de  
29 montes nos Xurados Provinciais, mais a elección deste membro era moi complexa, ou  
30 imposible, xa que se esixía a celebración dunha asemblea provincial das comunidades de  
31 montes e na que tiña que darse un quorum do 50%. Dende o mesmo nacemento da  
32 Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais (ORGACCMM) sempre  
33 tivemos claro, a importancia de contar con representación neste organismo.

34  
35 No ano 2001 lánzase unha campaña para proceder a elixir o representante das  
36 comunidades de montes na provincia de A Coruña, por ser a que menos comunidades de  
37 montes ten. Esta campaña saldouse con un fracaso para nós, ao non conseguir o  
38 quorum.

39  
40 Nos anos 2007 e 2008, a Consellería do Medio Rural, baixo a dirección política do  
41 BNG, tivo a valentía de convocar asembleas provinciais de comunidades de montes, co  
42 fin de subsanar un incumprimento de lei de montes veciñais, como era a falla do seu  
43 representante nos Xurados Provinciais. Estas eleccións tiveron lugar os días 6 de outubro  
44 de 2007 na Coruña, 30 de marzo de 2008 en Lugo e 22 de novembro de 2008 en  
45 Pontevedra. E nas tres, os representantes elixidos, foron os candidatos da ORGACCMM,  
46 faltando a representación da provincia de Ourense. Cuantitativamente, pode dicirse que o  
47 peso que vai o representante das comunidades de montes nos xurados provinciais, vai ser  
48 escaso, mais a súa presenza vai ser fundamental pola presenza e pola información  
49 directa dos expedientes.

50  
51 En termos xerais, a actitude dos gobernantes respecto da declaración de terras como  
52 monte veciñal, son negativas, mais tamén a día de hoxe xa temos datos para poder  
53 contrastar as súas diferentes actitudes. O período legislativo 2002 – 2005 con goberno do  
54 PP, os Xurados Provinciais, caracterizáronse por moitos impedimentos para a

1 declaración, ou mesmo impedilo, das terras como de monte veciñal, alegando  
2 argumentos peregrinos, como terras de pouca superficie, ocupadas por algún tipo de  
3 instalación e mesmo por algunha ocupación, aínda que fose ilegal, que na actualidade,  
4 non tiñan actividade forestal, ou que estaba en solo urbano. Argumentos todos que van  
5 contra do escrito na lei de montes veciñais vixente, que no seu artigo 1º di: Son montes  
6 veciñais os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades productivas, do  
7 seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais,  
8 na súa calidade de grupo social e non como entes administrativos.

9  
10 En maio de 2009, unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ven de  
11 botar abaixo esta teoría inadecuada de que só pode ser monte veciñal o que é forestal.  
12 Este é o caso da sentenza pola que se declaran como monte veciñal, parcelas da  
13 parroquia viguesa de Teis que estaban ocupadas polo zoolóxico da Madroa, e por  
14 instalacións deportivas do Celta de Vigo. Tamén é xusto recoñecer que nesta sentenza,  
15 tivo moito que ver a actitude perseverante na defensa do monte veciñal da veciñanza de  
16 Teis.

17  
18 Máis este éxito non pode esquecermos que no período legislativo 2002-2005 a anterior  
19 Dirección Xeral de Montes presentoulle as entidades relacionadas co monte, un borrador  
20 de proxecto de lei de montes veciñais, no que se eliminaba os xurados provinciais de  
21 clasificación de montes veciñais por entender que xa non había mais terra que puidese  
22 ser declarada como monte veciñal. Daquela, non avanzou pola actitude contraria de  
23 CCOO, SLG e da ORGACMM.

24  
25 Como feito contraposto, no período legislativo 2005-2009 da Consellería do Medio  
26 Rural, dirixida polo BNG, avanzouse moito na declaración de montes como de veciñal.  
27 Así, a Delegación Provincial de Pontevedra, declarou como veciñal, mais do 80% das  
28 solicitudes presentadas.

29  
30 Na devolución dos montes veciñais os seus lexítimos titulares non debemos por en  
31 cuestión o uso actual, e mesmo deberíamos comprometérmonos a manter os servizos  
32 públicos que hoxe teñen, sempre e cando se lle recoñeza aos seus lexítimos propietarios  
33 a titularidade. Na loita pola devolución de todos os montes veciñais que sexan suceptibles  
34 de selos temos que abrir unha vía de comunicación baseada en tres puntos:

35  
36 Na presenza dos representantes provinciais das comunidades de montes nos  
37 Xurados Provinciais de Clasificación

38  
39 No Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, porque as sentenzas que está a dictar  
40 ultimamente, coinciden co noso concepto de monte veciñal e coas nosas reivindicacións.

41  
42 No Fiscal Xeral de Galicia por imperativo legal, ten a obriga de defender a integridade  
43 dos montes veciñais.

44  
45 Nestas institucións, temos que facer chegar as nosas teses para a defensa do monte  
46 veciñal.

#### 47 48 **1.1.8. O Asociacionismo nas comunidades de montes**

##### 49 **Os eixos do futuro do monte**

50 As comunidades de montes veciñais, e dicir, a unión da veciñanza comuneira reunida  
51 en asemblea xeral, teñen que ser as bases para a posta en valor dos montes veciñais,  
52 mais tamén temos que ser o motor que impulse o futuro do monte, é por iso que compre  
53 reflexionar como podemos levar adiante este tema conxuntamente. Entendemos que o  
54 futuro dos montes veciñais, debe guiarse por tres eixos:

1) - Manter unha orientación cara un monte multifuncional e sustentable axustado en primeiro lugar as demandas da veciñanza comuneira e en segundo lugar as demandas da sociedade no seu conxunto, nun marco de **planificación**.

2) - Consegur unha política de montes axeitada para a defensa da titularidade veciñal ou comunitaria. e para poder lograr eses obxectivos manter un marco de **reivindicación**.

3) - Manter o ánimo e as actitudes positivas da veciñanza comuneira, como o eixo fundamental para xunguir os dous obxectivos anteriores, nun marco **organizativo**.

Só coa **planificación, reivindicación e organización** nun marco no que as comunidades de montes veciñais traballemos unidas, en común, asociadas, teremos a forza suficiente como para levar adiante eses obxectivos.

### **Compoñentes do sector montes**

O que outros erroneamente, ou intencionadamente, chaman sector forestal nós denominámolo sector montes. Este sector está formado por diversos compoñentes como poden ser: comunidades de montes, propietarios particulares, empresas de madeira, empresas de silvicultura ou de outro tipo de aproveitamentos, técnicos relacionados co monte e administracións.

Como se pode apreciar, diversos compoñentes con intereses diferentes e mesmo contradictorios. Nós defendemos o dereito que teñen os distintos compoñentes a organizarse sectorialmente como o entendan mais oportuno. Iso lexítima a nosa defensa de que ten que haber organizacións de comunidades de montes e só para comunidades de montes.

Fica meridianamente claro, que as comunidades de montes temos intereses propios e diferentes ao resto dos compoñentes do sector monte e polo tanto, temos o dereito a asociarnos dende o principio da autoorganización.

Baseámolo en base as seguintes argumentacións:

1) - As comunidades de montes veciñais somos os titulares dos montes, e temos a obriga de manter a defensa do concepto xermánico da titularidade veciñal

2) - Os montes veciñais foron sempre, e deberán seguir sendo, espazos abertos baseados nas funcións sociais e medioambientais, amais das produtivas, non só beneficiando aos seus titulares, senón á sociedade no seu conxunto.

3) - A xestión, administración e o funcionamento da xestión do monte está baseada na participación, debate, hábitos democráticos, en definitiva, cumpre unha función de cohesión social.

4) - Unha parte dos ingresos dos montes veciñais son investidos en obras de carácter social e comunitario e xa que logo, estamos mellorando a calidade de vida de xeito colectivo.

5) - Estamos sometidos a unha inxusta fiscalidade ao sernos equiparados con sociedades mercantís con fins de lucro.

Ao mesmo tempo somos parte da sociedade civil organizada e polo tanto, ademais de xogar o papel fundamental na posta en valor dos montes veciñais en man común, temos que tamén xogar un papel importante no desenvolvemento dos recursos endóxenos do territorio.

É por iso que sentimos a obriga de traballar conxuntamente con outras comunidades de montes na defensa dos intereses comúns. Temos que asociarnos con outras comunidades de montes, tanto a nivel comarcal como a nivel galego.

1 Así pois, o concepto do monte veciñal que defende a ORGACCMM non é o mesmo  
2 que o que defenden outras asociacións como: AFOGA, SILVANUS. AFRIROGA ou MAN  
3 COMÚN.

4  
5 Consecuencia do exposto, e partindo dende os principios da autoorganización,  
6 independencia e intervención na vida social e política do país, derívase que a as  
7 capacidades organizativas das comunidades de montes, teñen que levarse a cabo en tres  
8 planos simultáneos.

9  
10 a) A organización da propia comunidade de montes, tendo como principal obxectivo a  
11 mellora da xestión da administración e da posta en valor dos nosos montes.

12  
13 b) A organización con comunidades de montes veciñas, formando mancomunidades,  
14 que teñen que ter como obxectivo principal a defensa da titularidade veciñal ou  
15 comunitaria da comarca e a posta en valor de iniciativas que xeren valor engadido.

16  
17 c) A organización con outras comunidades de montes no ámbito galego. Non  
18 podemos incidir na vida política e social do País, eliminar as eivas que padecen os  
19 montes veciñais ou lograr unha política de montes adecuada se traballamos ailladamente,  
20 se non nos unimos a nivel de Galicia.

21  
22 Con todo isto trátase de que os membros das comunidades de montes teñan  
23 ferramentas para acadar un nivel de formación e aptitudes adecuadas para a xestión dos  
24 montes.

### 25 26 **A base do labor común**

27 Amais do labor de traballar conxuntamente nas liñas xa comentadas, a xustificación  
28 do labor común e da creación da ORGCCMM tamén ten que conseguir os máximos  
29 beneficios ás entidades asociadas. Neste caso estamos a falar da reivindicación da  
30 defensa da esencia do monte veciñal ou da mediación diante das administracións, mais  
31 tamén na idea de compartir coñecementos, medios e posibilidades na liña da cooperación  
32 e da solidariedade mutua, cuns criterios de máximo respecto, autonomía e liberdade na  
33 toma de decisións de cada comunidade.

34  
35 Nesta liña haberá que mellorar organizativamente, ter unha maior persenza na  
36 sociedade e peso diante das administracións, así como aumentar o chamamento á  
37 organización das CCMM baixo a ORGCCMM e mesmo crear mecanismos para a  
38 disposición de servizos comúns de asesoramento á vista dos reiterados problemas que as  
39 comunidades manifestan nos foros comúns.

### 40 41 42 **1.1.9. Aproveitamentos do monte**

43 En termos xerais, e por ignorancia asóciase única e exclusivamente como  
44 aproveitamento dos montes, os madeirables. Esta concepción a teñen, aínda que non  
45 baseada no descoñecemento senón nos seus intereses, as administracións e a industria  
46 da madeira. Historicamente, o aproveitamento da madeira, non foi o único dos montes,  
47 nin sequera o principal, a conversión do monte veciñal en fornecedor exclusivo de  
48 madeira foi produto da política forestal franquista baixo a dirección do Patrimonio Forestal  
49 do Estado (PFE),

50  
51 Hoxe en día non podemos desprezar a produción da madeira, mais tampouco  
52 podemos consentir que hipoteque o seu desenvolvemento futuro a esa única produción.  
53 Se cadra, temos que seguir aquel dito de: aproveitemos o monte que temos, para lograr o  
54 monte que queremos.

1 Se entendemos como aproveitamento do monte veciñal, única e exclusivamente o  
2 madeireiro, mesmo aínda que non sexa como hoxe en réxime de monocultivo, poida que  
3 o monte veciñal non teñan futuro, xa que:

4  
5 1)- A produtividade do monte galego é moi superior a media dos países europeos,  
6 mais esta situación é compartida pola cornisa cantábrica, e o norte de Portugal, con  
7 productividades semellantes e os países tropicais e do sur, maiores productividades.

8  
9 2)- O monte galego produce máis da metade da madeira que se corta no Estado  
10 Español e Europa é deficitaria de madeira, mais a que se produce no monte galego é de  
11 baixa calidade e menos valor engadido, destinada na súa maior parte a fornecer as  
12 industrias de primeira transformación (táboas de encofrado, taboleiros e chapa).  
13 Resultado do deseño da política forestal dende a súa usurpación do franquismo, ate os  
14 nosos días, co paréntese do goberno bipartito da Xunta de Galicia (2005/2009), que  
15 tentou por as bases para unha produción do monte diversificado e multifuncional.

16  
17 3)- A produción de madeira xera emprego no medio rural e fixa poboación, mais é un  
18 emprego en precario e en condicións laborais terceiromundistas, executado por empresas  
19 alleas á localidade de corta ou tendente a mecanización e á eliminación de persoal.

20  
21 4)- A realidade de atopámola hoxe nos irrisorios prezos da madeira e a saturación do  
22 mercado por produtos máis baratos aínda, situación causada pola globalización do  
23 mercado dirixido polos grandes clusters que rapinan os bosques mundiais.

24  
25 A chave para o futuro do monte veciñal galego pasa por lograr que se entendan como  
26 aproveitamentos do monte todos os teñen como base territorial o monte. Dende a  
27 produción madeireira ate a produción da enerxía eólica e solar, pasando polas industrias  
28 extractivas, o aproveitamento agrogandeiro, da biomasa forestal, da apicultura, dos  
29 cogumelos, etc., deste xeito daríamos un paso adiante moi considerable para o logro do  
30 monte multifuncional e sustentable. Esta foi unha das reivindicacións que deu a  
31 ORGACCMM, no debate da discusión do anteproxecto da lei de montes de Galiza.

32  
33 Se como aproveitamentos do monte entendemos todos os teñen como base territorial  
34 o monte:

35 1)- Da súa posta en valor, os máis beneficiados serían as comunidades de montes e,  
36 mediante a fixación da poboación e a mellora colectiva da calidade de vida, os habitantes  
37 da zona de influencia do monte veciñal.

38  
39 2)- A capacidade de decisión para poder instalar no monte calquera tipo de  
40 aproveitamento, estará nos titulares das terras e ten que estar enmarcado por un plano de  
41 ordenación do territorio e por un plano de usos.

42  
43 3)- Remataríase coa vergonza que son para o monte veciñal os actos de prevalencia,  
44 xa que sempre se da como prevalente calquera de instalación ou industria antes que o  
45 monte veciñal co simple argumento de considerar ao monte non prevalente, sen máis  
46 fundamento. Neste sentido, compre resaltar o ditame da Fiscalía Xeral de Galicia, que  
47 anula a declaración de prevalencia da instalación dun parque eólico no Faro Fareiro  
48 (Rodeiro) precisamente por ser declarado polo Consello da Xunta de Galicia, sen dar  
49 explicacións nin argumentacións.

50  
51 4)- Estaría máis restrinxida a instalación de aproveitamentos agresivos para os  
52 montes veciñais, ou cando menos, exisírianselle medidas que paliaran o impacto.

53  
54 5)- A posta en valor de certos aproveitamentos, como poden ser os casos da  
55 apicultura, cogumelos ou froitos silvestres poderíanse levar adiante polas propias

1 comunidades de montes e non ter que buscar formulas alternativas de carácter  
2 empresarial para súa explotación. Estes aproveitamentos xerarían valor engadido para os  
3 habitantes da zona de influencia do monte, deixando de ser explotacións meramente  
4 extractivas, ou de tinte colonialista, onde o valor engadido vai para fora do país.

## 6 **1.2. Monte e veciñanza**

### 7 **1.2.1. Definición de veciñanza**

8 Dentro de todas as facetas históricas e todos os aproveitamentos que historicamente  
9 tivo o monte veciñal, sempre houbo unha constante, foi a relación **monte e veciñanza**  
10 que permaneceu sempre no tempo. E máis, esta relación foi a que fixo que o monte  
11 veciñal chegase aos nosos días, mesmo estando a piques de desaparecer. Durante o  
12 franquismo, déronse tres feitos que golpearon moi duramente a relación monte-  
13 veciñanza:

- 14
- 15 1.- A usurpación dos montes aos seus lexítimos titulares.
- 16 2.- A prestación dos montes veciñais case en réxime de monocultivo.
- 17 3.- A capitalización da agricultura, onde o monte veciñal deixou de ser o soporte do  
18 complexo agro-gandeiro tradicional.
- 19

20 Esta relación é recollida como clave para obter a condición de veciñanza comuneira  
21 nas lexislacións actuais sobre os montes veciñais, Lei de montes veciñais do ano 1989 e  
22 Regulamento do 1992. Mais, dun xeito bastante indeterminado a lexislación recolle a  
23 asociación de ter algunha actividade relacionada co monte veciñal, cando a relación  
24 tradicional xa estaba rachada e cando estaban a aparecer novas formas de relación co  
25 monte.

26

27 Esta definición da relación veciñanza-monte, trouxo problemas en momentos  
28 delicados, como no reparto de beneficios ou semellantes, nos que se abriu o debate do  
29 significado da relación entre veciñanza e dereitos de comuneiro en relación coas  
30 actividades relacionadas co monte. Máis aínda naquelas comunidades de montes nas  
31 que as xuntas rectoras confundían os seus intereses particulares cos xerais da  
32 comunidade veciñal, o que evidenciaba tanto aos que querían impedir a obtención da  
33 condición de veciño/a comuneiro como aos que a querían obter, que estaban máis  
34 interesados no reparto de dividendos que na defensa do monte veciñal.

35

36 Entendemos e defendemos que **a veciñanza** debe ser o único requisito esixido para  
37 gozar dos dereitos do monte veciñal, e polo tanto que teñen que ser as veciñas e veciños  
38 comuneiros os que teñen que xestionar, administrar e por en valor os seus montes  
39 veciñais en man común. Calquera outra alternativa sería conflictiva, como definir que se  
40 debe entender hoxe en día por ter algunha actividade relacionada co monte ou dar ou  
41 cuestionar a entrada como veciñanza comuneira a persoas alleas a comunidade veciñal.

### 42

### 43 **1.2.2. A formación da veciñanza comuneira**

44 Con esas premisas, é a veciñanza ten que acadar a formación necesaria e adquirir as  
45 actitudes e aptitudes precisas, en definitiva a capacidade, para por en valor os montes  
46 veciñais de xeito multifuncional e sustentable.

47

48 Esta formación, non pode ser unicamente empresarial, técnica ou meramente  
49 profesional, dado que as comunidades de montes non son entidades adicadas só a venda  
50 de madeira, nin imos substituír aos profesionais forestais, biólogos, inxenieros,  
51 administrativos, avogados, etc.

52

53 Ten que ser unha formación e capacitación social nos que a súa base sexa:

54

1 1)- Sentir o orgullo de ter a condición de veciña/o comuneira/o, para sermos capaces  
2 de defender e corresponsabilizarnos esta titularidade especial.

3 2)- Promocionar o funcionamento democrático e participativo nas comunidades de  
4 montes. É fundamental para lograr a cohesión da veciñanza comuneira.

5 Concienciando á veciñanza como os lexítimos titulares dos montes veciñais.

6 Propiciando a participación e o debate as asembleas xerais

7 Cumprindo escrupulosamente a lexislación dos montes e os Estatutos das  
8 comunidades.

9 Garantindo sen impedimentos os mecanismos legais dos procesos electorais, das  
10 impugnacións, das peticións do estado de contas ou de actas, da solicitude de asembleas  
11 extraordinarias por parte das veciñanza comuneira, etc.

12  
13 A resolución de conflitos ou se aborda colectiva e democraticamente ou non se  
14 resolve. Se permitimos que estas cuestións acaben nos xulgados, estamos dando  
15 argumentos aos inimigos do monte veciñal para manifestar que a veciñanza non está  
16 capacitada para xestionar os montes veciñais.

17  
18 3)- Atopar o vencello que una a veciñanza co monte veciñal. Ten que ser un labor de  
19 cada comunidade de montes nos seus debates asemblearios e non se pode ditar por lei  
20 ou ser importado doutros lugares xa que non ten o mesmo significado para as distintas  
21 comunidades de montes. Na procura deste vencello é onde se reflicte máis claramente  
22 que a formación e a capacitación das veciñanza comuneira, ten que ser social.

23  
24 Seguramente para un técnico, ou profesional, o reparto de leña entre a veciñanza, ou  
25 simple da mantemento da paisaxe para o goce, sexan feitos irrelevantes ou unha perda  
26 económica, xa que a madeira pode ser comercializable e a paisaxe é subxectiva, mais,  
27 para unha comunidade de montes pode significar que sexa o vencello que se precisa, e  
28 polo tanto e unha actividade rendíble socialmente.

29  
30 4)- Proxectar a figura do monte veciñal na xente mais nova, xa que isto vai ser a  
31 garantía da supervivencia do monte veciñal no tempo. Pensemos que a ruptura da  
32 relación monte-veciñanza foi tan profunda que a día de hoxe, só a xente maior coñece,  
33 por exemplo, os nomes dos lugares dos montes veciñais.

34 5)- Prantexar nos nosos montes veciñais alternativas innovadoras, pero que ao  
35 mesmo tempo sexan realistas e viables, e que a súa posta en valor signifique:  
36 desenvolvemento integral de todos os usos do monte, mellora da calidade de vida da  
37 veciñanza e dos habitantes da zona de influencia do monte. Xeración de emprego de  
38 calidade e fixación da poboación no medio.

39 6)- Lograr a comercialización dos produtos do monte polas propias comunidades de  
40 montes, para que do valor engadido que xeren, os grandes beneficiados sexan os veciñas  
41 e veciños comuneiros.

42 7)- Lograr eliminar as eivas e os condicionantes que padecen os montes veciñais, e  
43 lograr unha política de montes que defenda a titularidade veciñal ou comunitaria e que  
44 permita o desenvolvemento de todas as súas potencialidades.

### 45 46 **1.2.3. A diferenciación dos termos monte e forestal**

47 Cando defendemos que os termos forestal e monte non son o mesmo, non son  
48 sinónimos, non o facemos porque padezamos unha fobia forestalista ou por cuestións  
49 semánticas. Defendémolo porque o forestal e só un aproveitamento máis dos montes  
50 veciñais, e un aspecto parcial do monte.

51  
52 Dado o proceso usurpación e extensión do monocultivo, que padeceron os montes  
53 veciñais, a produción forestal hai que tela en consideración, mais o monte veciñal é moito  
54 mais que forestal. Mais, non podemos estar de acordo coa definición que se fai dos  
55 montes veciñais a actual Lei de Ordenación do territorio e de protección do medio rural:

1 solo rústico de protección forestal, xa que deberían cualificarse como superficies rústicas  
2 de titularidade veciñal, onde se dan múltiples aproveitamentos e que todos eles deben ser  
3 considerados como aproveitamentos do monte.

4  
5 Confundir os termos monte e forestal, o único que fai e hipotecar o desenvolvemento  
6 futuro do monte veciñal.

7  
8 Un exemplo claro desta confusión, témola na reforma que no ano 2006 se levou  
9 adiante na Lei de montes estatal. A reforma levada adiante, marcou a prohibición, durante  
10 30 anos do cambio de uso do monte, no que tivese lugar un lume forestal. Este reforma,  
11 vista dende Madrid, e en relación coa especulación urbanística semella acertada, mais,  
12 aplicar esta reforma da lei de montes do Estado ao monte veciñal galego, permitirá que  
13 no monte galego só poderá haber superficie arborada.

14  
15 Ao final, esta reforma da lei de montes do Estado, foi menos lesiva do que ía ser  
16 ordinariamente, xa que unha alegación da deputada do BNG, a señora Olaia Fernández,  
17 que recolleu unha aportación da ORGACMM, deixou esta prohibición de cambio de uso,  
18 para aqueles montes queimados, no que houbera especies forestais frondosas.

19  
20 Equiparar os termos monte e forestal, significa infinidade de papeleo burocrático  
21 cando acorden algún cambio de uso no monte veciñal, mesmo naqueles aproveitamentos  
22 que mais afinidade teñen co monte, como pode ser o gandeiro ou o do a biomasa forestal.  
23 Para lograr este cambio, hai que solicitar o cambio de uso a consellería do Medio Rural, e  
24 logo os correspondentes permisos e autorizacións a diversas consellerías e á  
25 administración local

26  
27 Mais o mais grave de conceptual ao monte veciñal como forestal, atopámolo nas liñas  
28 de axuda a que poidan acollerse as comunidades de montes. Estas liñas propiciadas pola  
29 Consellería do Medio Rural, baixo a dirección do BNG (que, aínda que definían ao monte  
30 como forestal, tiña unha aplicación máis aberta) foron a valorización integral e o apoio á  
31 multifuncionalidade do monte e a de proxectos dinamizadores de medio rural. Esta nova  
32 Dirección Xeral de Montes, cunha concepción do monte forestalista cabe a dúbida de  
33 poder optar a outras liñas de axuda. Baste lembrar que o daquela deputado do PP e hoxe  
34 alto cargo da Xunta de Galicia, o ser Cesar Ares, criticou reiteradamente a Consellería do  
35 Medio Rural, por permitir que, a través das axudas antes citadas, as comunidades de  
36 montes veciñais puideran por en valor os restos patrimoniais existentes nos montes  
37 veciñais.

38  
39 A reivindicación por diferenciar os termos monte e forestal, como argumento para  
40 lograr un monte multifuncional e sustentable, démola tamén no debate do anteproxecto da  
41 lei de montes de Galicia presentado pola consellería do medio rural do goberno bipartito,  
42 a pesar de que a consellería do medio rural non aceptou esta diferenciación.

#### 43 44 **1.2.4. O recoñecemento social da titularidade**

45 Os montes veciñais, son unha **titularidade veciñal ou comunitaria**, mais esta  
46 definición, que semella clara para nós, non o é para certa parte da sociedade galega, e  
47 moito menos para as distintas administracións públicas, das locais ata a europeas, das  
48 galegas ás estatais.

49  
50 O abandono dos usos tradicionais do monte veciñal o desvío do investimento de todos  
51 os ingresos provintes dos montes veciñais para obras de carácter social, esquecendo a  
52 mellora do propio monte veciñal fixo que o concepto de titularidade veciñal ou comunitaria  
53 fose esmorecendo. Estas circunstancias, provocaron que as comunidades de montes,  
54 non actuasen sobre as creación ou regulación das novas actividades que viñan  
55 aparecendo nos montes veciñais: conservación do patrimonio, aproveitamento cinexético,

1 xestión dos espazos, actividades de lecer e deportivas, actividades enerxéticas, etc. e que  
2 o usuario destas actividades fose a sociedade urbana, co cal, foise creando unha  
3 confusión entre o monte veciñal e a titularidade pública.

4  
5 Os montes veciñais sempre foron espazos públicos, e nos defendemos que o sigan  
6 sendo, mais estas novas actividades, deben ser consideradas como aproveitamentos do  
7 monte veciñal e polo tanto, os usurarios dos mesmos, que non teñen a condición de  
8 veciño/a comuneiro, teñen que ter a autorización dos titulares das terras para facer uso  
9 deles, isto non significa a prohibición destes usos a aqueles que non ostentan a condición  
10 de veciña/o comuneira/o, mais, pretende dar a entender á sociedade no seu conxunto que  
11 a titularidade veciñal, ten que ser recoñecida e respectada como o son as outras  
12 titularidades e que non e certo o que afirma o refrán que o que é do común non e de  
13 ningún.

14  
15 Se por unha banda, a sociedade, en termos xerais, confunde a titularidade veciñal ou  
16 comunitaria coa titularidade pública, as distintas administracións sitúanse na banda  
17 contraria e catalogan as titularidades veciñais como se fosen titularidade privadas.

18  
19 Tanto a lei de montes veciñais galega, como a lei estatal de montes, os montes  
20 veciñais en man común, son situados no campo das titularidades de carácter privado.  
21 Esta equiparación é unha inxustiza para a titularidade veciñal.

22  
23 Como exemplo, no apartado da lei de montes estatal, adicado as bonificacións fiscais,  
24 contempla como tales, a concentración das terras e a transmisión por herdanza mais  
25 como no monte veciñal, as terras xa están concentradas e como o monte veciñal, non se  
26 pode transmitir individualmente, este, non pode acollerse a ningunha bonificación fiscal.  
27 Non estamos a prantexar que para permitir acollerse a esas bonificacións eliminemos o  
28 concepto xermánico da titularidade veciñal, senón que hai que recoñecer a titularidade  
29 veciñal ou comunitaria como unha máis á par das outras, tendo en conta as súas  
30 características e as súas funcións.

31  
32 A mesma problemática que temos nos nosos montes deuse nos baldíos de Portugal,  
33 mais nese caso quen evitou a privatización do monte foi pola da Constitución Portuguesa  
34 que recoñece a titularidade singular.

35  
36 No debate do borrador da anteproxecto de lei de montes de Galicia, a ORGACMM  
37 reivindicou que nel se recolleran os tres tipos de titularidade, conseguimos certos avances  
38 moi importantes, como o que se definen os montes veciñais como titularidades de  
39 carácter xermánico no articulado do anteproxecto, mais non logramos que figurasen os  
40 tres tipos de titularidade.

41 Tema a ter en conta cando se reinicie o debate sobo ra reforma do Estatuto de  
42 Galicia, nesa reforma, ten que recollese que no noso país hai tres tipos de titularidade: a  
43 pública, a privada e a veciñal ou comunitaria.

### 44 **1.3. O monte veciñal como marco de ordenación físico e administrativo**

#### 45 **1.3.1. Catastros e deslindes**

46 A situación actual dos catastros da lugar a grandes problemas para os montes  
47 veciñais porque neste servizo administrativo non entenden nin a titularidade comunitaria,  
48 nin a unidade que significa o monte veciñal.

#### 49 **División en parcelas**

50  
51 Como consecuencia, atopamos que os montes veciñais están divididos en  
52 innumerable número de parcelas, con elementos tan arbitrarios como pistas forestais,  
53 plantacións, camiños, valados, etc. Este fraccionamento da unidade da lugar a grandes  
54 problemas á hora de solicitar calquera tipo de axuda.  
55

1  
2 Aínda que legalmente, os catastros non definen a titularidade, pódese comprobar  
3 cando os montes veciñais son obxecto dalgún tipo de expropiación, xa que, baseados en  
4 datos catastrais, se teñen algunha dúbida ao respecto da propiedade dalgunha parcela,  
5 decláranla como de titularidade municipal, e os concellos diante desta actuación entenden  
6 o que ven, sobre todo que esta identificación define propiedade. O ente administrativo que  
7 leva adiante as expropiacións soe ser a Consellería de Ordenación do Territorio, e a  
8 superficie de monte veciñal declarada na sentenza do Xurado Provincial de clasificación  
9 de montes veciñais, non é coincidente coa que esta reflectida nos catastros.

10  
11 Esta situación, implica para as comunidades de montes un gasto de tempo, recursos  
12 económicos e esforzo, para demostrar que a titularidade que lle conceden gratuitamente  
13 ao concello, e veciñal, dándose o paradoxo de que neste país, quen ten que demostrar  
14 ser o titular da terra é a comunidade de montes e non o impostor.

### 15 16 **Uso da terra**

17 O que si definen os catastros, son os usos da terra, considerando ao monte veciñal  
18 como só de uso forestal. Esta concepción errónea, tamén trae problemas e  
19 complicacións, como por exemplo as derivadas da xestión para levar adiante outro tipo de  
20 aproveitamento, nese caso a comunidade de montes ten que solicitar da Administración  
21 correspondente o cambio de uso, que leva unha tramitación complicada e custosa. O  
22 mesmo se se pretende autorizar o aproveitamento gandeiro a comuneiros ou cedelos a  
23 terceiros.

24  
25 Os catastros, teñen que reflectir aos montes veciñais como o que son, é dicir **como**  
26 **unha unidade** e deben definir como aproveitamentos do monte todos os que sexan  
27 susceptibles de darse no mesmo.

28  
29 O problema dos aproveitamentos gandeiros en relación cos catastros, quedara resolto  
30 no anteproxecto da lei de montes de Galicia. A consellería do Medio Rural, aceptara unha  
31 proposta da ORGACCMM mediante a cal, toda aquela zona de monte veciñal, que no  
32 plano de ordenación, estivese adicada ao aproveitamento do gando, automaticamente,  
33 pasaba a considerarse como pasto arbustivo. A parálise da lei pode facer que quede en  
34 nada.

### 35 36 **Deslindes e acordos como solución**

37 Cando se devolveron masivamente os montes veciñais aos seus lexítimos titulares, a  
38 case totalidade foron devoltos sen deslindar, ou os seus deslindes mal feitos, o que  
39 orixinou múltiples conflitos. Non resulta adecuado alegar, que eses erros nos deslindes,  
40 puidéronse subsanar naqueles intres dado que houbo o prazo dun mes no que a  
41 resolución dos Xurados provinciais estivo exposta nos taboleiros de anuncios dos  
42 concellos. A sociedade galega rural viña dunha longa noite de pedra, e ninguén tiña  
43 coñecemento dese proceso, polo tanto non era efectivo. Esta problemática, achacable á  
44 Administración e non as comunidades de montes, acarrexou para estas últimas graves  
45 problemas, e polo tanto, é a Administración quen debe compensar ás comunidades de  
46 montes polo acontecido baixo o concepto de débeda histórica.

47  
48 Mais de 40 anos despois da devolución dos montes veciñais aos seus lexítimos  
49 titulares, o conflitos dos deslindes continúa, tendo ademais difícil solución xa que a  
50 resolución do Xurado Provincial ten categoría de sentenza, e esta só pode ser revocada  
51 por outra sentenza dictada polo órgano xurídico competente nun preito por dereito de  
52 propiedade. E dicir, que a solución está no sistema xudicial.

53  
54 Calquera comunidade de montes veciñais que teña esta problemática de deslindes,  
55 ten todo o dereito do mundo en reclamar esa propiedade que entende como súa, por

1 todas as vías xudiciais posíbeis, mais dende a OGMMCMM, consideramos que esta é  
2 unha problemática complicada e de solución incerta, e, se cadra, é preciso iniciar outras  
3 vías de reflexión para solucionar esta problemática, que contemplan de certo grao de  
4 entendemento, xenerosidade e dun elevado compromiso, como:

- 5
- 6 - Actos de avinza ou acordos amigables entre as comunidades en litixio.
- 7 - Xestión e aproveitamento en común da parcela en discusión.
- 8 - Defensa en común diante das agresión externas que poida sufrir a parcela en litixio  
9 (expropiacións, servidumes, ocupacións.....)
- 10 - Compromiso da comunidade de montes posuidora da parcela de monte en litixio, de  
11 que esta, non vai ser obxecto de actos de disposición a favor de terceiros.
- 12

### 13 **1.3.2. As Administracións na consideración da titularidade comunitaria**

14 Salvo honrosas excepcións, a nivel xeral, as posturas das distintas administracións  
15 públicas, dende a local até a estatal, é que a existencia dos montes veciñais é un  
16 problema en si mesmo, e que as comunidades de montes, non teñen razón de ser,  
17 converténdose de este xeito en aliados dos intereses urbanísticos e especulativos que,  
18 dende hai tempo, tentan de situar esta titularidade singular en mercantilizable.

19

20 A nivel das administracións locais, habería que engadir, que o concepto que teñen dos  
21 montes veciñais, como reserva de chan barato, onde se poden instalar calquera tipo de  
22 dotación ou de servizos. E a nivel galego, hai que engadir a mentalidade usurpadora dos  
23 montes veciñais en man común, herdanza do pasado franquista.

#### 24 **Administración autonómica**

25

26

27

28 Esta mentalidade usurpadora dáse nos distintos distritos forestais e nos convenios, xa  
29 que os xefes dos distintos distritos forestais, aínda non entenderon que nun monte  
30 conveniado, a capacidade de facer co monte veciñal, a planificación e xestión  
31 correspóndelle única e exclusivamente á veciñanza comuneira, reunidos en asemblea  
32 xeral e que o convenio non é mais que un acordo entre partes, mediante a cal, a  
33 administración forestal esta obrigada a facer traballos anuais no monte que en último  
34 termo págaos a comunidade veciñal, mediante unha porcentaxe de cada tala de madeira.

35

36 Así, os xefes dos distintos distritos forestais, actúan como se fosen os presidentes das  
37 comunidades de montes conveniados e os axentes forestais de zona como se fosen os  
38 vocais das xuntas rectoras das comunidades de montes.

39 Entendemos que esta situación, ten que mudar.

40 En termos xerais, a figura dos convenios, segue a ser válida, mais hai que darlle unha  
41 volta profunda.

42

43 Verdadeiramente é certo que, por diversas circunstancias, hai montes veciñais que  
44 por carecer de recursos ou de poboación, non poden dotarse da capacidade para por os  
45 seus montes en valor. Neste tipo de montes veciñais en man común, os distritos forestais  
46 (dende o xefe do mesmo até os axentes forestais) terían que dar ese apoio técnico e  
47 humano para por en valor eses montes veciñais. Mesmo persoal dos distintos distritos  
48 forestais, poderían asistir con voz, pero sen voto, as xuntas rectoras de esas  
49 comunidades de montes.

50

51 Do mesmo xeito, que membros de esas xuntas rectoras, terían que formar parte das  
52 mesas onde se deciden as poxas de madeira, a contratación de empresas para facer os  
53 traballos do plan anual. Este funcionamento dos distritos forestais si que consolidaría a  
54 titularidade veciñal e evitaría a posibilidade de que chegado o momento se constituíse un  
55 ente a nivel galego conformado por empresas relacionadas co monte e asociacións afíns

1 con espúreos intereses, para xestionar todos os montes conveniados, a cambio dun pago  
2 dunha parte porcentual de todos os ingresos que tivese ese monte, non so os derivados  
3 da corta da madeira.

4  
5 Hai anos moitos medios de comunicación, así como certos autodenominados  
6 criadores de opinión, venderon a mentira de que o debate sobre o Estatuto non  
7 interesaba á opinión pública galega, mais para o monte veciñal e para o monte veciñal  
8 este debate é crucial. Xa que consideramos que a Administración tería que recoñecer en  
9 canta lexislación de montes se ditase, os tres tipos de titularidade (a pública, a privada e a  
10 comunitaria) e que todas están a par, e considerar como aproveitamentos do monte  
11 veciñal, todos os suceptibéis de darse no monte e non só os de carácter forestal. É por  
12 iso que interesa potenciar todo o marco lexislativo galego posible, como é a reforma do  
13 Estatuto de Autonomía, é máis, reclamamos a reforma do Estatuto e manifestamos a  
14 nosa decisión de participar no debate do mesmo defendendo o monte veciñal e a  
15 propiedade comunitaria.

### 16 **Administración Estatal**

17 Dada a peculiaridade dos montes veciñais, consideramos que se tería que traspasar  
18 todas as competencia relacionadas cos montes veciñais á Comunidade Autónoma Galega  
19 dende o réxime xurídico ate os aproveitamentos, pasando polo réxime fiscal.

### 20 **Administracións locais**

21 A pesar de ser a administración máis achegada aos montes veciñais, mantén as  
22 mesmas concepcións erróneas das outras administracións, engadíndolle, por norma  
23 xeral, a consideración do monte veciñal como:

24 -Reserva de chan barato onde se poden instalar calquera infraestrutura.

25 -Reserva de grandes superficies de terra para servir a intereses especulativos,  
26 urbanísticos e económicos para dotacións de: grandes urbanizacións, campos de golf,  
27 coutos de caza maior, complexos elitistas de ocio, etc.

28 -Utilización dos montes veciñais para enfrontar á veciñanza solicitando que as  
29 comunidades de montes fagan obras como poden ser: casas de cultura, abastecementos  
30 de auga, saneamentos, alumado público....., que son obras de competencia municipal.

31 Non cabe dúbida de que, as administracións locais, podían actuar no proceso de  
32 consolidación da titularidade veciñal ou comunitaria; entre outras cousas porque a  
33 veciñanza comuneira forman parte da cidadanía local, aos que os concellos representan  
34 democraticamente. Os montes veciñais ademais das funcións productivas, cumpren  
35 funcións sociais e medioambientais das que se beneficia toda a sociedade no seu  
36 conxunto, son estas as función onde se debe producir a colaboración entre os concellos e  
37 as comunidades de montes. Sacrificar estas funcións que benefician a todos en beneficio  
38 dun desenvolvemento rápido e desequilibrado é pan para hoxe e fame para mañá.

### 39 **1.3.2. Ordenación do territorio e monte veciñal.**

40 O monte veciñal ocupa unha cuarta parte do territorio galego e na súa base territorial  
41 prodúcese madeira, gando, materias primas, enerxía, etc., ademais está ocupada por  
42 infraestruturas e servizos (polígonos industriais, autoestradas, liñas de alta tensión.....),  
43 a súa posta en valor, debe ser considerada de carácter estratéxico para o País, e esta  
44 posta en valor, debe darse no marco dunha ordenación do territorio a diversos niveis.

45 Dentro destes marcos de ordenación do territorio galego, a veciñanza comuneira teña  
46 capacidade absoluta de participación no seu deseño e elaboración e decidir o xeito de por  
47 en valor os seus montes veciñais. Dende opinión para a articulación da ordenación no

1 marco legal máis amplo, como o a reforma do Estatuto ou a lexislación específica  
2 autonómica e estatal onde se defina a ordenación do territorio que indique onde poden e  
3 onde non poden ir as infraestruturas ou os diversos aproveitamentos e servizos do monte  
4 veciñal.

### 6 **Plano de ordenación do territorio galego**

7 Debe constar dun programa de ordenación de usos das terras, articulado a través de  
8 planos de ordenación comarcais, que teñen que contar para súa elaboración coa  
9 representación das comunidades de montes. Estes planos comarcais de usos das terras,  
10 deben elaborarse atendendo as aptitudes productivas dos solos (tendo en conta os  
11 múltiples aproveitamentos dos montes veciñais), a protección e defensa do medio  
12 ambiente, as condicións socioeconómicas, xeográficas e humanas de cada comarca, e a  
13 vocación histórica do monte. Teñen que buscar o consenso social ou o equilibrio entre os  
14 intereses dos distintos sectores da poboación da comarca.

15  
16 O exemplo paradigmático desta falla de ordenación do territorio e dos usos da terra foi  
17 a nefasta política de forestación de terras agrarias levada adiante por todos os gobernos  
18 da Xunta de Galicia, coa excepción do período 2005-2009 do bipartito no cal, pasouse de  
19 unha política de forestación de terras agrarias, a unha política de forestación do monte.

### 21 **Ordenación municipal**

22 A nivel de concellos, os planos de ordenación municipal deben contar como base a  
23 parroquia. Se ben é certo que actualmente a parroquia non é aquel universo productivo  
24 da primeira metade do pasado século, mantén un crecente interese de instalación  
25 poboacional e de promoción de urbanización do medio rural, dispón dunha economía  
26 aberta con presenza do sector industrial e empresarial de diverso tipo, con incremento de  
27 servizos e con importancia no desenvolvemento do turismo, é por iso que as parroquias,  
28 teñen que cumprir un papel crecente, nos procesos de planificación do territorio e deben  
29 ser base dos planos de ordenación municipal. Así mesmo deben terse en consideración á  
30 hora da planificación das redes de comunicación, dose mapas enerxéticos, da dotación  
31 de parques industriais ou da perservación ambiental.

32  
33 Na ordenación do territorio municipal debe contarse cos planos de ordenación de  
34 cada monte veciñal do territorio, que definen usos do territorio, máis cando en moitos  
35 casos, a superficie de monte veciñal e máis da metade toda a superficie do concello.

### 37 **Ordenación do monte**

38 Non se consegue un monte produtivo multifuncional e sustentable por xeración  
39 espontánea, para marcar eses obxectivos hai que ordenalo xa que o monte veciñal ten  
40 unha ampla variedade de usos, mesmo nel sitúanse áreas de interese ambiental  
41 catalogadas en diferentes figuras de protección e conservación. Todos estes usos deben  
42 coexistir co propio valor ambiental do monte, é por iso que deben estar recollidos nos  
43 Plans de Ordenación do Monte, específicos para cada un. Mesmo habería que tratar de  
44 desenvolver usos a maior escala tratando de chegar a unha ordenación cooperativa dos  
45 montes a nivel comarcal, respectando sempre os criterios de autonomía.

46  
47 Tanto nos planos de ordenación do monte como nos planos ordenación do territorio a  
48 nivel galego, como os municipais, a veciñanza comuneira, deben participar na súa  
49 redacción dende os primeiros momentos. Participar non significa ter dereito, no período  
50 de exposición pública, a presentar alegacións, na maioría dos casos non son respondidas  
51 pola administración, senón que significa estar informado de todo o proceso, poder aportar,  
52 debater e votar todos os contidos dos plans de ordenación. Forma parte dos obxectivos  
53 de participación democrática inculcada dende as comunidades de montes.

### 54 **1.4. Ameazas a titularidade veciñal.**

#### 1 **1.4.1. Usos, intereses, abusos e abandono**

2 A mediados do século pasado, prodúcese a transformación do monte veciñal galego e  
3 a despoboación do medio rural. O monte veciñal, pasa de ser o soporte do complexo  
4 agro-gandeiro, onde o aproveitamento forestal tiña un carácter residual e complementario,  
5 a un monte veciñal, metade en abandono e a outra metade en réxime de monocultivo  
6 forestal, con especies de crecemento rápido, para fornecer de materia prima as industria  
7 tipo Celulosas. E dicir, pasase dun monte multifuncional e máis ou menos sustentable,  
8 aínda que se poida considerar dun xeito simple, a un monte veciñal só forestalista e  
9 obxectivamente insustentable.

#### 11 **1.4.2. A perda do común e a despoboación do medio rural**

12 A transformación do monte galego provocou a expulsión da veciñanza dos seus  
13 montes, xa que lles impediu desenvolver o seu medio de vida, e sobre todo a explotación  
14 gandeira. Simultaneamente prodúcese o paso dunha actividade agraria de atuconsumo,  
15 onde o monte veciñal era fornecedor de pasto e adubios, a unha actividade agraria de  
16 mercado, onde a sociedade rural galega ten que acudir a el para fornecerse de comida  
17 para o gando e adobíos para a terra. Paralelamente a esta situación no agro, iníciase a  
18 política industrializadora do Estado Español, os Polos de Desenvolvemento, que leva a que as  
19 empresas se instalen en polígonos industriais perto das cidades. A instalación das  
20 empresas madeireiras nestes polígonos industriais urbanos e non no medio rural, que era  
21 de onde proviñan as materias primas da mesma, é un feito ben ilustrativo.

22  
23 Esta transformación do monte veciñal, na actividade agraria e na vida da poboación,  
24 levou a un abandono do rural e todos aqueles servizos que o progreso da sociedade viña  
25 solicitando e impulsando: escolas secundarias, centros de saúde boas comunicacións,  
26 foron construídos na área de influencia das cidades mais non no rural, incrementando a  
27 súa desasistencia. Todo este conxunto de circunstancias acrecentou que nos anos 60 do  
28 século pasado, un éxodo masivo da xente moza do medio rural cara as cidades, sobre  
29 todo da franxa costeira das Rías Baixas, sobre todo na provincia de Pontevedra, e da  
30 área metropolitana da cidade da Coruña, abandonando o interior e causando un  
31 desequilibrio poboacional do país, tendencia que aínda continúa na actualidade, tamén  
32 cara á emigración.

33  
34 As consecuencias foron a desaparición do 90% das explotacións agrarias familiares, a  
35 caída nas cotas de afiliacións a seguridade social, a substitución de terras agrarias por  
36 terras forestadas, o acrecentando o estado de abandono, e xa que logo, que se perdesen  
37 os usos tradicionais do monte e da sociedade rural galega, e se perdeuse esa impronta  
38 comunitaria que tiña a vida do rural.

39  
40 O fin do sistema agrogandeiro tradicional abriu a liña do crecemento baseado só en  
41 criterios económicos, como a extensión do monocultivo forestal de piñeiros e de  
42 eucaliptos, e levou a despoboación das zonas rurais internas do país iniciando a aparición  
43 de novos problemas e paralelamente da problemática dos lumes forestais.

44  
45 O abandono dos usos tradicionais do monte, fixo que se confundiran os conceptos de  
46 titularidade pública e titularidade veciñal comunitaria, o que conlevou a un grande  
47 descoñecemento do que significaban os montes veciñais. Fixo que mesmo se dese unha  
48 perda da consciencia desta titularidade veciñal polos seus titulares e que tamén se  
49 perdera unha certa perspectiva de como ten que levarse adiante a súa xestión, que ten  
50 que pasar por asegurar os ingresos económicos e unha sustentabilidade medioambiental.

#### 51 **1.5.- Cultivos enerxéticos e enerxías renovábeis.**

52 O aproveitamento dos cultivos enerxéticos e a explotación das enerxías renovábeis,  
53 forman parte da diversificación dos aproveitamentos dos montes veciñais, mais, se se  
54

1 levan a cabo sen unha planificación e sen un control social, poden significar unha ameaza  
2 máis para consolidación da titularidade veciñal.

3  
4 O Borrador da Orde (aínda sigue a ser un borrador) pola que se regulamentaba os  
5 cultivos enerxéticos en Galicia e se creaba o Rexistro Galego de Cultivos enerxéticos  
6 forestais, estaba encadrada no Plan de Acción da Biomasa das comunidades europeas e  
7 no Plan de Enerxías Renovábeis do Estado Español, que prevé que para o ano 2012,  
8 este tipo de enerxías aporten o 12% do consumo.

9  
10 A pretensión da orde era aproveitar a biomasa forestal, que podería proceder de  
11 cultivos ou de colleita, para a produción de electricidade. E dicir, dende a orde, estíbese  
12 a potenciar a plantación de especies arbóreas, en ciclos de 3 a 5 anos, co fin de producir  
13 enerxía eléctrica. Unha nova promoción do monocultivo forestal de tipo extractivo.

14  
15 En termos xerais, a Organización Galega de comunidades de montes veciñais  
16 (ORGACMM), rexeitou o contido desta Orde, polos seguintes motivos :

17 1)-Non se pode argumentar que esta produción enerxética vai a ser para substituír a  
18 enerxía producida por fontes non renovables, se non vai acompañada dun calendario que  
19 fixe esta substitución. Se non é así, o único que se esta a facer, e aumentar o número de  
20 explotacións enerxéticas nun país que é produtor excedente de enerxía.

21  
22 2)-A orde non viña acompañada por unha ordenación do territorio, que indicase en  
23 que zonas se podían levar adiante estes cultivos enerxéticos e a promoción dos cultivos  
24 enerxéticos, viña a incidir nun dos problemas dos montes, un novo monocultivo, e non  
25 prevía ningún Plan de xestión para a retirada da biomasa forestal residual produto dos  
26 traballos de silvicultura.

27  
28 3)- As empresas explotadoras deste aproveitamento, xa escomenzaron a lanzar a  
29 súas redes as comunidades de montes, presentándolle contratos de explotación  
30 aberrantes. Esixindo parcelas de monte con pendentes de 10/15%, con terra agraria e  
31 fácil de traballar, reclamando a xestión do monte veciñal substituíndo ás xuntas rectoras e  
32 ofrecían un prezo de 30/euros/Ha/ano.

33  
34 4)-Non se contemplaba a declaración de impacto medioambiental para todos os  
35 casos, cando estamos a falar de facer plantacións con especies alóctonas, moitas delas  
36 potencialmente invasoras e polo tanto, descoñecendo a repercusión que puideran ter  
37 sobre o medio.

38  
39 5)-Definía como cultivo enerxético a plantación do carballo cerquiño, especie que ao  
40 noso entender, ten un grande valor ecolóxico para o monte.

41  
42 Os aproveitamentos dos cultivos enerxéticos nos montes veciñais, poden ser un  
43 aproveitamento máis do monte, mais, téñense que levar adiante, dentro dun plano de  
44 ordenación do territorio, dun plano de usos das terras, se se quere que a súa explotación,  
45 non sexa unha ameaza para a titularidade veciñal. Ademais, a seu aproveitamento, non  
46 pode contradicir os planos de ordenación de cada monte veciñal, e a superficie de  
47 explotación non pode superar a superficie que cada monte ten adicada para a función  
48 social e a función medioambiental.

#### 49 **1.5.1. A enerxía eólica**

50  
51 Resulta dun aproveitamento da renovable forza do vento, é por tanto unha enerxía  
52 limpa e en principio, pode considerarse como unha fonte de enerxía positiva. O  
53 aproveitamento da enerxía eólica nos montes veciñais pode significar unha diversificación  
54 dos usos do monte veciñal ademais de recursos económicos constantes para as

1 comunidades de montes e polo tanto, poden ser olladas con interese polas asembleas  
2 xerais de comuneiros.

3  
4 Mais, a experiencia destes últimos anos levounos á desilusión xa que a instauración  
5 deste tipo de obtención enerxética cos gobernos do PP na Xunta de Galicia nin favoreceu  
6 ás comunidades de montes nin ao medio rural:

7  
8 -Foi declarada como de utilidade pública e xa que logo, fóronlle expropiadas as terras  
9 daquelas titularidades que non querían este aproveitamento.

10 -Foi implantada sen un estudo que analizase as outras fontes de enerxía que se  
11 producían en Galicia co fin de reducir o consumo enerxético das enerxías que tiñan  
12 efectos contaminantes.

13 -Foi deseñada sen unha ordenación do territorio nin de unha ordenación de usos das  
14 terras, que fixase o número de aeroxeneradores a instalar, considerando que todos os  
15 cumios dos montes galegos eran susceptibles de seren adecuados para a instalación de  
16 parques eólicos, mesmo en lugares de valor ecolóxico, Parques Naturais ou terras  
17 incluídas na Rede Natura.

18 -Foi imposta sen un estudo que analizase os efectos negativos desde o punto de vista  
19 medioambiental e social. Tampouco foi analizado o efecto que podía producir na flora e  
20 na fauna, nin o impacto na paisaxe.

21 -Foi confeccionada para beneficiar as grandes empresas eléctricas que se repartiron o  
22 mapa da cubicación dos parques eólicos, xa que para súa concesión, non houbo  
23 concurso público, foron concesións de carácter político.

24 -Foi planificada sen contar coa opinión das comunidades de montes, que son os  
25 titulares das terras onde se colocaron os aeroxeneradores.

26  
27 Así, as comunidades de montes foron as menos beneficiadas co aproveitamento da  
28 enerxía eólica xa que, ou acadaban, se estaban de acordo, un prezo que non significaba  
29 mais dun 5% da rendibilidade do muíño, ou, se non estaban de acordo, quedaban sen  
30 terras por mor de expropiación das mesmas. Así mesmo, o propio medio rural tampouco  
31 foi beneficiado, xa que o valor engadido desta produción enerxética, non recaía na súa  
32 posta en valor.

33  
34 Co goberno do PSOE/BNG, a consellería de Industria e innovación, promulga un novo  
35 decreto para o aproveitamento da enerxía eólica. Este decreto, aínda que matía a  
36 declaración de utilidade pública da enerxía eólica, significou, importantes melloras para as  
37 comunidades de montes, como foron :

38 -As concesións déronse mediante un concurso público, onde todas as empresas que  
39 participaban, sabían os criterios e as condicións que tiñan que cumprir.

40 -Ordenábase en parte o territorio galego xa que non se podían instalar parques  
41 eólicos en zonas de Rede Natura, con restos patrimoniais ou no percorrido do camiño de  
42 Santiago.

43 -As solicitudes para a instalacións dos parques eólicos, tiñan que ir acompañados dun  
44 estudo de impacto medioambiental.

45 -As empresas explotadoras, tiñan que pagar un imposto especial do cal, unha parte ía  
46 para a Xunta de Galicia e a outra parte para os titulares das terras onde se instalaran os  
47 aeroxeneradores.

48 -A consellería de Industria e Innovación, esixíalle as empresas que optaban a  
49 explotación da enerxía eólica, cando menos, un 75% de acordos cos titulares das terras.  
50 Cuestión que significaba unha mellora substancial, dende o punto de vista dos titulares  
51 das terras, xa que, se non querían o parque eólico, este non viña. E se o querían, podían  
52 negociar a alta o custe da instalación.

53  
54 Por primeira vez apreciábase certa sensibilidade pola poboación do medio rural e por  
55 buscar un equilibrio entre o económico, o social e o medioambiental, a pesar de que este

1 decreto non incluía todas as reclamacións solicitadas polas comunidades de montes  
2 porque faltaban tres aspectos importantes:

- 3 - unha ordenación dos usos das terras
- 4 - un estudo que analizase a produción das outras enerxías que se producen en
- 5 Galicia, con fin de ir eliminando as contaminantes
- 6 -O desacordo co 75% da capacidade para que decidirán se querían ou non querían o
- 7 parque eólico.

8  
9 Mais non cabe ningunha dúbida que significou un avance importante, por iso  
10 manifestámonos en contra da derogación do decreto da enerxía eólica que levou adiante  
11 o PP, porque se vai a volver a situación de antes, e dicir, que se van instalar parques  
12 eólicos onde queiran os intereses das empresa.

13  
14 Isto non é máis ca unha ameaza á titularidade veciñal.

### 15 16 **1.5.2. A enerxía fotovoltaica ou solar**

17 Tamén pode considerarse como unha enerxía limpa na xeración, se ben, ten a  
18 problemática do mantemento: a contaminación na eliminación das baterías e dos  
19 compoñente químicos.

20  
21 Semella lóxico pois, que a súa posta en marcha, xere ingresos para as comunidades  
22 de montes, dado que é un aproveitamento mais do monte veciñal. Mais a instalación das  
23 placas para captar esa enerxía solar, produce certos impactos que deben ser valorados  
24 polos titulares das terras, como son :

25  
26 -Impacto no propio monte: A superficie ocupada pola instalación das placas é de 4 a 6  
27 Ha, colocadas entre 0,5 e 1,5 metros de altura, o que significa que nesa superficie non se  
28 pode dar outro tipo de aproveitamento.

29 -Impacto visual: a instalación das placas solares produce o efecto espello.

30 -Impacto ecolóxico: as superficies ocupadas polas placas solares impiden a chegada  
31 da luz solar ao chan, polo que poden significar modificacións no ecosistema.

32  
33 Para que a posta en marcha da produción da enerxía fotovoltaica non signifique  
34 unha ameaza para a consolidación da titularidade veciñal, o seu aproveitamento ten que:

35 -Levarse adiante mediante unha ordenación do territorio, e dos usos das terras así  
36 como a eliminación doutras enerxías provintes de fontes non renovábeis.

37 -Ten que estar incluído nun mapa estratéxico de enerxías de Galicia, onde a posta en  
38 marcha desta enerxía estableza orde de prioridades para a súa instalación, como tellados  
39 de naves industriais e de edificios públicos antes que no monte, e onde se contemple o  
40 aforro enerxético e o desenvolvemento socioeconómico da zona.

### 41 42 **1.6. Afáns privatizadores e usurpadores.**

43 Os montes veciñais dende tempos immemoriais, sempre foron titularidades veciñais  
44 mais ate fai pouco tempo, en termos históricos, non tiveron unha lexislación específica  
45 que regulase este tipo de titularidade especial e demais dereitos relativos os montes  
46 veciñais. Esta indefensión xurídica fixo que moitos padecesen, ao longo do tempo,  
47 infinidade de usurpacións, servidumes e ocupacións en virtude o parecer da clase  
48 dominante de cada época histórica.

49  
50 Estas accións nos tempos actuais tampouco son unha excepción, compre lembrar que  
51 cando a devolución masiva dos montes veciñais, foron devoltos sen aquelas parcelas do  
52 mesmo que estaban ocupadas ou estaban planificadas para ocupar para dotacións e  
53 servizos públicos como eran: casas cuartel da garda civil, infraestructuras de ferrocarril,  
54 hospitais, instalacións do exercito, etc. E dicir, que mesmo no momento mais álxido da  
55 recuperacións dos montes veciñais, estes non se salvaron de certas usurpacións.

### 1.6.1. Tentativas contra a titularidade comunitaria

Dende o mesmo momento en que foi aprobada a lei de montes veciñais no Parlamento Galego no ano 1989 co goberno tripartito da Xunta de Galicia formado PSOE/PNG/CG, os intereses económicos e especulativos axudados polos sucesivos gobernos do PP e por algunhas asociacións que se din representativas dos montes veciñais non pararon en maquirar o xeito de conquistar que os montes veciñais, lles foran usurpados os seus lexítimos titulares. Episodios desta maquiración contra a figura do monte veciñal en man común foron:

-No ano 1995, convocase un denominado Congreso de montes veciñais, pola consellería do Montes e Medio Ambiente (en mans do PP) e pola AFG. Os obxectivos de este congreso eran demostrar que os montes veciñais non eran titularidades de carácter xermánico e que o funcionamento assembleario das comunidades de montes era anquilosado e antigo e polo tanto había que substituílas por sociedades mercantís. O Congreso foi un fracaso estrepitoso pola ausencia maioritaria das comunidades de montes no mesmo.

-No ano 2000, o goberno central, en mans do PP, introduce os montes veciñais como suxeitos pasivos no imposto sobre Sociedades, tal e como se fosen entidades con ánimo de lucro.

-No ano 2007, a AFG, co apoio das outras entidades relacionadas cos montes (Asociación Monte-Industria, Cluster da Madeira, Fearnaga, Sil-vanus, Afrifoga, Asociación Man común e Asfoga), presentáronlle a consellería do Medio Rural (desta volta en mans do BNG), a idea dun novo Congreso de Montes Veciñais. Os obxectivos eran o redefinir o concepto de veciñanza comuneira, dotar as comunidades de montes de personalidade xurídica e a participación das comunidades de montes en sociedades mercantís a través de instrumentos financeiros como podían ser os fondos de inversión. E dicir, o obxectivo era eliminar o carácter xermánico da titularidade veciñal, con fin de que os montes veciñais entrasen no tráfico do comercio, que pasasen as mans de empresas ou persoas alleas ao monte veciñal e se puideran mercar e vender.

Solicitaban que os acordos congresuais foran a base para que a consellería do Medio Rural elaborase unha nova lei de montes. Os inimigos do monte veciñal volveron fracasar, pola da ORGA-CCMM e do SLG, e pola valentía da Consellería do Medio Rural que non convocou o congreso por entender que atentaba contra a figura do monte veciñal en man común.

A estas ameazas privatizadoras que padecen os montes veciñais, hai que engadirlle outros que defenden que os montes veciñais pasen a ser titularidade dos concellos, é dicir, titularidade pública.

Estes afáns usurpadores desmóntase cando os tribunais de Xustiza, ditan sentenzas favorables ás comunidades de montes en referencia a ocupacións que padecen os montes tanto por parte de empresas privadas como por parte da algunha administración pública.

O último caso deuse cando o Tribunal Superior da Xustiza de Galicia, ditou sentenza, declarando como monte veciñal, terras da parroquia de Teis, no concello de Vigo, ocupadas polo zoolóxico e por instalacións deportivas do Celta. As críticas á comunidade de montes de Teis, por esta defensa da usurpación das súas terras, verquidas por parte dos defensores da usurpación dos montes foi feroz.

Dentro do campo das tentativas usurpadoras dos montes veciñais, tamén hai que incluír a aqueles concellos, que rexistran os montes veciñais no rexistro de ben municipais, cando saben perfectamente, que este rexistro non define propiedade e que a inclusión do mesmo, non impide que un monte sexa declarado como veciñal.

1  
2       Caso aparte, merece as declaracións por parte de persoas encadradas en entidades  
3 de movementos sociais na liña de solicitar que a titularidade e a xestión dos montes  
4 veciñais lles sexan arrancadas as comunidades de montes para entregarllas as  
5 administracións públicas, mais, entendemos que estas erradas declaracións, son  
6 produto do descoñecemento do que son os montes veciñais, que dun afán usurpador.

## 7 8       **1.7. Lexislación e fiscalidade.**

### 9       **1.7.1. Antecedentes da normativa legal**

10       A lexislación referente aos montes veciñais arrinca a mediados do século pasado,  
11 esta lexislación, foi consecuencia da loita dos veciños e veciñas dos lugares, aldeas e  
12 parroquias, contra os traballos de repoboación derivados da Lei de Patrimonio Forestal  
13 Español-PFE, que pretendía encher os montes veciñais de especies de crecemento  
14 rápido e como consecuencia, expulsar ás veciñanza das súas titularidades.  
15 Enfrontamentos cos enxeñeiros destas repoboacións, impedir cas maquinas pasasen os  
16 montes, arrincada de piñeiros e eucaliptos recen plantados, foron manifestacións desta  
17 loita, que con mais ou menos intensidade deuse en todo o territorio galego e que tivo o  
18 seu episodio mais trágico o 22 de xaneiro de 1963, cando un veciño da parroquia de  
19 Escairón no concello de Mazaricos, conxuntamente con outros veciños e veciñas, estaban  
20 a impedir que as máquinas entrasen nos seus montes para levar adiante traballos de  
21 repoboación foi asasinado polas forzas do orde público. Se cadra, é o momento para que  
22 as comunidades de montes retomemos e reivindicemos esta data histórica.

23  
24       Esta loita popular, fixo que nas lexislacións se escomenzase a recoñecer a existencia  
25 deste tipo de titularidade singular que existía en Galicia. A primeira lei de montes veciñais,  
26 de carácter estatal e do ano 1957 e a última, de carácter galego e do ano 1989, desta lei  
27 galega de montes veciñais, podemos afirmar que:

- 28  
29       -Define o monte veciñal como unha titularidade de carácter xermánico.  
30       -Dálle plena capacidade de xestión e da administración dos mesmos ás asembleas  
31 xerais da veciñanza comuneira.  
32       -Sitúa a estas titularidades fora do tráfico do comercio.

### 33 34       **1.7.2.- Lexislación expropiadora.**

35       Todas as leis colaterais que afectan os montes veciñais, e afectan moitas dado a  
36 extensión do territorio e das actividades que ocupan, son lesivas para os montes veciñais,  
37 ben porque hipotecan usos, ou ben de xeito maioritario, porque significan a eliminación  
38 física do monte veciñal para sempre como consecuencia das expropiacións.

39  
40       Ate o ano 2007, cando se expropiaba unha parte do monte veciñal xa fora para un uso  
41 industrial (creación dun polígono industrial), ou para dotación de unha infraestrutura  
42 (construción dunha autoestrada), o ente ou a empresa expropiadora tentaban pagar a  
43 terra expropiada a prezo de solo rústico, e os titulares, pedían cobralo a prezo do valor  
44 que ten con todas as súas características.

45  
46       No caso das expropiacións para unha autoestrada, engadíndolle o valor do tipo de  
47 solo que se definía nos Plans de Ordenación municipais, e no caso dos polígonos  
48 industriais, o valor que tería no futuro como solo industrial. En todos os casos, os xurados  
49 de expropiación dáballe a razón os expropiadores e os tribunais de xustiza dábanlle a  
50 razón os expropiados, ao aplicar a normativa vixente para marcar o prezo das terras.

51  
52       Mais coa aprobación da lei estatal do solo, polas Cortes Xerais do Estado, co goberno  
53 central en mans do PSOE, o día 28 de Maio de 2007, a situación cambiou para peor.

1 Esta lei no seu articulado recolle: "que as terras expropiadas, pagaranse dacordo coa  
2 súa clasificación no momento da expropiación". E dicir, pagaranse polo valor do uso, no  
3 caso dos montes veciñais pagaranse atendendo a súa clasificación de solo rústico de  
4 protección forestal. Por iso, vanse a pagar moito mais baixo nas expropiacións xa que as  
5 indemnizacións serán por solo rústico, maila que logo esas terras serán recalificadas,  
6 como solo industrial, xa que noutro articulado da lei estatal do solo di: "En ningún caso,  
7 poderase considerar expectativas para a indemnización, as expectativas derivadas de  
8 posibles edificacións e usos definidos pola ordenación territorial ou urbanística, que non  
9 fosen aínda plenamente feitos".

10  
11 Esta nova lei estatal do solo, significa que as plusvalías que resultan de pasar de  
12 unha terra de monte veciñal a unha terra industrial,(e pensemos que neste recalificación,  
13 o valor inicial pode multiplicarse por 10), vanlle a ser roubada aos titulares das terras,  
14 para favorecer as administracións ou empresas privadas que expropian, beneficiando aos  
15 de sempre, e deixando as migallas para os titulares das terras.

16  
17 Non é que nos neguemos ás expropiacións dos montes veciñais, nos casos de unha  
18 grande utilidade pública ou dun grande interese social é posible poñer a disposición  
19 terreos dos montes veciñais. Mais esta expropiación (e lembremos que expropiar  
20 significa a eliminación física do monte veciñal para sempre), ten que estar enmarcada  
21 nunha ordenación do territorio, contar con indemnizadas polo valor do novo uso da terra,  
22 e debe posibilitar que as comunidades de montes veciñais, cos cartos das indemnizacións  
23 das expropiacións, poidan mercar terra, con carácter excepcional, terras que  
24 automaticamente serán declaradas como de veciñal.

#### 25 26 **1.7.2.- A inxusta fiscalidade**

27 Imos camiño dos dez anos da aplicación do Imposto sobre Sociedades aos montes  
28 veciñais, ficando meridianamente clara a inxustiza de este imposto. Logo dese tempo  
29 vemos que a razón do imposto foi de tipo político, que tiña e ten como obxectivo, a  
30 desnaturalización dos montes veciñais como paso a súa privatización.

31  
32 Afirmamos isto con rotundidade xa que **non atopamos razóns xurídicas**: as  
33 entidades que son suxeitos pasivos no Imposto, teñen que cumprir unha das seguintes  
34 condicións:

35 - Ser persoas xurídicas.

36 - Ser unidades económicas ou patrimoniais separadas que se constitúan a partir dun  
37 acordo de vontades ou pacto asociativo previo entre dúas ou mais persoas para posta en  
38 común de ben ou dereitos

39 -Ser entidades que perseguen a obtención de beneficios con intención de repartilo  
40 entre os seus membros.

41 Polo que as comunidades de montes non cumpren ningunha das dúas primeiras  
42 condicións e que só algunhas cumpren a terceira.

43  
44 **Tampouco atopamos razóns económicas-fiscais**, xa que unha sentenza do  
45 Tribunal de Xustiza das comunidades europeas indica que nada impide que unha  
46 entidade poida ser cualificada como entidade sen ánimo de lucro, aínda que persiga a  
47 obtención de beneficios, sempre que as ganancias non se disíribuan entre os seus socios  
48 e se destinen a fins sociais e comunitarios.

49  
50 Por todas estas argumentacións, reafirmámonos en que a introdución dos montes  
51 veciñais como suxeitos pasivos no Imposto sobre Sociedades, durante o goberno central  
52 do PP, foi unha razón de tipo político.

53  
54 Nestes case dez anos de aplicación do Imposto, e dende o primeiro momento, só a  
55 ORGACMM mantivo unha oposición clara, defendendo que os montes veciñais foran

1 sacados do mesmo. Así foron realizadas dúas manifestacións en Santiago de Compostela  
2 e presentadas iniciativas nos concellos, proposicións non de lei no Parlamento do Estado  
3 e no Parlamento Galego e, se ben e certo que non se logrou o obxectivo marcado, que  
4 era súa retirada e buscar unha fiscalidade adecuada para a figura e as funcións do monte  
5 veciñal, si que se logrou que non se aplicase con todas as consecuencias e unha reforma  
6 que consistiu en pasar de 3 a 5 anos o tempo para a declaración e pode alongar o tempo  
7 de declaración se se presenta un plan de traballo a medio prazo, mais consideramos isto  
8 insuficiente.

9  
10 Se a inclusión dos montes veciñais no Imposto sobre Sociedades, foi debido a unha  
11 acción política, ten que ser outra acción política a que nos saque de este imposto. Esta  
12 acción ten que ter dúas direccións:

13 1)-Dar argumentos na futura reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia, na liña de  
14 que todas as competencias sobre os montes veciñais, dende o seu réxime xurídico ate os  
15 seus aproveitamentos, pasando pola fiscalidade, teñen que ser competencia de Galicia.

16 2)-Convencer aos partidos políticos galegos de que a inclusión dos montes veciñais  
17 no Imposto sobre Sociedades impide a posta en valor dos montes veciñais de xeito  
18 multifuncional e sustentable, e xa que logo, non e bo nin para o medio rural nin para o  
19 país. Compre convencelos para que o sistema impositivo sobre os montes poida ser un  
20 elemento da mesa de negociacións para acadar o apoio necesario ás accións de  
21 goberno, como os orzamentos do Estado, etc.

## 22 23 **1.8. Ordenación do territorio e especulación**

### 24 **1.8.1. Intereses urbanísticos e especulativos**

25 A ordenación do territorio debería supoñer a asignación dos diferentes usos do solo  
26 para o desenvolvemento humano: instalación residencial, dotacional e usos, así como  
27 para conservación do medio natural.

28  
29 Mais por termo xeral a ordenación urbanística, como parte da ordenación do territorio,  
30 só se concibe como xestión do solo, para que deixe de ser territorio de uso diversificado e  
31 se converta en solo urbán, urbanizado ou urbanizable. Nestes planos de ordenación, só  
32 se demanda actividade urbanística: a penas se avalían as potencialidades e aptitudes de  
33 cada anaco de terreo para a súa transformación, considerando todos os usos alternativos  
34 e necesarios para lograr un desenvolvemento sustentable dende unha optiva local ou de  
35 País.

36  
37 Os planos de ordenación municipal, son a plasmación en papel legal dos intereses  
38 urbanísticos e especulativos capitalistas e resultan ser parte dun modelo utilitarista e  
39 mercantilizable, insaciable consumidor dun recurso natural limitado e escaso como é o  
40 territorio.

### 41 42 **1.8.2. Clasificación do monte**

43 A vixente Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, clasifica os  
44 montes veciñais como solo rústico de protección forestal. Os usos permitidos nesta  
45 clasificación, uns con licenza municipal e outros con autorización autonómica, son todos  
46 aqueles relacionados co desenvolvemento das funcións dos montes veciñais. O que  
47 parece, ao menos na teoría, é que nos montes veciñais non esta permitido o uso do solo  
48 como urbanizable.

49  
50 Os intereses urbanísticos e especulativos levan moito tempo tentando desnaturalizar  
51 ou privatizar os montes veciñais, xunto coa compracencia de gobernos locais, que  
52 teimaron para que nesta lei os montes veciñais tamén puideran ser urbanizados e así,  
53 aumentar o seu negocio especulativo.

1 Nun articulado da lei recóllese textualmente: "Excepcionalmente, os plans xerais de  
2 ordenación municipal, poderán declarar como zonas urbanizables aqueles montes  
3 veciñais que estean ser arborados, necesitados de protección ou lindantes sen solución  
4 de continuidade con solo urbano ou núcleo rural que resulten necesarios para un  
5 desenvolvemento urbanístico racional".

6  
7 Esta posibilidade encerra un perigo real para que poidan ser usurpados os montes  
8 veciñais, debido a que:

9 - Para o que na lei é unha excepción, para os concellos, sobre todo os costeiros, pode  
10 pasar a ser o normal.

11 - Que non haxa superficie arborada, non quere dicir que se corten as árbores, como  
12 se fai en moitos casos, para que se cumpra a premisa.

13 - O desenvolvemento urbanístico racional, é unha premisa de moi libre interpretación.  
14

15 Con todo, esta Lei de Ordenación Urbana e Protección do Medio Rural, non era  
16 negativa para os montes veciñais.

17  
18 Así, tamén o entenderon os intereses urbanísticos e especulativos, xa que agora, de  
19 novo co PP no goberno da Xunta de Galicia, pretenden modificar esta lei.

20 O que pretenden ao respecto dos montes veciñais con esa modificación, é sacar aos  
21 montes veciñais da clasificación de solo rústico de protección foresal, para deixalos como  
22 solo rústico de protección ordinaria.

23 Coa modificación da lei, tamén se lle da moita máis capacidade de concesións de  
24 licencias aos concellos.

25 Estas modificacións da lei, significan:

26 -Que os montes veciñais como solo rústico de protección ordinaria, van quedar  
27 desprotexidos das agresións medioambientais e paisaxísticas que poidan ter.

28 -Que os concellos terán aínda máis capacidade de decisión e de planificación sobre  
29 os montes veciñais. Isto van a dicir, que a planificación terase dende un plano localista e  
30 non dende unha perspectiva de considerar o desenvolvemento do monte como  
31 estratéxico para o País. Coa posibilidade de que os intereses especulativos poidan  
32 presionar, con capacidade de éxito, ás corporacións locais.  
33

34 Se ate de agora, os concellos, cos seus plans de ordenación, e a Consellería do  
35 Ordenación do territorio, nos planos sectoriais supramunicipais, xa consideraban os  
36 montes veciñais como reservas de solo barato para usalo en beneficio dos intereses  
37 urbanísticos e especulativos, ou consideralos aos que estaban preto das urbanizacións,  
38 feitas ou por facer, como zonas verdes co fin de aumentar o volume de edificación, ou  
39 instalar campos de golf. Agora, coa modificación prevista na lei, terán o campo aínda mais  
40 aberto para a usurpación desas terras comunitarias.  
41

42 As comunidades de montes veciñais, temos que loitar para que os montes veciñais,  
43 na Lei de Ordenación Urbanística e de protección do medio rural, aparezan como unha  
44 nova clasificación de solo rústico, como solo rústico de protección monte veciñal, deste  
45 xeito, estaríamos a consolidar a titularidade veciñal xa que os montes veciñais:

46  
47 - Pola súa superficie e polas funcións que cumpren, teñen que ser unha das pezas  
48 para o desenvolvemento do medio rural, e a súa posta en valor ten que ter carácter  
49 extratéxico para o país, polo que teñen que ter unha categoría especial dentro da  
50 clasificación de solo rústico.

51  
52 - Teñen que ter unha figura de protección especial para que os ataques dos intereses  
53 especulativos e urbanísticos que padecen non logren o seu obxectivo, que non e outro  
54 que desnaturalizar ou privatizar este tipo de titularidade.  
55

1 Lograr esta modificación da lei ten un camiño fundamental, que non e outro que a  
2 unión das comunidades de montes en base a demostrar que non son bens mortos,  
3 manifestando que:

4 -Todos os montes veciñais son rendibles económica, social e medioambientalmente.

5 -A titularidade veciñal e tan digna e respectable como poden ser as propiedades  
6 privadas.

### 8 **1.8.3. Ocupacións e servidumes**

9 A poboación galega está moi dispersa polo territorio e a estrutura da propiedade é  
10 moi fragmentada, o que dificulta bastante a adquisición de terras necesarias para levar  
11 adiante obras de infraestruturas e dotacionais de servizos sen que se produzan  
12 afeccións sociais impactantes como poden ser ás vivendas.

14 Os montes veciñais, teñen unha superficie considerable, carecen de edificacións de  
15 carácter residencial e están estratexicamente situados, sobre de todo os denominados  
16 periurbanos.

### 18 **1.8.4. Infraestruturas e dotacións públicas**

19 Esta situación fixo que os montes veciñais foran considerados lugares idóneos para o  
20 emprazamento das infraestruturas e dotacións, sen que as declaracións dos actos de  
21 prevaleza, marcados pola, supuxeran algunha limitación. Xa non para as ocupacións,  
22 senón mesmo para a súa desaparición, dado que o acto de prevaleza nunca foi enchido  
23 de contido senón que se baseaba no criterio ideolóxico de quen formaban en cada  
24 momento o Consello da Xunta de Galicia, con total competencia neste asunto.

26 Somos conscientes de que algunhas destas infraestruturas teñen que ter como base  
27 territorial irremediable o monte veciñal, mais hai que inverter a tendencia da súa  
28 ocupación "de calquera maneira". Para isto, hai que encher de contido o acto de  
29 prevalenza, este trámite debe recoller que as infraestruturas e dotacións, poderán  
30 instalarse no monte veciñal cando non haxa posibilidade algunha de seren instaladas en  
31 terreos privados carentes de uso agrogandeiro, definirse por parámetros que teñan en  
32 consideración os valores sociais e medioambientais dos montes veciñais, así como a  
33 situación do monte veciñal como unha das pezas para o logro dun medio rural vivo, e  
34 dicir, debe tomarse a decisión no marco dunha ordenación do territorio e dunha  
35 ordenación de usos das terras.

### 37 **1.8.5. Instalacións produtivas privadas**

38 No relativo ao uso dos montes veciñais como base territorial para instalacións  
39 privadas de carácter produtivo: industrias extractivas ou enerxía eólica, a ocupación das  
40 terras deberá limitarse ao tempo de duración que a concesión administrativa determine,  
41 co fin de garantir o seu carácter inalienable. No caso das ocupacións, a lexislación de  
42 montes, ou sectoriais, deberán recoller que no acto de prevaleza o prazo de ocupación  
43 das terras nunca poida superar o prazo da concesión da explotación.

45 Este tema de ocupación e servidumes dos montes veciñais, temos que resolvelos de  
46 xeito racional. A todas aquelas ocupacións que se instaloron nos montes antes de ser  
47 declarados como tales, por exemplo, os tendidos de tensión eléctrica; compre darlle unha  
48 solución que pasa porque os beneficiarios desta servidume teñan que solicitar o  
49 mantemento da mesma á comunidade veciñal, titular do monte, e sufragar o canon que  
50 corresponda. No caso de non facelo, ou de non aceptar o canon, terá que retirar o tendido  
51 eléctrico, sen custe algún para os titulares das terras.

1  
2  
3  
4  
5  
6  
7  
8  
9

**IIº Relatorio**  
**UN MONTE VECIÑAL COMÚN MULTIFUNCIONAL E VIVO: DEFENSA DA TERRA**  
**E XERACIÓN DE EMPREGO**

*Vexo en fin unha Terra farturenta, onde todos traballan e viven en paz. Vexo a miña  
Terra como unha soa cibdade, a cibdade xardín máis fermosa do mundo, a cibdade ideal  
para os homes que queiran vivir a carón da Natureza.*

**A.D.R. Castelao**

10  
11  
12

**2.-Recursos e aproveitamentos**

13  
14

**2.1.- A multifuncionalidade dos recursos.**

15  
16  
17  
18  
19  
20

**2.1.1. Introducción**

O monte como superficie territorial ten un valor por si mesmo, non é necesario buscarlle un valor económico en base á produción de recursos. Un monte, aínda ermo, polo feito a estar nun lugar xeográfico, forma parte da orografía e das dinámicas naturais da comarca, do País e do planeta, polo tanto, o seu valor ambiental está implícito. Se ademais ese monte dispón de materias primas no subsolo, olleiros e ríos, flora, fauna, etc. ademais de valores ambientais dispón de recursos naturais que serán explotables ou non.

21  
22  
23  
24  
25  
26  
27

Desa situación a humanidade obtivo aproveitamentos ao longo da súa historia mediante o traballo, levándoos a cabo mediante a apertura bosque atlántico orixinario dos nosos montes, a través do lume, para buscar territorios abertos para as actividades agrogandeiras. Esta foi a base produtiva do sistema agrogandeiro durante séculos. Aínda así, a maior destrución dos nosos bosques e montes foi debida ás repoboacións masivas da primeira metade do século XX.

28  
29  
30  
31  
32  
33  
34

Na actualidade, coa grande regresión dos valores ambientais e dos recursos en todo o planeta, a causa da sobreexplotación, a contaminación e o quecemento global, compre analizar detalladamente a potencialidade dos nosos montes para tratar de conservar os seus valores ambientais e explotar dun xeito multifuncional e sustentable os recursos naturais, sobre todo os renovables. Este é o xeito de identificar os aproveitamentos e xestionalos convenientemente.

35  
36  
37  
38  
39  
40  
41  
42  
43  
44  
45  
46

**2.1.2.- Multifuncionalidade e sustentabilidade nun medio rural vivo**

O desenvolvemento dos montes veciñais ten que acadar un equilibrio entre a defensa da terra, a conservación dos seus valores ambientais, dos seus recursos naturais e o desenvolvemento integrado e compatible de todos os usos dos montes. A xestión do monte debe xerar rendas para a veciñanza comuneira, mais este desenvolvemento debe levarse adiante dende a óptica da sustentabilidade ambiental e humana: social, cultural e económica. Trátase de que a sociedade rural poida vivir a carón do monte nun medio rural diversificado, ambientalmente armónico e vivo. A cuestión non radica simplemente en vivir no rural, senón en lograr un medio rural onde se poida vivir. Estas son pois as premisas do que significa un monte veciñal multifuncional e sustentable inmerso nun medio rural vivo.

47  
48  
49  
50  
51  
52  
53

Se defendemos que hai que camiñar cara un monte veciñal multifuncional, onde se deben dar todos os aproveitamentos integrados e compatibles, estamos a manifestar tamén que se inclúan entre os aproveitamentos os de **carácter extractivo e enerxético**, xa que entendemos que estes deben contar entre a diversidade de aproveitamentos do monte, mais, polo seu impacto ambiental no medio, teñen que ter unhas consideracións especiais para a súa instalación, como respectar as áreas protexidas, contemplar a avaliación de impacto ambiental e cumprir a lexislación vixente neste sentido.

54  
55

A explotación de recursos non renovables só poderán ser instalados nos montes veciñais, se están encadrados nun Plano racional do territorio e coa obriga da

1 rexeneración das terras afectadas unha vez rematada a explotación, os enerxéticos, só  
2 poderán ser instalados, se están enmarcados nun plano de ordenación dos usos das  
3 terras. Mais, en ambos os dous casos, a decisión da instalación, ou non, debe ser decida  
4 democraticamente polos titulares dos montes, nas súas asembleas xerais.  
5

### 6 **2.1.3.- Multifuncionalidade e desenvolvemento rural**

7 Os montes veciñais, son un compoñente máis do medio rural, polo que o seu  
8 desenvolvemento, debe ser unha peza mais do propio desenvolvemento do medio rural.  
9 Para acadar estes obxectivos precísase dunha visión integradora e multifuncional coa  
10 finalidade de aproveitar todas as potencialidades dos montes veciñais, non só de  
11 produción de madeira, senón tamén silvopastorismo, biomasa forestal, cogomelos,  
12 apicultura, turismo rural e natural. Todas esas pontencialidades que se desenvolven como  
13 actividade no monte deben xerar rendas, tamén os múltiples bens e servizos que se  
14 proporcionan. Ademais, estas rendas deben ser investidas na mellora do propio monte e  
15 na xeración de emprego local.  
16

17 As comunidades de montes veciñais temos que lograr que todas as rendas xeradas,  
18 incluso aquelas provintes dos aproveitamentos extractivos e enerxéticos que son as  
19 actividades máis agresivas co medio e as que xeran as rendas proporcionalmente máis  
20 cativas, fiquen na comunidade e no territorio de influencia do monte.  
21

22 Trataríase de que os alugueiros da terra foran o resultado da seguinte fórmula:

$$23 \text{ aluguer da terra} = \text{beneficio da explotación} - \text{gastos de funcionamento e beneficio} \\ 24 \text{ empresarial}$$

25  
26 Deste xeito, estaríamos acadando uns interesantes obxectivos para o logro dun monte  
27 multifuncional nun medio rural vivo e sustentable dende o punto de vista humano,  
28 contribuíndo así ao desenvolvemento rural e a procurarlle a centralidade das  
29 peculiaridades locais no mundo globalizado actual.  
30

31 Os aproveitamentos dos montes veciñais, amais das rendas, deben xerar emprego  
32 para algúns veciños e veciñas comuneiros que a súa vez puideran vivir de e para o  
33 monte, amais de beneficios de mellora da calidade de vida para os veciños e veciñas  
34 comuneiros conseguiríase garantir a pervivencia dos traballos no monte e tamén  
35 melloras sociais e medioambientais para toda a sociedade. De aí, que dende Iº Congreso  
36 Galego de comunidades de montes, a ORGACMM, ven reclamando da Administración  
37 Publica Galega, que de xeito obrigatorio, se invistan nos montes cando menos 1/3 dos  
38 seus orzamentos anuais xerados.  
39

## 40 **2.2.- A función ecolóxica: valor e utilidade**

### 41 **2.2.1.- Introducción**

42 O estado da natureza que podemos ter nos nosos montes é o resultado dunha lenta  
43 sucesión. Como exemplo comprensible vemos que o solo, que procede da disgregación  
44 rocha nai, logo dunha lenta sucesión chega a transformarse no rico mantillo (humus)  
45 onde existe unha complexa relación ecolóxica entre a materia inorgánica, orgánica e  
46 seres vivos que o compoñen (bacterias, fungos, liques, vexetais e animais). A formación  
47 do solo do monte é o resultados da acción das bacterias, liques, musgos, herbas, mato e  
48 árbores nun longo período de tempo.  
49

50 Os sistemas naturais do monte tenden a ser sistemas complexos que avanza na  
51 sucesión cara á estabilidade, proporcionalmente a súa fragilidade, decaíndo na  
52 produtividade. Eis a dialéctica entre a etapa estable natural do bosque e a produtividade  
53 que a humanidade buscou sempre sobre sistemas alterados e fundamentalmente xoves.  
54

1 Na análise da situación dos montes e a súa situación no mundo actual, en crise  
2 ambiental crónica, non podemos esquencer a función ecolóxica, o valor ambiental que  
3 ten o medio no que se sitúa o monte veciñal e o que e o como dos usos que podemos  
4 levar a cabos dos recursos naturais.

## 6 **2.2.2.- Espolio da natureza e mercantilización**

7 O capitalismo e a súa mundialización conseguiu levar a un expolio globalizado á  
8 natureza, como consecuencia da subordinación dos procesos naturais e dos procesos  
9 produtivos aos parámetros da mercantilización e do beneficio. Sen dúbida a fractura do  
10 sistema agrogandeiro tradicional deixou na man do capitalismo o medio natural no que  
11 está instalado o monte, transformando todo o seu contido en beneficios empresariais  
12 mediante o asulagamento ao erguer as presas para xerar enerxía, a promoción do  
13 monocultivo forestal, etc. así vemos hoxe como ata o vento é contabilizado como un valor  
14 económico.

15  
16 É por iso que temos que recuperar a verdadeira dimensión do monte, dándolle o seu  
17 sentido como valor en si e como valor ambiental de uso para toda a comunidade veciñal  
18 e a sociedade en xeral, desligándoo dese valor mercantil para situalo na sociedade actual  
19 como ben comunitario, social e de toda a humanidade.

## 21 **2.2.3.- Función ecolóxica e aproveitamento**

22 No aproveitamento multifuncional dos montes veciñais, compre dar unha importancia  
23 especial a función ecolóxica, xa que o medio ambiente non só é a nosa casa común,  
24 senón que nós mesmos formamos parte indisoluble da natureza.

25  
26 É por iso que precisamos comprender a función ecolóxica do monte para integrala en  
27 todo o deseño de usos que fagamos.

28  
29 Salvo en casos excepcionais, como son os montes protexidos de grande valor  
30 medioambiental ou paisaxístico, como son o relicto bosque atlántico, as fragas ou as  
31 áreas restrinxidas de protección, debemos fuxir de camiñar cara a idea dos montes como  
32 reservorios de natureza intocable, primeiro porque cada milímetro cadrado de terra está  
33 pisado e manexado pola humanidade dende hai milleiros de anos, é dicir, non hai bosque  
34 virxinal. Por outra banda, porque comprendemos que a función medioambiental, non  
35 debe ser compartimentada, senón que debe estar presente en todos e cada un dos  
36 múltiples usos dos montes veciñais.

37  
38 Só deste xeito estaremos asegurando a conservación dos valores ambientais do  
39 monte, do medioambiente en xeral e dos recursos renovables, así como garantiremos a  
40 sustentabilidade de todas as actividades humanas en relación co monte.

## 42 **Criterios de sustentabilidade**

43 A adopción e a aplicación dos principais principios da ecoloxía fanse cada día máis  
44 necesarios para o monte veciñal, o principio de precaución, de selección sostible das  
45 tecnoloxías a usar, do baleirado sostible dos recursos non renovables ou da  
46 irreversibilidade cero, deben ser criterios de sustentabilidade na aplicación dos  
47 aproveitamentos do monte.

## 49 **2.3.- Ferramentas de revalorización do monte veciñal.**

### 51 **2.3.1.- Introducción**

52 Cando se fala da actividade productiva nos montes veciñais, sempre se limita á  
53 produción, ou á cadea, da madeira, sen ter conta outras actividades produtivas. A día de  
54 hoxe, unha grande parte dos aproveitamentos nos montes lévanse a cabo baixo o que

1 poderíamos definir como "explotación colonial", é dicir, extráense os recursos da periferia,  
2 nos montes do rural, e xérase valor engadido no centro administrativo da metrópole.  
3

4 Sen querer fuxir da responsabilidade que poidamos ter as comunidades de montes  
5 desta situación, entendemos que a máxima responsabilidade ven de causas alleas,  
6 como: a expulsión da veciñanza dos montes, fractura do sistema agro-gandeiro  
7 tradicional e da relación monte-veciñanza, problemas de deslindes, ocupacións,  
8 usurpacións, política de montes inadecuada.  
9

10 Sen deixar de seguir loitando para lograr a eliminación destas eivas e  
11 condicionamentos, temos que procurar acadar valor engadido dos aproveitamentos do  
12 monte dun xeito multifuncional e sustentable.  
13

### 14 **2.3.2.- Parques intermedios: valor engadido na madeira**

15 No proceso de transformación da madeira, o produtor, e dicir, as comunidades de  
16 montes, representan o valor máis baixo na escada de beneficios. Se lle damos á  
17 madeira no monte o valor 1, cando chega ao consumidor transformada en moble, acada  
18 un valor 164, entre ambos extremos, hai moitos puntos intermedios, como por exemplo,  
19 se as comunidades de montes tivesemos capacidade para producir táboa ou tablón, o  
20 valor da madeira multiplicaríase por 10. A proposta para chegar a isto sería a creación de  
21 **parques intermedios da madeira**.  
22

23 Estas instalacións van a permitir o almacenamento, a clasificación, a elaboración dos  
24 produtos de serra e outros aproveitamentos complementarios, polo tanto, entendemos  
25 que son unha boa ferramenta para que a materia prima acade un maior prezo na venda e  
26 un valor engadido, evitando a especulación, cando os prezos do mercado, non sexan os  
27 axeitados co cal, lógrase un maior investimento para a mellora do monte. Mesmo  
28 poderían suscitar o interese das empresas vixentes actualmente na actividade.  
29

30 Para a súa instalación precísase unha superficie de 2 ou 3 Ha, e ser dotados dun  
31 sistema de aserrado, unha báscula, unha embasadora para os restos e edificacións  
32 destinadas a oficina, vestiarios e almacén. Paralelamente aos parques intermedios de  
33 madeira, deberíamos crear **lonxas comarcais da madeira**, que evitaran as fluctuacións  
34 e especulacións dos prezos e xeren tamén valor engadido para os montes veciñais.  
35

36 Os plans de xestión ou de ordenación do monte son fundamentais para por en  
37 funcionamento o sistema de parques e lonxas xa que deste xeito coñeceríase en detalle  
38 o volume de madeira que se podería extraer para o mercado ao ano e en cada momento.  
39 Como camiño intermedio para lograr as lonxas de madeira comarcais, as comunidades  
40 de montes mancomunadas ou próximas xeograficamente, podería iniciarse a venda  
41 conxunta da madeira dos seus montes.  
42

### 43 **2.3.3.- Plantas de biomasa: valor engadido nos restos vexetais**

44 O cambio climático, o quecemento global e os lumes aféctannos a todos de igual xeito,  
45 é por iso que temos que tratar de adoptar medidas particulares que contribúan á  
46 rectificación dos mesmos cunha incidencia social e global. Os restos vexetais que se  
47 denominan **biomasa forestal residual**, non poden ser considerados como un residuo do  
48 que hai que desfacerse, considerando que queimala é facela desaparecer sen  
49 consecuencia algunha. Eliminar os lumes no monte e reducir ao máximo a combustión de  
50 restos nos nosos montes é contribuír a unha atmosfera máis limpa.  
51

52 A xestión da biomasa forestal residual: podas, cortas, etc., debe considerarse como  
53 un aproveitamento máis dos montes veciñais que pode realizarse de diversos xeitos,  
54 como poden ser: produción enerxética ou produción de substratos. Sen desbotar  
55 ningunha delas, o aproveitamento da biomasa forestal residual para a produción de

1 substratos, abonos e mantillo (compost) permítenos obter unha maior rendibilidade xa  
2 que significa:

3  
4 - Diminución da masa pirofítica no monte e polo tanto unha loita eficaz contra os  
5 lumes forestais.

6 - Comercialización dun produto con saída na agricultura e xardinería, polo tanto,  
7 xeración de plusvalías e valor engadido para o monte e de riqueza e mellora da calidade  
8 de vida da veciñanza.

9 - Concienciación e sensibilización medioambiental da sociedade.

10 - Engádega de enriquecemento dos solos para os cultivos forestais.

11 - Restauración de solos degradados.

12  
13 O aproveitamento dos restos forestais mediante a compostaxe ten as seguintes  
14 vantaxes:

15 - Realízase de xeito sustentable sen tirarlle nutrientes á terra xa que só se recollería a  
16 biomasa derivada das cortas de madeira e silvicultura definidos nos plans de xestión dos  
17 montes.

18 - Xera emprego na economía local, nas tarefas silviculturais, recollida, transporte da  
19 biomasa e nos propios da planta.

20 - Plena capacidade de decisión e control das comunidades de montes, sen estar  
21 atadas a un contrato empresarial, que obrigue á retirada dunha cantidade de biomasa  
22 forestal fixa anual.

23 - Consecución dun produto final, o mantillo (compost), con posibilidade de xerar  
24 valor engadido coa súa comercialización ou de uso para enriquecemento e restauración  
25 de solo ou mesmo para uso pola veciñanza comuneira en cultivos e xardíns.

26  
27 Adicionalmente, existe a posibilidade de integrar no proxecto os restos vexetais dos  
28 concellos e das empresas de xardineiría locais ou outros restos orgánicos procedentes  
29 de actividades agrogandeiras.

30  
31 Polo tanto, estaríamos aportando parte da solución medioambientalmente axeitada a  
32 un dos grandes problemas que ten a sociedade galega actual: desfacerse de parte dos  
33 residuos que incrementan o quecemento climático a través das queimas reiteradas ou  
34 saturan a recollida de residuos sólidos ao introducir nela os restos de xardinería  
35 particular.

36  
37 Así mesmo permite levar adiante un labor exemplar de educación ambiental na  
38 sociedade en xeral e sobre de todo entre o sector educativo, podendo chegar a través  
39 deste proceso a amosar o valor dos montes veciñais en todo o seu conxunto.

#### 40 41 **2.3.4.- Aproveitamentos leñosos complementarios**

42 Os proxectos de valorización da madeira ou de aproveitamento da biomasa forestal  
43 para a produción de abonos e compost poderían complementarse coa produción de  
44 leña, serrín, codia, astelado, ademais doutros produtos derivados como pelex, etc., para  
45 uso como combustible para as caldeiras de calefacción dos edificios públicos e para  
46 vivendas.

#### 47 48 **2.3.5.- Retirada da biomasa forestal dos montes**

49 Nos próximos anos, as comunidades de montes, van estar sometidas a unha forte  
50 presión dada polas empresas enerxéticas que precisan biomasa forestal para a  
51 produción de enerxía eléctrica, mediante combustión. Sobre todo porque vai a estar  
52 fortemente subvencionada.

53  
54 Aínda que defendemos que a mellor opción do aproveitamento da biomasa forestal  
55 non podemos pechar os ollos a outros aproveitamentos como son os enerxéticos. Neste

1 caso, as comunidades de montes que asinen contratos con empresas de produción  
2 enerxética, se se quere que este aproveitamento non sexa puramente extractivo, que non  
3 se esquilmen os recursos dos montes e xa que logo, non hipotecar un futuro  
4 desenvolvemento multifuncional e sustentable, os contratos debe ter cando menos, as  
5 seguintes condicións:

6  
7 - O fin do contrato ten que ser só para a retirada da biomasa forestal.

8 - A biomasa forestal retirada será só aquela derivada das cortas de madeira e dos  
9 traballos silviculturais definidos nos plans de xestión ou de ordenación dos montes.

## 10 11 **2.4.- Aproveitamentos conxuntos con outros sectores**

12 Podemos considerar como outros aproveitamentos: froitos silvestres, cogomelos, mel,  
13 plantas aromáticas, etc., compre que as comunidades de montes, ademais de producilas  
14 demos un paso adiante na valorización: almacenaxe, embalaxe ou transformación.

15  
16 Este ciclo completo, o que fai, e xerar valor engadido a estas producións, ademais,  
17 unha parte dela, pódese repartir, nas asembleas xerais, entre os veciños e veciñas  
18 comuneiros. Con este feito, estamos tamén a fortalecer a relación monte-veciñanza,  
19 tamén como un valor engadido para os montes veciñais.

20  
21 O aproveitamento gandeiro, saneado e controlado, xera demais outros beneficios no  
22 monte converténdose en imprescindible par ao mantemento da biomasa en volumes de  
23 xestión soportables, rendibilizando a capacidade de actuación das comunidades no  
24 crecemento dunha vexetación, principalmente mato, descontrolada.

### 25 26 **2.4.1.- Producción agrogandeira e globalización**

27 O monte veciñal multifuncional e sustentable, vencellado a un medio rural vivo precisa  
28 estar apoiado por políticas que possibiliten a presenza dun número importante de  
29 poboación exercendo diversas actividades, entre elas adquiren relevancia as actividades  
30 agrogandeiras.

31  
32 Dentro dos obxectivos de mellora social, en xeral, compre reclamar o dereito a ter  
33 unha alimentación san, e que ademais asegure que a produción de alimentos sexa  
34 respectuosa co medio ambiente e digna a respecto do benestar animal.

35  
36 Dende as comunidades de montes, temos tamén que facerlle fronte ás políticas  
37 agrarias das compañías transnacionais que pretenden instalarse onde máis barato  
38 produzan sen ter conta nin as esixencias medioambientais, nin os dereitos sociais e  
39 laborais, para logo vender os seus produtos ao mínimo custe de produción en calquera  
40 parte do mundo. E dicir, tamén temos que estar interesados en logra a soberanía  
41 alimentar do noso País.

42  
43 O único xeito de combater esta policía agraria agresiva é que as producións  
44 agrogandeiras estén nas mans da sociedade labrega, con explotacións dimensionadas e  
45 cunha produción ambientalmente compatible. A día de hoxe, este xeito de produción  
46 aínda é posible, e para elo, a sociedade agrogandería ten que dispor do espazo para  
47 desenvolver a súa actividade. Os montes veciñais dispoñen de terra e as comunidades  
48 de montes debemos entender que a relación da produción agrogandeira e montes é de  
49 suma importancia. O silvopatorismo é ademais, un uso compatible cos outros usos do  
50 monte, mesmo co uso forestal.

51  
52 As comunidades de montes e a sociedade agrogandeira, temos que traballar  
53 conxuntamente porque o beneficio será mutuo. E certo, que en moitos lugares do País,  
54 as relacións entre ambos actores non foron boas, mesmo estiveron enfrontadas, mais en  
55 moitos lugares esa situación xa é historia.

#### 2.4.2.- Producción de interese social: o gando no monte

Para este tipo de produción que, por suposto, é o único que existe nos países modernos, a sociedade agrogandeira debe dispor de terra, e ningún propietario ten máis terra que as comunidades veciñais.

As comunidades de montes e a sociedade galega necesítamonos mutuamente, e hoxe, coma sempre no noso país, o único procedemento para acadarmos un medio natural produtivo e de progreso, é o uso axeitado, organizado e controlado, do gando. Efectivamente, cando o monte era monte e non terreo de plantación industrial para o monocultivo, o gando pastou sempre nel, nun monte san e con pasteiros os problemas eran mínimos: nin o gando baixaba ás leiras nin se producían colisións cos coches.

O uso dos animais para frearmos a expansión asalvaxada do monte, ou sexa, o **silvopastoreo**, é fundamental e obrigado: non podemos pensar en ningún enfoque para o rural, se non contemplamos a utilización masiva do gando nos montes. Está moi claro: non hai economía, nin subvención que ature o custe da maquinaria e o traballo continuo nos milleiros de hectáreas do monte, como procedemento para termos contida a vexetación.

Tradicionalmente, o gando foi sempre da veciñanza e sempre viviu co gando. Se os animais invaden as leiras e fan dano, é porque o monte xa non é monte e non teñen comida e abrigo abondo para manterse todo o ano nel, hai unha evidente carencia de ordenación do aproveitamento gandeiro.

Fóra das áreas periurbanas, onde as complicacións viñeron polo aumento da poboación e a súa expansión cara aos espazos historicamente deshabitados, a causa primeira de que os animais choquen coa veciñanza, é a nefasta sobreexplotación do territorio, por medio da plantación descontrolada e masiva que nin sequera se pode chamar “monocultivo”, pois, polo menos no caso do eucalipto, a maioría das veces ningunha xestión para o cultivo se lle aplica.

Este nefasto enfoque do uso, en realidade “abuso”, do monte, e a súa consecuencia forzosa, o lume, obrigan ao gando a saír das súas zonas seculares de pasto: se queremos facer as cousas ben, é preciso modificarmos e planificarmos, de acordo cos intereses das comunidades de montes e coas posibilidades da explotación na que podemos contar coa opinión dos industriais da madeira, as especies axeitadas e a súa distribución na superficie do monte. Non todo o monte serve para todo.

É imposible que unha plantación vaia avante se os animais andan nela, mais liquidalos é un comportamento moi elemental e primario, para non aplicar máis adxetivos. Defender as plantacións cos peches ten a súa razón na planificación forestal, e, se o tiveramos feito con lóxica e diálogo os gandeiros terían estado, como xa están en moitas áreas do país, ao carón das comunidades de montes. Eses peches, que se proxectaran e comezaran hai anos, experimentaron nos últimos tempos, por exemplo no Barbanza, unha melloría notable: grazas a moita xente das comunidades (Gelucho, Xosé Lois, Peón ou Chito, por citarmos algúns nomes senlleiros), mais tamén grazas a moitos gandeiros que comprenderon a súa necesidade así como ao persoal do Distrito IV.

A idea fundamental deste novo pulo, consiste en enterdermonos todos que os peches non se orienten só coa intención de que os animais non entren nunca xamais na plantación, senón para que non entren nos primeiros momentos de enraizamento e medre da pranta, mais para que logo poidan entrar e mesmo sirvan como un elemento máis da xestión gandeira. Non hai outro xeito de frear o avance selvático do monte, naquelas zonas onde as Comunidades o decidan.

1  
2 Os primeiros peches do Barbanza resultaron insuficientes, basicamente porque, nas  
3 zonas altas, a falta de abrigo para os animais empúxaos cara abaixo. Co traballo dos  
4 gandeiros e a laboura dos técnicos e axentes do distrito, as comunidades de montes  
5 fixeron e fan novos peches, que chamamos “de inverno”, coa idea de que, cando vén o  
6 frío, os donos dos animais poidan refuxialos nalgures, para poder desbrozar as zonas  
7 pechadas que os comuneiros determinen.  
8

### 9 **2.4.3. A pacificación e a colaboración necesarias**

10 Sendo conscientes do interese ambiental que supón a presenza do gando nun monte  
11 maduro e san, para camiñarmos xuntos e avanzarmos na consecución de fitos sucesivos,  
12 que van ser capitais no progreso do rural e do país todo, é preciso que superemos e  
13 rematemos a etapa de enfrontamentos entre a xente do gando e a das comunidades de  
14 montes. Para iso, debemos partir de tres bases:

15 1.- No seo das comunidades, hai membros do sector agrogandeiro. Necesitamos que  
16 expoñan os seus puntos de vista, indispensables para a correcta xestión do gando do  
17 monte, mais é necesario tamén que non se dubide o indiscutible: a comunidades de  
18 montes é a propiedade dos montes e que toma as decisións, aprobadas ineludiblemente  
19 pola Asemblea soberana.

20 2.- Tampouco se pode discutir que o gando debe estar saneado, e que os  
21 aproveitamentos han estar controlados e organizados, para beneficio de toda as partes:  
22 nomeadamente, para quen teñen a propiedade do monte e que teñen a do gando.

23 3.- O uso do gando é o único procedemento sostible para xestionarmos os montes  
24 veciñais e defendelos do lume; pode xerar riqueza ás comunidades; é compatible, mesmo  
25 necesario, con todo os outros aproveitamentos do monte.  
26

27 Este marco é un ideal, mais hai que poñerse a traballar xa para lograr que sexa unha  
28 realidade a curto prazo co fin de rematar coa situación na que hoxe esta o  
29 aproveitamento gandeiro na maioría dos montes veciñais. En varias áreas do país xa se  
30 acometeron os primeiros pasos nesta vía de solución, unha solución necesaria para  
31 problemas que non se poden considerar, nunca máis, como problemas endémicos dos  
32 nosos montes. Son lamentablemente, demasiado coñecidos: destrucións de  
33 plantacións, estragos de colleitas e nas leiras, accidentes de circulación, dos que, por  
34 certo, poden ser as comunidades de montes declaradas responsables subsidiarias; por  
35 non falarmos de incendios ou de animais mortos a tiros ou con lazos, todo isto pola falla  
36 dunha boa ordenación do aproveitamento gandeiro acoplada á ordenación do monte.  
37

38 Para estudar as alternativas de futuro no aproveitamento gandeiro, de todo tipo de  
39 gando (vacún, cabalar, ovino, caprino e outros) a solución esixe, como primeiro factor, o  
40 diálogo entre as partes, e, como conclusión lóxica, un acordo ou convenio baseado nas  
41 análises de tres puntos fundamentais:  
42

43 1.- A titularidade das explotacións gandeiras, que pode recaer na propia comunidade  
44 de montes; en persoas da comunidade; en agrupacións da parroquia ou da bisbarra; ou  
45 mesmo en agrupacións ou persoas xurídicas ou físicas, distantes ou alleas ao monte.  
46

47 2.- A regulamentación e a definición deste aproveitamento que será compatible cos  
48 outros aproveitamentos do monte, concretando o tipo de gando e a carga gandeira,  
49 segundo especie e superficie. Para cada monte será obrigado tamén fixarmos por escrito  
50 a cadencia na rotación do gando e outras moitas especificacións como os cupos, e, por  
51 suposto, a contratación dun seguro de responsabilidade, que prevexa calquera suceso.  
52

1 É necesario autorización ás xuntas rectoras das comunidades de montes para  
2 negociar, e posibilitar acordos coas agrupacións de gandeiros/as de fora da parroquia e  
3 para o uso dos cupos sobrantes do posible aproveitamento gandeiro.  
4

5 3.- A cualificación dos donos do gando, no caso de cesións dos aproveitamentos  
6 gandeiros a terceiros, débese ter conta:

7 -Aos gandeiros/as ou agrupacións que teñen esta actividade como principal ou cando  
8 menos, como un complemento importante

9 -Donos do gando ceibo, que teñen a este en estado total de abandono e que  
10 normalmente viven lonxe de onde teñen o seu gando.  
11

12 Nestes casos diferenciando meridianamente entre gandeiros e furtivos. Os gandeiros  
13 que se ocupan dos animais e traballan e viven con eles, constitúen un complemento para  
14 as comunidades de montes: teñen, polo menos, tanto interese coma as propias  
15 comunidades, porque ademais case sempre son membros delas.  
16

17 O caso dos que queren pasar por gandeiros sen seren, é outro, porque, no caso do  
18 gando cabalar moitas veces ampáranse no anonimato que lles reporta o descontrol  
19 administrativo e xudicial na identificación dos animais. Frecuentemente, trátase de casos  
20 delitivos onde a opacidade económica e documental proporciona, en conexión cos  
21 trapicheos das subvencións e outros, beneficios abundantes.  
22

23 Estes individuos, que debemos denominar dun xeito distinto (piratas, furtivos ou  
24 directamente delincuentes), non son gandeiros, e han ser expulsados dos nosos montes.  
25 Todo o que fagamos por planificar, clarear e organizar, botaraos fóra: eles sábeno e deles  
26 derivanse a maior parte dos atrancos.  
27

28 O acordo cos gandeiros non é semella complicado, mais cos segundos é máis  
29 dificultoso. En ámbolos dous casos, e co fin de chegar a acordos posibles, as  
30 comunidades de montes veciñais, ademais de recoller nos Estatutos o aproveitamento  
31 gandeiro, teñen que dotarse duns convenios para efectivizar esta nova regulamentación,  
32 nos que ao menos deberían figurar:  
33

34 -Especies de gando a pastar e número de cabezas por ha, a carga gandeira que  
35 pode soportar o monte.

36 -Cadencia da rotación das zonas de pastoreo e definición do manexo do gando.

37 -Prevalencia da decisión das comunidades de montes, mesmo nos terreos cedidos  
38 para o aproveitamento gandeiro. E dicir, que esa cesión non hipoteque o futuro  
39 desenvolvemento do monte.

40 -Esixencia dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles accidentes  
41 producidos polo gando.  
42

43 Os acordos entre comunidades de montes e gandeiros/as para regulamentar o  
44 aproveitamento gandeiro nos montes, son beneficiosos para ámbalas dúas partes.

45 Para as comunidades de montes porque de este xeito:

46 -Poden coñecer o número de cabezas que pastan nos seus montes e ter identificado  
47 os titulares dos mesmos.

48 -Ter garantido o estado sanitario do monte.

49 -Contar con interlocutores válidos par regular o pastoreo, definir a rotación do  
50 pastoreo, establecer un calendario de desbroces na zona, asegurar supervivencia das  
51 plantacións novas.

52 -Percibir taxas polos aproveitamentos gandeiros.

1 -Ter cubertas as costas no caso de accidentes producidos polo gando.

2  
3 Son tamén beneficiados os gandeiros/as xa que :  
4 -Eliminan a incertidume que supón enfrontarse a plans de forestación programados  
5 sen o seu coñecemento.

6 -Dispor dunha reserva de territorio para o pastoreo

7 -Poder construír nos montes servizos para o manexo: mangas de tratamento,  
8 abrigueiros, cebadoiros, cercados , etc.

9 -Ter a garantía de que o gando que teña autorización para pastar no monte, terá o  
10 mesmo control sanitario que ten o seu gando.

11 -Poder percibir axudas e subvencións para mellorar as súas explotacións.

12 Con este traballo conxunto, pódese camiñar cara conseguir produtos agrogandeiros  
13 de denominación de orixe, a potenciación de mercados locais para vendelos, a  
14 celebración de festas e feiras de exaltación dos produtos e tamén da defensa da  
15 titularidade comunitaria.

#### 16 17 **2.4.4.- O gando ceibo**

18 A situación do gando ceibo ten que ter outro enfoque. Este tipo de gando,  
19 maioritariamente cabalar, vive nos montes en moitos casos en total abandono, sen  
20 suplemento alimentar ningún e o seu manexo está máis preto de prácticas dos pobos  
21 nómadas prehistóricos que dun manexo propio dos tempos actuais.

22  
23 É un gando do que ninguén se responsabiliza da súa xestión e, polo xeral, os seus  
24 donos sóltanos nos montes sen ningún tipo de autorización. Na maioría dos casos non  
25 están saneados e son portadores de doenzas que poden contaxiar ao resto da cabana  
26 gandeira, ou á fauna salvaxe que vive no monte. Antes de chegar a posibles acordos  
27 entre comunidades de montes e os titulares de este gando ceibo, as comunidades de  
28 montes temos que esixirille á Administración Pública Galega que regule a:

29  
30 Identificación certa de cada animal e a do seu dono, que, cando estea seguro da súa  
31 responsabilidade coma propietario, será o primeiro interesado porque todo funcione.

32  
33 O saneamento, retirando dos montes os exemplares que non sexan identificados e  
34 saneados ou claramente doentes.

35  
36 Sería moi importante que, á maior brevidade, a Administración comezara, aínda que  
37 fose nada máis cun xesto demostrativo da súa determinación, a identificación dos  
38 equinos, por exemplo no Barbanza: teríamos así as comunidades de montes, e por  
39 suposto tamén os gandeiros, a certeza de que o monte galego vai por bo camiño e non  
40 dependa de quen governe Xunta. Nesta liña o único que podemos facer as comunidades  
41 de montes e colaborar coa Administración mesmo cedendo lugares onde pechar os  
42 animais en situación irregular antes de proceder a poxas públicas.

43  
44 Se cadra, non é o lugar nin o momento de concretarmos as posibilidades que, para o  
45 rural, tivo e pode ter a cría cabalar no noso país, pouca xente sabe que, hai pouco tempo,  
46 tiñamos máis cabalos no territorio galego quen o andaluz. A penas unhas breves  
47 pinceladas ao respecto:

48  
49 A resistencia dos nosos cabalos nos máis diversos traballos levou a que chegaran a  
50 todas partes do mundo dende a época romana, hoxe en desuso pola substitución dos  
51 vehículos a motor.

52 A produción cárnica aínda ten demanda a pesar de que foi maior noutras épocas.

1 O afondamento na catalogación da raza galega e a mellora das mandas ceibes, sen  
2 desprezo por aquelas menos puras xa que no monte todos cumpren a mesma función  
3 ecolóxica.

4 A aspiración de producir cabalos para o deporte e lecer na nosa terra, con animais  
5 dunha resistencia probada e indiscutida, son proxectos dunha envergadura histórica que  
6 suporán unha indiscutible mellora económica.

## 7 8 **2.5.- Valor engadido e Administración**

9 Para que a multifuncionalidade e a valorización dos aproveitamentos montes poida  
10 ser realidade as comunidades de montes temos tamén que propoñernos un traballo  
11 político. Temos que lograr que as administracións públicas, se impliquen tamén neste  
12 paso, e para iso hai que conseguir que comprendan e apoiem os nosos obxectivos, de  
13 diverso xeito:

14  
15 Que nas construcións públicas se promova o emprego de materiais provintes do  
16 monte galego e se priorice o uso de madeira. Sobre todo nas de carácter agroforestal  
17 como poden ser: puntos de vixía de incendios forestais, peches para o gando, aulas de  
18 natureza, etc. Así debería ser reflectido nos pregos de condicións nas licitacións destas  
19 obras. Tamén a divulgación e formación de arquitectos, inxenieros e técnicos nesta liña  
20 resulta fundamental pois eles son os que orientan os proxectos, de non haber unha  
21 dirección política nese sentido.

22  
23 A contribución das administracións, sobre todo as locais, a estes proxectos poden ser  
24 de diferentes xeitos: axudas económicas directas, contribuír a creación de brigadas de  
25 limpeza para o aproveitamento da biomasa forestal das comunidades de montes e  
26 cambiando a xestión enerxética e de calefacción dos edificios públicos adaptadas á  
27 biomasa forestal. Tamén obras de carácter social como poden ser: Centros de  
28 interpretación do monte e da natureza, posta en valor dos ben patrimoniais, defensa e  
29 conservación da biodiversidade, turismo rural e natural, disfrute da paisaxe.

30  
31 E mesmo dentro desta colaboración concellos-comunidades de montes, cobraría  
32 certo sentido que estas, destinasen unha parte dos seus orzamentos para colaborar cos  
33 concellos na execución de obras de carácter social e comunitario.

34  
35 Todos estes cambios de parecer dende as administracións causarían un efecto  
36 multiplicador e un apoio importantísimo aos obxectivos de valorización do monte veciñal.

## 37 38 **2.6.- O patrimonio cultural como recurso do monte**

39 Os montes veciñais amais, dos seus valores medioambientais e paisaxísticos, están  
40 cheos de indicios doutras épocas como: castros, mámoas, valados, petroglifos, camiños,  
41 muíños, que actualmente constitúen importantes valores culturais: patrimoniais e  
42 arquitectónicos.

43  
44 A posta en valor deses valores culturais require unha consideración especial, xa que  
45 o obxectivo debe ser a súa protección e conservación, é por iso que as comunidades de  
46 montes debemos sentirnos orgullosos de que se atopen no noso territorio e debemos  
47 contribuír a que a sociedade se conciencie no seu respecto e conservación.

48  
49 Mais, asegurando esa conservación, os restos patrimoniais, ao igual que os valores  
50 naturais e paisaxísticos, deben ser entendidos como un feito máis que acrecente o valor  
51 do monte comunal en si mesmo e poden ser un dos recursos máis dos montes veciñais.

52  
53 A valorización de todos estes elementos culturais, pode dar pé ao desenvolvemento  
54 dun simultáneo turismo rural natural e cultural, como un recurso máis dos montes

1 veciñais que xunto cos outros recursos, contribúan á dinamización socioeconómica da  
2 zona de influencia onde están asentados e ao desenvolvemento local. A chave, está en  
3 atopar o equilibrio entre conservación e o uso, para logralo os restos patrimoniais teñen  
4 que facerse visibles, na medida do posible.  
5

6 Moitas veces acontece que os "técnicos de patrimonio", defenden unha postura  
7 demasiado restrictiva no sentido de ocultar eses descubrimentos do pasado para evitar a  
8 espoliación, os actos vandálicos ou o deterioro pola afluencia masiva de persoas.  
9

10 É preciso facerlles comprender que se os restos patrimoniais permanecen ocultos, e  
11 non se fan visibles, nin se permitirá que se coñezan a nivel social, nin que a sociedade  
12 aprenda a respectalos, a coidalos, evitando ademais que as comunidades de montes os  
13 poñan en valor. Só a implicación na posta en valor da veciñanza comuneira poderá  
14 asegurar e garantir que se manteña no tempo a valorización, a protección e a  
15 conservación. Coa ocultación e descoñecemento correse o risco de que sexan pasto do  
16 lume ou de danos de traballos de corta e de forestación salvaxes, simplemente por  
17 ignorancia dos xestores do terreo.  
18

19 Unha vez postos en valor, a visita a estes restos patrimoniais ten que resultar  
20 gratificante, e non frustrante. Esta actividade de recuperación do patrimonio pode  
21 potenciar actividades de turismo, promocionar actividades comerciais de restauración,  
22 actividades relacionadas co lecer, actividades de ocio cultural e mesmo ser útiles como  
23 complemento educativo.  
24

25 Os custosos procesos de recuperación e de mantemento, non poden correr só a  
26 cargo das comunidades de montes, dado que entre os beneficiarios está a sociedade no  
27 seu conxunto e, en concreto, os concellos e tamén os empresarios, comerciantes e  
28 outros que ven aumentar a súa oferta turística. É por iso que semella lóxico que todos  
29 estes sectores contribúan dalgún xeito conxuntamente cos propietarios dos montes na  
30 posta en valor dos bens naturais, paisaxísticos, patrimoniais, e no seu mantemento.  
31

## 32 **2.7.- Valorización e xestión**

33 As figuras medioambientais, os usos múltiples do monte e os beneficios para a  
34 veciñanza comuneira.  
35

### 36 **2.7.1.- A función ambiental do monte e a Unión Europea**

37 Coa sinatura do Convenio sobre a diversidade biolóxica de Río de Janeiro, no ano  
38 1992, ponse en marcha a Estratexia Europea da biodiversidade no ano 1998. A xestión  
39 do medio natural, dos seus hábitats e especies, entran na preocupación da política  
40 europea para anticipar, prever e combater as causas de perda ou redución da  
41 diversidade biolóxica. Esta política artículase en tres directivas: a de Aves, a Hábitats e a  
42 Marco sobre a auga, amais de promocionar instrumentos que potencien a conservación e  
43 o uso sostible da biodiversidade no resto do territorio situado fora dos espazos  
44 protexidos.  
45

46 Con estas tres directivas o que se pretende e responder a necesidade de paliar a  
47 degradación e a destrución da biodiversidade no territorio da Unión Europea, promover  
48 o uso sustentable dos recurso naturais e establecer unha rede de protección para  
49 aquelas especies e hábitats máis singulares. Todas estas cuestións concrépanse na  
50 denominada Rede Natura que inclúe diversas figuras de protección de carácter estatal ou  
51 autonómico como poden ser: parques nacionais, zepas, zonas húmidas, parques  
52 naturais, reservas biolóxicas, etc.  
53

54 Esta é, en liñas xerais, a política medioambiental da Unión Europea que está sendo  
55 trasposta ás lexislacións estatais e autonómicas, mais, para levala adiante, fai falla

1 financiamento que neste momento é insuficiente e mesmo está mal instrumentalizado por  
2 parte dos Estados membros dado que a UE propuxo a “**Opción de integración** “ como  
3 mecanismo de financiamento, é dicir, que o cofinanciamento para a perspectiva  
4 financeira 2007-2013, debe acomodarse aos instrumentos europeos existentes.

5  
6 Consideramos que para levar adiante a Rede Natura a Unión Europea tería que :

7  
8 Ampliar o fondo estrutural destinado especificamente a aspectos medioambientais,  
9 para que estes, tivesen asegurada unha dotación suficiente para o fortalecemento da  
10 Rede Natura.

11  
12 Que os outros fondos estruturais europeos, tiveran unha aplicación real e  
13 complementaria aos estrictamente ambientais, nos espazos Rede Natura

14  
15 Que eses fondos estruturais introducisen o principio de conexión e o de  
16 compensación para solventar as posibles hipotecas de uso que puideran ter as terras  
17 situadas dentro do territorio de Rede Natura.

18  
19 Aínda sen cuestionar as medidas medioambientais incluídas nas Directivas europeas,  
20 consideramos que se a sociedade labrega e as comunidades de montes que viven nesas  
21 terras vense obrigadas ou limitadas nas súas actividades deben recibir unha  
22 compensación, e que o tecido social que comparte espazo nesas áreas ten que ser o  
23 principal beneficiado desas axudas.

24  
25 Se se busca un medio rural vivo e un desenvolvemento sustentable e equilibrado do  
26 territorio, ten que estar habitado, e polo tanto, as política europeas que potencien o  
27 desenvolvemento de actividades no medio rural non poden esixir exclusivamente a  
28 acreditación dunha viabilidade económica, senón ter conta a función social, que ate o de  
29 agora foi a grande esquivada porque as políticas europeas foron deseñadas ao marxe  
30 das persoas afectadas que viven, traballan e xestionan o medio rural.

31  
32 A Unión Europea fixa como directrices para os montes, incluídos os montes veciñais,  
33 que cumpran as funcións social, económica e medioambiental, así como as funcións  
34 recreativas e os valores estéticos e paisaxísticos do monte.

35  
36 As comunidades de montes somos case o único elemento, do que podemos  
37 denominar sector montes, que dende sempre defendemos esas funcións de xeito  
38 compatible e interrelacionadas, polo tanto, os montes veciñais ademais de producir bens  
39 tanxibles e cuantificables, dos que os beneficiados son os titulares de esas terras,  
40 producen tamén bens intanxibles e de difícil cuantificación, dos que é beneficiaria toda a  
41 sociedade. Parece lóxico, que se os titulares desas terras que soportan o peso do  
42 mantemento da función medioambiental, reciban algún tipo de compensación por esta  
43 tarefa.

44  
45 Por outra parte, semella tamén lóxico que a función medioambiental que cumpren os  
46 montes veciñais non deba quedar só na decisión dos titulares de esas terras; na súa  
47 planificación participará tamén a sociedade a través das súas organizacións e as  
48 Administracións.

49  
50 A solución pasa, xa que logo, polo logro dun equilibrio compensatorio aos titulares  
51 das terras por ter que hipotecar certos usos do monte para beneficio de toda a  
52 sociedade, no que se compatibilicen as figuras protectoras medioambientais, os usos  
53 múltiples dos montes veciñais e os beneficios das veciñanza comuneira, definido nunha  
54 ordenación racional do territorio e nunha ordenación dos usos das terras. Como premisa,  
55 ten que permitir que a veciñanza viva nos núcleos de poboación xa existentes a carón do

1 monte, porque non é posible un medio rural vivo sen poboación, nin un monte veciñal  
2 vivo sen veciñanza comuneira.

3  
4 A sociedade en xeral, ten entender, e mesmo que defender, esta compensación para  
5 os titulares das terras, é xusta, e máis no caso do noso país, no que o monte veciñal  
6 ocupa 1/4 do territorio.

7  
8 As comunidades de montes temos que defender que a implantación das medidas  
9 medioambientais son fundamentais para a defensa do ecosistema (por exemplo, que as  
10 forestacións salvaxes de piñeiros e eucaliptos nas serras galegas atlánticas acabaran cos  
11 bosque atlántico, as uceres e outra vexetación autóctona). Debemos defender a  
12 implantación de medidas protectoras medioambientais, pero tamén as medidas  
13 compensatorias. Tamén defendemos que estas compensacións non poden ser de puro  
14 carácter mercantilista nin que estas prestacións medioambientais deban retribuírse de  
15 xeito individual polo goce das mesmas.

16  
17 A nosa defensa debe ir na liña de que os montes deben seguir a ser espazos abertos,  
18 e que esas compensacións deben vir como axudas específicas ou incremento na  
19 porcentaxe de axudas que normalmente teñen os montes veciñais. Polo tanto, a  
20 implantación de medidas medioambientais é preciso coordinalas co desenvolvemento do  
21 medio rural. É preciso mudar a política proteccionista de carácter illacionista, a unha  
22 política medioambiental que compatibilice a perservación dos sistemas naturais co uso  
23 racional dos recursos nun ameío de xestión do territorio.

24  
25 A planificación e a xestión dos espazos protexidos ten que contar coa opinión e a  
26 participación dos titulares das terras, ten que ir xunguido unha ordenación racional do  
27 territorio e un desenvolvemento rural sustentable, é dicir, ten que ser unha planificación e  
28 unha xestión integrada onde se conxuguen a conservación do medio e a defensa da terra  
29 coas dinámicas socioeconómicas do territorio.

### 30 31 **2.7.2.- Os beneficios indirectos dos montes veciñais** 32 **Sumidoiro de carbono e quecemento global**

33 Comprendendo os problemas derivados da crise ambiental mundial, entre os cales o  
34 quecemento global e o cambio climático son actualmente o punto sobre o cal xiran as  
35 grandes decisións mundiais. As comunidade de montes temos que adoptar medidas na  
36 mesma liña e aumentar a capacidade dos montes, como sumidoiros de carbono.  
37 Mediante a diminución ou eliminación dos lume se da combustión dos restos vexetais, así  
38 como coa promoción da reforestación, da silvicultura e da recuperación do bosque  
39 atlántico estaremos contribuindo a frear o quecemento global.

40  
41 O cambio climático é un efecto global xerado polo efecto invernadoiro, resultante da  
42 emisión a atmosfera de grandes cantidades de gas carbónico (CO<sub>2</sub>), sobre todo dende a  
43 revolución industrial do século XIX nos países industrializados e nos países en vía de  
44 industrialización. Actualmente está sendo comprendido de xeito maioritario pola  
45 sociedade como un problema medioambiental que afecta a todo planeta e a toda a  
46 humanidade.

47  
48 As comunidades de montes temos que adoptar medidas na mesma liña e aumentar a  
49 capacidade dos montes, como sumidoiros de carbono. Mediante a diminución ou  
50 eliminación dos lume e da combustión dos restos vexetais, así como coa promoción da  
51 reforestación, da silvicultura e da recuperación do bosque atlántico.

52  
53 No ciclo do carbono, a masa vexetal arbórea cumpre o papel de minguar deses  
54 efectos a través da fixación do CO<sub>2</sub>, amais doutras funcións ambientais como a de  
55 combater a erosión, da defensa da biodiversidade, regulación do ciclo da auga, etc.

1  
2 O cambio climático, preténdese paliar baixo a máxima de "quén contamina, ou o que  
3 máis CO<sub>2</sub> emita a atmosfera, paga", e non baixo a filosofía de reducir a contaminación.  
4 Deste xeito, estase a xerar un comercio de certificacións de emisións, que non ten como  
5 fin eliminar as emisións, ou súa redución, senón a redistribución da emisión a atmosfera  
6 dos gases contaminantes. En base a este comercio de emisións, estase a producir un  
7 tremendo negocio no que participan os Estados que poden mercar e vender emisións, os  
8 axentes de Bolsa que ofrecen e demandan dereitos e emisión, as grandes industrias que  
9 acadan axudas públicas para sufragar as súas renovacións tecnolóxicas co gallo de  
10 reducir as emisións e ata negocio para actuacións pintorescas como pode ser a proposta  
11 da Deputación de Pontevedra de crear un banco de emisións voluntario. Un negocio para  
12 todos xa que o prezo da Tm de CO<sub>2</sub>, oscila entre os 15 e 30 euros.  
13

14 Mentres, os titulares dos montes veciñais que absorben nas súas terras importantes  
15 cantidades de CO<sub>2</sub> (uns 12 millóns de Tm ao ano) nin sequera foron chamadas para  
16 discutir o tema das certificacións das emisións.  
17

18 Aínda non estando de todo de acordo coa Estratexia Española do Cambio Climático e  
19 Enerxías Limpas no horizonte 2007-2012-2020, sobre todo no que respecta á defensa  
20 que esta fai da forestación e diminución de terras agrarias e cambio dos cultivos  
21 herbáceos polos leñosos. Aínda así, defendemos que as terras veciñais, teñen que ser  
22 compensadas económica ou fiscalmente, pola eliminación de CO<sub>2</sub> que levan a cabo,  
23 porque o custe do mantemento desta función corre a cargo dos titulares destas terras e o  
24 beneficio da mesma recae na sociedade no seu conxunto.  
25

26 O argumento para a compensación está en que estas terras cumpren a súa función  
27 medioambiental, e entre ela a de ser sumidoiros de CO<sub>2</sub>, os titulares teñen que planificar  
28 o uso dos seus montes, que contratar persoal para elaborar seus plans de ordenación ou  
29 de xestión e para levar adiante as tarefas de silvicultura necesarias, teñen que ter medios  
30 para combater os lumes e as pragas e todos estes traballos teñen un custe.  
31

32 Mais como vimos defendendo, estas compensacións deben ser unhas  
33 compensacións que se apliquen de xeito obrigado ao logro dun monte veciñal  
34 multifuncional e sustentable mediante as vías de:

35 Axuda directa polo combate o cambio climático, bonificacións fiscais, ou incremento  
36 na porcentaxe da axuda de tipo xeral, aplicadas a:

37 Aumento da superficie repoboada dos montes con especies autóctonas primando a  
38 biodiversidade sobre o beneficio inmediato.

39 Posta en valor do monte de xeito multifuncional e sustentable e desenvolvemento do  
40 mundo rural  
41

42 Nalgúns casos, moi concretos, podería mesmo server na liña de incrementar as  
43 rendas das persoas que viven no medio rural co obxectivo de fixar poboación. Se cadra,  
44 este punto pode ser polémico, mais hai que ter en conta, que non é posible un medio  
45 rural vivo sen poboación. Estas compensacións, non deben entenderse como axudas a  
46 fondo perdido, nin como unhas esmolos, senón como unha contraprestación polo servizo  
47 común que fan e como unha redistribución dos custes medioambientais  
48

49 Dende o ano 2007, a ORGACMM, prantexou o debate social de que as  
50 comunidades de montes veciñais deberían ser compensadas económica e/ou  
51 fiscalmente, por ser unhas terras que absorben CO<sub>2</sub> para benéfico de toda a sociedade.  
52 Esta idea, foi recollida polo grupo parlamentar do BNG, que no mesmo ano, prantexou no  
53 Parlamento Galego, unha proposición non de lei para que se instase o Goberno Central,  
54 que é o que ten as competencias, para que define esas compensacións as comunidades  
55 de montes, sendo aprobada por unanimidade no Parlamento Galego. No mesmo ano, o

1 representante do BNG no Senado, trasladoulle esta proposición non de lei ao Goberno  
2 Central e este rexeitouna, é po riso que entendemos que o Goberno Español, despreza  
3 un acordo unánime do Parlamento Galego.

4  
5 Esta é unha das principais funcións ecolóxicas do monte e a contribución máis  
6 importante que podemos facer á solución para un dos problemas máis graves que  
7 preocupan ás sociedades humanas actuais.

### 9 **2.7.3.- Montes veciñais e xeración de emprego**

10 A posta en valor dos montes veciñais, de xeito multifuncional e sustentable ten que  
11 xerar emprego para os seus lexítimos titulares e tamén como consecuencia para os  
12 habitantes do medio rural. Estas terras foron ab ase económica dos seus antecesoes  
13 dende tempos inmemoriais, e deben seguir séndoo como base da produción primaria do  
14 país. Nesta xeración de emprego e onde as comunidades de montes, temos que marcar  
15 a diferenza.

16  
17 Na actualidade é cando as comunidades de montes máis teñen que acudir a  
18 empresas alleas e para contratar persoal para traballos técnicos (plans de ordenación, de  
19 xestión, proxectos técnicos), e para levar adiante obras de infraestrutura que require o  
20 uso de maquinaria pesada (captación de augas, adecuación de vías, cortas, etc.).

21  
22 Mais temos que empezar a dar os pasos para atopar unha solución que terá que vir  
23 pola unidade organizativa das comunidades de montes, da ORGACCMM e das  
24 Mancomunidades de Montes. Isto sería posible se as comunidades de montes adquiren o  
25 compromiso de acudir as dúas entidades arriba indicadas para propoñer ou solicitar  
26 servizos de interese común, mesmo sentíndose obrigadas a contratalos sempre e cando  
27 os custes sexan parellos aos do mercado.

28  
29 As alternativas poden vir de:

30 Contratación de persoal e técnicos propios para levar adiante traballos técnicos.

31  
32 A realización obras de infraestrutura dotándose pouco a pouco de maquinaria, en  
33 uso ou propiedade, xa que resulta máis económica que a contratación reiterada de  
34 empresas privadas.

35  
36 Nos primeiros anos será preciso aplicar o concepto de solidariedade, aínda que os  
37 custes puideran ser un pouco máis altos. O esforzo de inversión inicial permitiría un  
38 lanzamento das propostas de servizos, estaríamos traballando no presente, máis tamén  
39 de cara o futuro, non só na xeración de emprego, senón na xeración de emprego local, e  
40 xa que logo, estaríamos traballando para que o valor engadido e a riqueza que xere o  
41 emprego, quede no mesmo medio e polo tanto fixe población.

42  
43 No resto dos traballos nos montes, xa sexan de silvicultura ou non, produto de  
44 calquera tipo de axuda o derivados dos plans de ordenación ou de xestión dos seus  
45 montes, poden, e se cadra deben, facelos as propias comunidades de montes,  
46 empregando diversas formulas como poden ser contratación dos traballadores/as pola  
47 propia comunidade de montes, creando a mesma veciñanza comuneira formulas  
48 cooperativistas, xerando estruturas empresariais dende as propias comunidades de  
49 montes, ou a través da Mancomunidades de comunidades de montes.

50  
51 Con este sistema, ademais xerar emprego local, valor engadido para o monte e  
52 distribución da riqueza na zona de influencia do monte, xogaríase tamén a que as  
53 plusvalías xeradas polo emprego sexan para o monte e para os traballadores/as,  
54 entendense deste xeito o dereito ao traballo como un dereito social e polo tanto, e na

1 medida que fose posible, primar a contratación de colectivos desfavorecidos ( mulleres,  
2 mozos/as, diminuídos, traballadores de idade, etc.).  
3

4 Se cadra, a día de hoxe, a formula máis acaída sexa facer os trábалlos a través das  
5 Mancomunidades, non só porque poden facturar e abaratar custes, senón porque as  
6 mesmas comunidades de montes, dirixen os traballos. Para isto, tamén é fundamental o  
7 compromiso de contratar todos os traballos ás Mancomunidades nas mesmas condicións  
8 contractuais que a unha empresa.  
9

10 Agora ben, para lograr este emprego de calidade, é preciso que as comunidades de  
11 montes ofrezamos un traballo digno (salarios en condicións, cumprimento de todos os  
12 dereitos laborais, plans de seguridade e hixiene no traballo, seguridade social no réxime  
13 xeral, etc.), e tamén é preciso que os traballadores/as, sen renunciar para nada os seus  
14 dereitos laborais, entendan que o monte, ademais de súa "empresa ", é unha titularidade  
15 súa (no caso dos traballadores contratados pola propia comunidade de montes), ou un  
16 ben común (no caso de que quen realizase o traballo foran as Mancomunidades de  
17 comunidades de montes ).  
18

19 Para a realización dos traballos no monte, e ademais facelo dende a perspectiva que  
20 vimos defendendo, é preciso que os traballadores/as do monte tendan á  
21 profesionalización, formativa e estable no tempo. Se ben e certo que o nivel de estudos  
22 superiores relacionados co monte (enxeñerías técnicas e superiores) é máis ou menos  
23 bo, a orientación destes estudos é a de relacionar o monte co forestal, ignorando o  
24 estudo da historia e características socioeconómicas das comunidades de montes,  
25 comprendendo e promocionando o funcionamento multifuncional do monte e orientandoo  
26 cara á formación profesional adecuada.  
27

#### 28 **2.7.4.- Educación e formación no emprego**

29 Compre que na educación xeral, e máis concretamente na formación profesional  
30 específica se conte con formación relacionada coas actividades do monte, coa súa posta  
31 en valor de xeito multifuncional e sustentabl, contando ademais cunha importante  
32 compoñente practica desta formación profesional, coa que poderían colaborar mesmo as  
33 Comunidades de Montes.  
34

35 A formación ocupacional, que ten como obxectivo a cualificación do traballador/a en  
36 desemprego para facilitar a súa integración no mercado do traballo, ten que prestar  
37 importancia á formación dos traballadores/as do monte, xa que neste tipo de formación  
38 escasamente se programan cursos relacionados con estes traballos. Estes cursos de  
39 formación profesional están promovidos por: concellos, sindicatos, organizacións  
40 empresariais e outras entidades publicas. Tamén están as escolas taller ou obradoiros de  
41 oficios que son levadas adiante polas administracións públicas, maioritariamente os  
42 concellos.  
43

44 Estás dúas vías de formación profesional, teñen que servir tamén para a formación  
45 de traballadores/as do monte cualificados así como coa formación relacionada coas  
46 múltiples actividades do monte (maquinistas, motoserristas, viveiristas, expertos en  
47 postas en valor de recursos naturais, patrimoniais, etc.).  
48

#### 49 **2.8.- Normativas europeas e financiamento**

##### 50 **2.8.1- Programas europeos de desenvolvemento rural**

51 O logro dun monte veciñal, multifuncional e sustentable, só será posible nun medio  
52 rural vivo. Coa incorporación dos últimos estados á Unión Europea, a superficie rural do  
53 seu territorio incrementouse ate o 90%. Estes datos poderían dar a entender que o  
54 desenvolvemento do medio rural terase que converter nun obxectivo da política de  
55 conexión económica social, medioambiental e territorial.

1  
2       Fronte a este escenario, o deseño da política de desenvolvemento rural europeo para  
3 o período 2007/2013, concretase no denominado Novo Regulamento do  
4 Desenvolvemento Rural, que en vez de formar parte da Política de conexión, incorporase  
5 como un apéndice máis da Política Agraria Común. Esta incorporación significa que as  
6 medidas de desenvolvemento rural, que por definición, deben ser medidas  
7 multisectoriais, pasan a ser encaixadas nun ámbito de política sectorial, neste caso a do  
8 agro.

9  
10       Neste cadro, o que se esta a producir é unha considerable perda de conexión  
11 territorial e social, xa que cada reforma que se ten producido na Política Agraria Común  
12 vai nese sentido, dado que ao basearse as axudas no concepto de rendibilidade  
13 económica, o que se produce é que cada vez hai menos número de beneficiados e  
14 menos territorio beneficiado.

15  
16       Semella pois, que a política europea de desenvolvemento rural, non avanza na  
17 dirección necesaria e ademais de esixir un cambio de rumbo na política europea de  
18 desenvolvemento rural, hai que esixir que mentres que iso non ocorra, que a  
19 Administración Central e a Administración Galega, coas súas capacidades de traslado  
20 dos fondos europeos aos seus territorios elaboren unha política de desenvolvemento  
21 rural adecuada, con fondos propios, adaptada aos distintos territorios, que consolide e  
22 asegure os proxectos, que fomente a participación social real nos proxectos de  
23 desenvolvemento

24  
25       De nada vale, por exemplo, que na letra escrita se esixa e mesmo se obrigue a  
26 presenza nos grupos de desenvolvemento rural de colectivos como poden ser mulleres,  
27 mocidade, ecoloxistas ou culturais se logo, na mecánica das axudas, estes colectivos,  
28 por incapacidade económica non poden desenvolver ningún proxecto.

29  
30       O novo regulamento de desenvolvemento rural europeo, coñecido como Programa  
31 Leader Galicia 2007/2013 divídese en tres eixos: o primeiro ten como obxectivo o  
32 aumento da competitividade do sector agrario e do de montes, o segundo eixo a mellora  
33 do medio ambiente e do entorno rural e o terceiro o logro de calidade de vida nas zonas  
34 rurais e a diversificación da economía rural. Dende o punto de vista das comunidades de  
35 montes, os proxectos que se poden levar adiante dentro destes tres eixos son:  
36 producións non forestais do monte transformación dos produtos, forestación,  
37 valorización dos recursos medioambientais, postas en valor dos restos patrimoniais  
38 actividades turísticas ou formación profesional

39  
40       E dicir, proxectos e medidas que poden axudar ao logro dun monte multifuncional e  
41 sustentable, é por iso que as comunidades de montes temos que estar atentos a estas  
42 liñas de axudas e temos que formar parte dos Grupos de Desenvolvemento Rural e dos  
43 seus órganos de gobernos cun obxectivo claro, lograr que o desenvolvemento práctico do  
44 programa Leader signifique o logro dun territorio rural vivo.

45  
46       Entre outros programas europeos aos que podemos acollelos as comunidades de  
47 montes, podemos citar: Adecuación das liñas de axudas europeas a realidade dos  
48 montes veciñais e das comunidades de montes.

49  
50       Nas liñas de axudas derivadas de programas de corte europeo o primeiro que chama  
51 a atención e que nos beneficiarios destas axudas, non figuran nin os montes veciñais, nin  
52 as comunidades de montes como figuras propias como beneficiarios, aparecen concellos,  
53 empresas, persoas físicas, persoas xurídicas máis os montes veciñais e as comunidades  
54 de montes non aparecen como tales.

1 É certo que na plasmación en Galicia de estes programas europeos aparecen os  
2 montes veciñais, as comunidades e as mancomunidades de montes máis figuran de xeito  
3 inestable e como produto de loita que dende tempo vimos levan do as comunidades de  
4 montes por situar o monte veciñal no País como unha realidade máis.

5  
6 Máis estamos colgados dun fío e a expensas de calquera recurso que poida  
7 presentar calquera, porque as comunidades de montes non somos entidades públicas,  
8 non temos personalidade xurídica, nin temos porque tela.

9  
10 Somos unha realidade propia do noso País e tratamos de que se recoñeza ao  
11 monte veciñal e as comunidades de montes en todos os ámbitos, sendo diante das  
12 convocatorias de axudas un punto fundamental, polo que o ámbito europeo non pode  
13 ser unha excepción. Temos que loitar para que na Unión Europea se recoñeza ao  
14 monte veciñal como unha realidade máis e distinta, sendo contemplados nas liñas de  
15 axudas, para iso teremos que buscar a unidade de acción con outros países nos que  
16 tamén existan titularidades semellantes (Portugal, Romenia, Alemania, Noruega,  
17 etc.).

### 18 19 **2.8.2.- Entidades sen ánimo de lucro**

20 Normalmente, e con razón, nas liñas de axuda europeas, tanto nas de carácter  
21 productivo como nas de carácter non productivo priorizan as entidades sen ánimo de  
22 lucro, mais as comunidades de montes habitualmente temos que argumentar se somos  
23 ou non entidades sen ánimo de lucro.

24  
25 No debate, é moi difícil facerlle comprender ás institucións e a outras entidades que  
26 as comunidades de montes, ao menos nunha inmensa maioría, son entidades sen ánimo  
27 de lucro dado que se centra o debate no tema fiscal e alegan que son suxeitos pasivos  
28 no Imposto sobre Sociedades, o que non cabe ningunha dúbida é unha inxustiza.

29  
30 Unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de data 11 de abril de 1995 e outra  
31 do 3 de maio de 1999, veñen soste que unha entidade para que poida desenvolver  
32 óptimamente a súa función social non ten porque renunciar os ingresos ou beneficios  
33 procedentes do resultado da súa xestión, o que en absoluto, comporta unha  
34 incompatibilidade na súa clasificación como entidade sen ánimo de lucro.

35  
36 Outra sentenza, neste caso do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, de  
37 data de 21 de marzo de 2002, ven dicir que nada impide que unha entidade poida ser  
38 cualificada como sen ánimo de lucro, aínda no caso de que persiga a obtención de  
39 beneficios, ou ben os xere de forma esporádica ou circunstancial, sempre estes non se  
40 repartan entre ou seus socios ou membros.

41  
42 Polo tanto, nada impide xurídica e fiscalmente que as comunidades de montes poidan  
43 ser consideradas como entidades sen ánimo de lucro.

### 44 45 **2.8.3.- Realización dos traballos obxecto da axuda**

46 En principio nada impide que os traballos subvencionados, sexan realizados polas  
47 propias comunidades de montes mediante a contratación directa de persoal. O problema  
48 dase diante da xustificación da axuda, xa que se é subcontratada a unha empresa  
49 abonda cunha factura, e o xustificante de pago, mentres que ás comunidades de montes  
50 non só se lles esixen as nóminas e os pagos, senón tamén os contratos específicos para  
51 o proxecto, non admitindo máis que unha proporción do persoal xa contratado, a  
52 cotización á Seguridade Social e a retención de facenda, así como un certificado de  
53 técnico competente no que se faga un desglose diario de todas as unidades de obra, o  
54 que significa un atranco administrativo complementario. Non digamos a xustificación de  
55 gasto corrente diario (dietas, desprazamentos e outros gastos menores).

1  
2  
3  
4  
5  
6  
7

Os traballos feitos por contratación de traballadore/as pola propia comunidade de montes non só deben ser admitidos, senón que terían que ser promocionados dado que con ese método de contratación, ademais de rendibilizar as axudas recibidas, o que se está a primar é a xeración de emprego local, a xeración de emprego digno xa que deberá facerse polo Réxime Xeral, e a entender o dereito ao traballo como un dereito social.

1 **3º Relatorio**  
2 **ALIANZAS PARA LOGRAR UN MONTE VECIÑAL MULTIFUNCIONAL NUN MEDIO**  
3 **RURAL VIVO**  
4 *Porque a túa nube é miña*  
5 *e estamos mollados na mesma auga*  
6 *Ven.....Rafa Villar*  
7

8 **3.1.- O monte veciñal como suxeito en si mesmo**  
9

10 Na actualidade, a superficie do monte veciñal ven sendo 1/4 do territorio galego e  
11 implica arredor de 3000 comunidades de montes veciñais e a uns 250.000 veciños e  
12 veciñas comuneiñas que forman parte da sociedade civil organizada e que, por medio das  
13 Asembleas Xerais, xestionan democraticamente estes bens.  
14

15 O monte veciñal aporta 5% do produto interior bruto e só, dende o punto de vista  
16 forestal, xera 26.000 postos de traballo a través de 3.600 empresas. Aínda que non está  
17 cuantificados, a estes postos de traballo habería que engadir os xerados polas industrias  
18 que teñen como base territorial o monte, os xerados polas empresas de silvicultura e  
19 polas comunidades e mancomunidades de montes.  
20

21 É por iso que ao redor dos montes veciñais xéranse moitos bens e servizos dos que  
22 son beneficiarios a sociedade rural directamente mais tamén a sociedade no seu  
23 conxunto mediante: protección do solo, recursos hídricos, fixación de carbono, defensa da  
24 biodiversidade, espazos abertos onde o gozar da paisaxe, practicas deportivas o aire  
25 libre, de actividades de lecer, etc. Deste xeito, consideramos que o monte veciñal, pola  
26 súa peculiaridade, é un ben, un suxeito, un obxectivo en si mesmo.  
27

28 **3.1.1.- O monte veciñal no desenvolvemento estratéxico do país**  
29

30 No presente, e de cara o futuro máis inmediato, as comunidades do monte temos que  
31 lograr que o obxectivo do cumprimento das tres funcións do monte sexa unha das pezas  
32 chave para o logro dun medio rural multifuncional e sustentable, no que a posta en valor  
33 das diversas actividades que se leven adiante acaden un equilibrio entre o uso dos  
34 recursos e a defensa do medioambiente, obtendo un beneficio destas actividades que  
35 contribúan á fixación de poboación e á calidade de vida do rural.  
36

37 As múltiples funcións que hoxe desenvolven os montes veciñais, e as que teñen que  
38 desenvolver no futuro máis inmediato, xunto coa xestión democrática e o papel de  
39 conexión social que cumpren, son valores suficientes para que o goberno galego  
40 considere a existencia do monte veciñal, e o seu desenvolvemento multifuncional e  
41 sustentable, como estratéxico para o país.  
42

43 As comunidades de montes están a cumprir unha importante función social de mellora  
44 da calidade de vida de xeito colectivo (dotación de infraestruturas e de servizos), xeran  
45 cada vez máis emprego e manteñen viva unha parte importante da cultura popular galega  
46 (conservación do patrimonio material e inmaterial: festas populares, reivindicativas,  
47 bandas de música, grupos de gaitas, teatro, grupos de bailes,), manifestacións da cultura  
48 popular que se cadra, sen a existencia das comunidades de montes estaría esmorecida.  
49

50 Temos que esixir a participación das comunidades de montes en todos aqueles  
51 órganos de democracia participativa (regulamentos de participación veciñal, consellos  
52 consultivos das diversas administracións públicas, Axenda 21, etc.). Ao mesmo tempo,  
53 temos que reforzar e mellorar a xestión democrática dos montes veciñais, garantindo a  
54 igualdade e o relevo xeracional mediante a incorporando da xente moza e das mulleres.  
55 Mais para lograr este obxectivo é preciso manter na lexislación o concepto xermánico da  
titularidade veciñal e acadar políticas que posibiliten o desenvolvemento de todas as

1 potencialidades dos montes veciñais. Temos que lograr, coa nosa loita, que esta  
2 titularidade especial poida desenvolverse como tal no marco xurídico actual de carácter  
3 romano. Non estamos a falar de políticas de favoritismos, senón dunha discriminación  
4 positiva que promocióne a existencia do monte veciñal como contribución ao  
5 desenvolvemento económico e social do país.

### 6 7 **3.2.- Economía rural e desenvolvemento sustentable.**

8 A economía rural evolucionou dende a antiga economía agraria de autoconsumo ás  
9 diversas organizacións económicas actuais, nestas podemos atopar grandes empresas  
10 multinacionais e máis comunmente organizacións empresariais aliñadas coa economía  
11 social. Como economía social désígnase a unha parte da realidade social diferenciada  
12 tanto do ámbito da economía estatal, do sector público, como da economía privada de  
13 natureza capitalista.

#### 14 15 **3.2.1.- Os principios da economía social**

16 Estaría dirixida por organizacións privadas, principalmente cooperativas, mutualidades  
17 e asociacións, cuxa ética responde aos principios seguintes:

18  
19 - Procesos de decisión democráticos.

20  
21 - Primacía das persoas e do traballo sobre o capital na repartición das rendas, o cal  
22 implica unha lóxica de distribución dos beneficios tales como: o principio cooperativo do  
23 retorno, a dotación de patrimonios colectivos, a remuneración limitada ao capital, ou ata a  
24 regra de non distribución de beneficios a favor do investimento público e social.

25  
26 - Finalidade de servizo aos seus membros ou á colectividade antes que de lucro. O  
27 beneficio pode aparecer pero será en todo caso un obxectivo intermedio para o fin último  
28 da entidade que é o de dar servizo e autonomía de xestión, diferenciándose con iso  
29 especialmente das entidades pertencentes á esfera pública.

30  
31 Os valores que contén (democracia, interese social, xustiza distributiva) imprímense  
32 de modo imaxinativo e plural nas distintas formas sociais de entidades que integran este  
33 sector.

34  
35 A economía social integra dous subsectores:

36 O subsector de mercado, integrado polas empresas con organización democrática.  
37 Estaría formado, polas seguintes formas xurídicas: Cooperativas, Sociedades laborais,  
38 Sociedades Agrarias de Transformación, Caixas de aforro e Mutualidades.

39  
40 O subsector de non mercado, que integraría ás institucións privadas sen fins de lucro:  
41 Asociacións, Fundacións ou outras formas xurídicas.

42  
43 Á par desta realidade social, que se denomina economía social, atópanse outros  
44 termos como o denominado terceiro sector, sector voluntario, non lucrativo, solidario,  
45 iniciativa social, etc., que designan realidades moi próximas e que inclúen a diferentes  
46 entidades actuantes tamén no medio rural.

#### 47 48 **3.2.2.- As Comunidades de Montes na economía social**

49 A situación legal dos montes veciñais móvese na ambigüidade de ser consideradas  
50 entidades lucrativas, por obter beneficio, mais, ao ser este reinvestido en acción social, as  
51 actividades económicas poderían enmarcarse dentro da economía social.

52  
53 Se ben é certo que non todas as CCMM teñen neste sentido un criterio xeral, existe a  
54 obriga da reinversión no monte e da posibilidade da reinversión social o que nese caso as

1 converte en entidades non lucrativas cunha clara vocación de desenvolvemento e  
2 dinamización da sociedade rural.

### 3 4 **3.2.3.- O monte e a economía neoliberal**

5 O capitalismo non ten a honra de ser o mellor que a historia puido cultivar, funcionou  
6 esnaquizando e desestruturando a sociedade para reestruturala baixo os seus intereses  
7 economicistas e de sometemento político.

8  
9 Diluíu todas as institucións e valores humanos tradicionais que as sociedades foron  
10 creando ao longo de séculos de convivencia na natureza e en sociedade, que, logo de  
11 darlles uso durante milleiros de anos, de súpeto un día non serviron aos intereses do  
12 mercado.

13  
14 Mesmo neste momento o sistema neoliberal vixente está en grave crise, e todos os  
15 líderes políticos mundiais concordan na súa superación, mais, esta, dende o punto de  
16 vista da cidadanía debería ser substituída por unha alternativa máis ecolóxica, humanista  
17 e democrática.

18  
19 Independentemente da organización económica imperante temos que conseguir  
20 manter o estatus dos montes veciñais, mellorar a súa cobertura legal e que o monte atope  
21 o seu lugar na sociedade actual.

### 22 23 **3.2.4.- Diagnose da economía rural e desenvolvemento**

24  
25 O desenvolvemento da economía, mellor dito, da socioeconomía das zonas rurais,  
26 depende en grande medida da posta en práctica de políticas adecuadas, mais tamén da  
27 actitude das poboacións do territorios rurais e do seu grao de implicación. Ate o día de  
28 hoxe, a maioría das actividades que tiveron lugar no medio rural, derivadas das  
29 aplicacións dos programas europeos, foron para beneficio dun grupo restrinxido de  
30 empresarios. E foi así, porque as políticas europeas de axudas ao medio rural  
31 baseáronse máis en cuestións económicas que en cuestións sociais. Esta concepción  
32 significou que moitos territorios e moitos sectores do medio rural (mozos/as, mulleres,  
33 asociacións culturais, medioambientais, etc.) quedasen fora deses programas de  
34 desenvolvemento porque, en última instancia, non estaban ideados, nin para cubrir as  
35 súas necesidades, nin adaptadas a súa realidade socoecómica. Pensemos, por  
36 exemplo, na mellora que significaría para o medio rural, se se cambiasen os criterios da  
37 Política Agraria Común, e se estes incluísen o permitir que o sector agrogandeiro  
38 producise alimentos suficientes e de calidade. Estes novos criterios só se conseguen  
39 cunha acción de reivindicación social.

40  
41 A posta en valor dos montes veciñais, de xeito multifuncional e sustentable, ten que  
42 considerarse como un elemento máis da posta en valor do medio rural, e ten que ter  
43 como obxectivos centrais a defensa da terra, a xeración de emprego, e xa que logo, a  
44 fixación da poboación no medio, máxime nos tempos que vivimos nos que no noso país,  
45 segue a tendencia do despoboamento no medio rural. Nunha ordenación racional do  
46 territorio, dos usos das terras e dos montes veciñais, é onde hai que situar as políticas de  
47 desenvolvemento que satisfagan as necesidades da poboación do medio rural. Neste  
48 marco, tamén hai que situar os montes veciñais das vilas e das cidades, os chamados  
49 periurbanos, porque tamén son montes veciñais mantendo as funcións sociais e  
50 medioambientais que lle son propias.

51  
52 Maior relevancia, tamén deben cumprir todas as funcións a desenvolver no monte. É  
53 certo que en moitos entornos rurais, pódense levar adiante actividades de lecer e  
54 turísticas, mais o desenvolvemento do medio rural (e dentro del, os montes veciñais), ten

1 que basearse nas actividades agrograndes e no desenvolvemento dos usos múltiples  
2 dos montes veciñais, se o que se pretende é un medio rural vivo e fixar poboación.  
3

4 Para garantir esta situación, o medio rural precisa desenvolver unha acción conxunta  
5 baseada na defensa dos intereses comúns, unha alianza entre a sociedade agrogandeira  
6 e a veciñanza comuneiras que teñen que facer chegar a súa mensaxe ao resto da  
7 sociedade.  
8

9 O futuro do medio rural, require dunha ordenación do territorio de xeito integral, que  
10 implique unha xestión do solo compatible con actuacións de desenvolvemento, con  
11 mecanismos para a súa conservación, tamén coa conservación do medio natural e dos  
12 bens patrimoniais. Non é posible o logro dun medio rural vivo, incluíndo aos montes  
13 veciñais, se se fai como ate de agora, se as políticas de ordenación, de desenvolvemento  
14 do medio rural e medioambiental, van por camiños distintos. Se non se diseña unha  
15 política integradora, e ao mesmo tempo, todo isto non é posible, se non se implica e  
16 acada o principal protagonismo a sociedade civil organizada que desenvolve as súas  
17 actividades no medio rural.  
18

### 19 **3.2.5.- Dotación de infraestruturas e servizos no medio rural**

20 Para acadar un medio rural, e local, vivo e con poboación é preciso que se xere  
21 emprego e que se xeren rendas suficientes para que ás persoas lles resulte un incentivo  
22 vivir nel. Porque teñan garantido un horizonte de vida, unha situación económica digna e  
23 un benestar social axeitado, é dicir, unha calidade de vida e servizos semellante ao do  
24 medio urbano.  
25

26 Neste escenario, o futuro dos montes veciñais, pasa polo establecemento dunha nova  
27 relación que sitúe o desenvolvemento do monte veciñal dentro do desenvolvemento do  
28 medio rural e local mediante o cal se xere emprego e se fixe poboación. Certamente, co  
29 plantexamento desta nova relación, non se está a inventar nada novo, só se están a  
30 propor novas formulas en vellos sistemas, é dicir, que o monte veciñal sexa un medio de  
31 vida mediante o restablecemento da simbiose monte-veciñanza baseada en que a  
32 veciñanza comuneira viva ao carón do monte e non de costas a el entendendo que o que  
33 onte era sociedade agrogandeira hoxe é veciñanza comuneira, que o que onte era a  
34 relación monte veciñal-complezo agrogandeiro hoxe será unha nova relación de  
35 desenvolvemento do monte-desenvolvemento do medio rural, mantendo en ámbolos dous  
36 sistemas dúas constantes: o monte veciñal como medio de vida e a súa posta en valor  
37 como fixación da poboación.  
38

39 Esta nova relación non é máis que o que algúns autores denominan economía local e  
40 outros economía social, en todo caso, economía asentada no medio que implica a  
41 poboación nos seus proxectos e que reforza a identidade local das poboacións.  
42

43 Mais, nesta nova relación sería un grave erro considerar o desenvolvemento do monte  
44 veciñal como a chave, e non como unha peza máis do proceso de desenvolvemento  
45 integral do medio rural. Como tamén sería un erro considerar que a xeración de emprego  
46 e a xeración de rendas, por si soas, son suficientes para o logro dun medio rural vivo e  
47 sustentable.  
48

49 Para que o medio rural teña futuro, é preciso ademais, a dotación de medios, servizos  
50 e de políticas sociais que fagan viable a vida no medio rural e que permita manter unha  
51 calidade de vida digna e a realización humana persoal e intelectual dos seus habitantes.  
52

53 Unha política de dotación de infraestruturas (vivendas sociais, boas comunicacións,  
54 centros de ensino, de saúde, culturais e de lecer para a mocidade e para as persoas  
55 maiores), políticas de igualdade e de dependencia mediante a potenciación das políticas

1 sociais referidas sobor de todo a mocidade, a muller e a terceira idade, para que os  
2 habitantes do medio rural teñan unhas condicións de vida dignas.

3 Se non se crean centros de carácter público que potencien esa política social  
4 necesaria (escolas infantís, centros de atención a persoas dependentes ou maiores, etc.),  
5 as mulleres do medio rural non poderán participar no desenvolvemento do medio rural xa  
6 que, neste medio, a día de hoxe, a atención dos nenos/as e persoas maiores, recae case  
7 en exclusiva nas mulleres.

### 9 **3.2.6.- Desenvolvemento sustentable**

10 A difícil situación ambiental na que se atopa o planeta, derivado das actividades  
11 humanas lévanos a unha fonda reflexión sobre o xeito que debemos explotar os recursos  
12 naturais e a introdución das xeracións futuras no obxecto das nosas accións. É por iso  
13 que o plantexamento das actividades do monte multifuncional vai estreitamente vinculado  
14 á sustentabilidade social e ambiental, na liña de garantir a estrutura das comunidades de  
15 montes e o seu papel na sociedade rural como alicerce e exemplo do papel das  
16 comunidades rurais no mundo actual fronte a unha economía capitalista insustentable que  
17 está a esfarelar por todos lados e a un deseño de estrutura social artificializado e sostido  
18 nas grandes agrupacións urbanas a todas luces insustentables.

19  
20 Os criterios de sustentabilidade, no funcionamento das comunidades de montes,  
21 deben ser aplicados a todas as actividades desenvolvidas no monte, promocionando a  
22 diversificación, trasladando estas iniciativas fora do monte veciñal como útiles ao medio  
23 rural e amosando como exemplificadoras as iniciativas nese ámbito para mesmo tratar de  
24 que teñan repercusión en toda a sociedade mediante o aumento da calidade alimentaria,  
25 espazos de lecer, etc.

### 26 **3.3.- Cooperación na defensa do común e conexión coa sociedade.**

#### 27 **3.3.1.- Herdanza, transmisión e futuro**

28 Todas as sociedades, desde os grupos tribais máis antigos, aos países capitalistas  
29 máis avanzados, socializan aos seus membros, educan consciente e subliminalmente ás  
30 novas xeracións nos seus costumes, rituais, xuízos e valores existentes.

31  
32  
33 Unha sociedade é máis que un conxunto de ordes mecánicas, ten que buscar dar  
34 significado aos seus cidadáns e ao mundo, algo que na sociedade actual é  
35 desgraciadamente moi difícil. Unha sociedade baseada no espírito colectivo comunitario,  
36 sexa cal sexa a súa acepción, en realidade, non ten máis interese que os valores que  
37 busca fomentar entre os seus veciños e veciñas e a esperanza no futuro que transmite ás  
38 vindeiras xeracións. Así, a organización en man común do monte foi recuperada da súa  
39 amnesia para ser de novo transmitida cara o futuro.

#### 40 **3.3.2.- A pervivencia dos montes veciñais**

41 Nestes momentos, os intereses económicos e industriais do sector montes,  
42 amparados pola actual Consellería do Medio Rural do actual goberno da Xunta de Galiza,  
43 están a propagar na sociedade a idea de que a crise no sector atopase na pequena  
44 dimensión das parcelas, no que se refire ao monte privado, e na xestión democrática no  
45 que se refire os montes veciñais.

46  
47  
48 Ocultan intencionadamente que a crise no sector montes, atópase verdadeiramente  
49 nas erradas políticas que levaron ao abandono do medio rural e ao monopolio das  
50 empresas madeireiras que veñen fixando os prezos da madeira ao seu antollo. En base a  
51 súa falsa teoría, estes intereses económicos e industriais, pretenden que estas terras  
52 sexan adquiridas en propiedade por novas entidades privadas de carácter empresarial, e  
53 o modelo de explotación do monte que teñen ideado é o seguinte:

1 1)-Aprobar na presente lexislatura política (2009/2013), unha nova Lei de Montes de  
2 Galiza, que dote as comunidades de montes de personalidade xurídica co fin de que os  
3 montes veciñais entren no tráfico do mercado. É dicir, co obxectivo de que os montes  
4 veciñais se poidan vender e mercar, co fin de que o capital entre máis intensamente nos  
5 montes veciñais a través de instrumentos financeiros como poden ser os fondos de  
6 investimento.

7  
8 2)- Ir a unidades de xestión forestal de mais de 3000 Has, xestionadas por unha nova  
9 entidade privada participada polas grandes empresas do sector montes (Ence, Finsa,  
10 Tafisa). Nesta nova unidade de xestión, o arborado existente en cada monte veciñal, será  
11 da propia comunidade de montes ate que se leve adiante a tala. Cando esta se faga, o  
12 novo arborado pasará a ser de propiedade do novo ente de xestión, é dicir, está  
13 planificada a usurpación dos montes veciñais aos seus titulares de sempre, a veciñanza  
14 comuneira. Chama poderosamente a atención a hipocrisía destes intereses económicos e  
15 industriais que non hai moito tempo, aprobaron no Consello Forestal de Galiza, cando o  
16 goberno do bipartito, unha lei de montes de Galiza que reforzaba o concepto xermánico  
17 da titularidade veciñal, e agora, claman por unha nova Lei de Montes.

18  
19 3)- Unha vez consumada esta usurpación dos montes veciñais, ter os montes libres  
20 para levar adiante a súa verdadeira política de montes, que non é outra que proceder a  
21 plantacións salvaxes de especies de crecemento rápido e proceder á plantación de  
22 cultivos enerxéticos para subministrar biomasa ás centrais de produción enerxética. É  
23 dicir, lograr un monte totalmente forestalista e xa que logo, nin multifuncional, nin  
24 sustentable. Deste xeito esta política de orientación exclusivamente produtiva pode levar  
25 a aumentar a ameaza dos incendios aplicando lume para acelerar os tempos de  
26 renovación dos contratos.

27  
28 No actual período legislativo (2009/2013), o panorama ao que temos que enfrontarnos  
29 as comunidades de montes veciñais, é complicado, porque os intereses económicos e  
30 industriais, co amparo da actual Consellería do Medio Rural e, por desgracia, co apoio de  
31 entidades relacionadas co monte (AFG. Asociación Man Común, Afrigora, Silvanus) teñen  
32 marcado como obxectivo principal, a eliminación da figura do monte veciñal, ese sinal de  
33 identidade do noso país.

34  
35 Se ben a situación é complicada, tamén é certo que podemos supérala. Para isto só  
36 se require unha ferramenta, a unión das comunidades de montes veciñais, e da  
37 sociedade rural no seu conxunto, na defensa desa titularidade especial do noso país.

38  
39 A veciñanza comuneira actual non pode consentir que pasemos á historia como a  
40 masa social sobre a que os montes veciñais foron usurpados, foron roubados. O camiño  
41 para evitalo é a loita unida das comunidades de montes, é unha loita na que non é  
42 imposible acadar os nosos obxectivos.

43  
44 Na historia, os montes veciñais teñen pasados momentos difíciles, as ameazas do  
45 pasado tiñan o mesmo obxectivo que as de hoxe, a usurpación dos montes veciñais aos  
46 seus lexítimos titulares, aconteceu no século XIX coas leis desamortizadoras, pasou no  
47 século XX coa crise do sistema agrogandeiro e coa usurpación do franquismo, máis de  
48 ámbalas dúas situacións, a veciñanza comuneira saíu triunfante, e agora non ten por que  
49 ser doutro xeito e debe aprender as leccións da historia para dispoñer de maiores  
50 ferramentas de defensa.

### 51 **3.3.3.-A inversión da situación fronte a ameaza**

52 A defensa da titularidade veciñal comunitaria incide na inversión desta situación, polo  
53 que compre poñer as bases para mudala e retornar a un reequilibrio poboacional e social  
54

1 do rural, aínda sabendo que require dun proceso lento e que non significará voltar ao que  
2 foi senón a outra cousa diferente.

3  
4 A pesar das dificultades políticas, económicas e sociais, reafirmámonos en que a  
5 xestión democrática dos montes veciñais pola veciñanza comuneira permitiu erguer unha  
6 obra de progreso económico, social, medioambiental e cultural en moitos lugares, aldeas  
7 e parroquias do noso país, e mesmo, aínda que só fose por iso, estaría xustificada a  
8 existencia e pervivencia desta forma singular de titularidade.

### 9 10 **Alianzas das Administracións estatal e autonómica**

11 A instancia superior estatal representou na historia do monte veciñal a máxima  
12 ameaza para a súa pervivencia pois na deriva histórica da evolución social basculou os  
13 seus intereses cara a outras cuestións sociais e sobre todo económicas.

14  
15 O estatuto de autonomía coincidiu coa recuperación dos montes veciñais e  
16 representou na veciñanza comuneira a esperanza da mellora da situación, mais en xeral  
17 esta non se produciu ao non comprender a clase política dominante o que significa o  
18 monte comunal para o desenvolvemento rural, de feito o rural continuou a perder  
19 poboación en grande proporción na década dos 70.

20  
21 Temos que conseguir a sensibilización dos representantes políticos nos parlamentos  
22 estatal e autonómico na liña de que asuman nas súas organizacións e programas a  
23 defensa do monte comunal e do medio rural. Tamén temos que tratar de levar adiante  
24 unha reivindicación conxunta cos sectores do medio rural e local para que as lexislacións  
25 estatais e galegas contemplan o desenvolvemento do medio rural e a consolidación da  
26 titularidade veciñal.

### 27 28 **Alianzas de nós mesmos**

29 As novas ameazas sobre o monte comunal teñen que superarse mediante a forza  
30 social e, se é posible, a presión electoral. Isto só se consegue como labor colectiva,  
31 traballando xuntos, organizados e unidos nunha estratexia común, buscando aquilo que  
32 nos une. Compre evitar que as comunidades de montes, xestoras do monte comunitario,  
33 entren na órbita dalgunhas entidades, que se ben están relacionadas co monte, teñen  
34 obxectivos diametralmente opostos aos nosos e discrepantes das nosas reclamacións,  
35 que pretenden a privatización dos montes veciñais e seguir facendo unha xestión  
36 particular para ter unha renda de beneficios a conta dos mesmos.

### 37 38 **3.3.4.- Valoración social e complicitade**

39 Entre as moitas ameazas coas que contan as comunidades de montes apreciase  
40 unha especialmente perigosa e é o rexeitamento social que se da en base á ignorancia.  
41 Resulta necesario vencer as reticencias a respecto do sentimento despreciativo do monte  
42 veciñal, e da súa organización colectiva, por parte da sociedade non comuneira, e sobre  
43 todo urbana. Esta situación dáse fundamentalmente por descoñecemento das funcións e  
44 funcionamento ou ben por escoller como modelo de crítica a comunidades que erran no  
45 seu obxectivo, que realizan actividades de escasa apreciación social ou que adoptan  
46 acordos impopulares. Este non é máis que outro xeito de evidenciar a contradición clásica  
47 entre o rural e a cidade. Os motivos deste sentir deben ser identificados para poder  
48 traballar sobre eles contrarrestándoos.

### 49 50 **3.3.5.- Alianzas e traballo conxunto cos sectores do medio rural**

51 Vimos argumentado que o futuro dos montes veciñais pasa por acadar un medio rural  
52 multifuncional e sustentable, xa que o monte veciñal, é unha peza máis dese medio rural.  
53 Para os montes veciñais, pola súa extensión territorial e polas súas características de  
54 titularidade singular, a súa posta en valor adquire unha significación especial. A chave  
55 para o logro dun medio rural multifuncional e sustentable, e dicir vivo, atópase

1 fundamentalmente na actividade agrogandeira familiar e ecolóxica e na xestión  
2 sustentable dos montes veciñais.

3  
4 Derivadas destas dúas actividades fundamentais, e entendidas como  
5 complementarias, poden vir outras actividades como poden ser:

6 -Actividades derivadas da posta en valor de enerxías renovables (eólica, solar,  
7 biomasa forestal) e actividades derivadas da xestión dos residuos, dende unha alternativa  
8 medioambiental.

9 -Actividades de tipo turístico, que a súa vez implican a conservación dos núcleos  
10 rurais, a posta en valor dos restos patrimoniais de todo tipo, ademais da xeración de  
11 traballo por medio de visitas guiadas (a pé ou a cabalo), e eses lugares de interese rural e  
12 patrimonial.

13 -Actividades de carácter medioambiental, tanto no eido da educación medioambiental,  
14 como no fomento de visitas guiadas, a través de rotas de sendeirismo en espazos  
15 naturais protexidos ou de interese paisaxístico e medioambiental.

16 -Actividades destinadas a prestación de servizos destinadas a poboación escolar, as  
17 persoas maiores e as explotacións agrogandeiras para que os seus titulares poidan gozar  
18 dunha calidade de vida digna e ter os períodos vacacionais que lles corresponden.

19 -Actividades de comercio local, de restauración ou de artesanía, xa que un medio vivo  
20 pode incrementar a poboación local en certas épocas do ano e fixa poboación residente.

21 Un medio rural vivo, é dicir multifuncional e sustentable, ten que ter a súa principal  
22 actividade no ofrecemento de produtos alimentarios (a través da actividade agrogandeira  
23 e da multifuncionalidade dos montes veciñais), e no ofrecemento de servizos de mellora  
24 da calidade de vida (a través do entorno rural e das funcións sociais e medioambientais  
25 dos montes veciñais). Para que estas ofertas se manteñan, e preciso a complicidade do  
26 mundo urbano, que é o lugar onde se asenta a maior parte de poboación, complicidade  
27 como consumidores deses produtos e deses servizos que ofrece o medio rural en xeral e  
28 os montes veciñais en particular.

### 3.3.6.- Unión dos sectores do medio rural e local

31 O logro dun mundo rural vivo, e dentro del os montes veciñais, precisa dunha Política  
32 Agraria que apoie as explotacións agrogandeiras familiares e dunha política de montes  
33 que permita o desenvolvemento de todas as potencialidades dos montes veciñais.  
34 Estamos a reivindicar unha política concreta, que ten como base a supervivencia do  
35 monte veciñal como un obxectivo en si mesmo, xa que se permitimos a desaparición do  
36 monte de titularidade veciñal, estaríamos a arrincarlle unha importante pola ao medio rural  
37 para o seu desenvolvemento.

39 Todo o tecido asociativo do medio rural (comunidades de montes, sindicatos agrarios,  
40 agrupacións de gandeiros/as, sociedades de caza, movemento ecoloxista, tecido  
41 empresarial rural, etc.), están obxectivamente interesados no logro e no mantemento dun  
42 medio rural vivo e dun monte veciñal multifuncional e sustentable.

43 Para acadar as políticas necesarias para lograr estes obxectivos, as comunidades de  
44 montes, temos que empezar a traballar para acedar unha alianza estable de todos estes sectores  
45 do medio rural. Temos que traballar para acadar unha estratexia organizativa estable, algo así como  
46 unha Alianza para a Defensa do Medio Rural Vivo, no que se vexa implicado todo o tecido  
47 asociativo do medio rural, baixo os seguintes eixos organizativos:

- 49 - O respecto aos obxectivos xerais e á vida interna de cada entidade
- 50 - Funcionamento plenamente democrático (funcionamento por maiorías e respecto as  
51 minorías)

53 Dado que un medio rural vivo xera actividades e servizos dos que son beneficiarios toda a  
54 sociedade no seu conxunto, sobor de todo a sociedade urbana mais próxima, a súa poboación,  
55 tamén está, obxectivamente interesada no mantemento de este medio rural vivo e na pervivencia

1 do monte veciñal como obxectivo de si mesmo. Xa que logo, as comunidades de montes, temos  
2 que lograr que o tecido asociativo do medio urbano (asociacións de veciños, de consumidores,  
3 centrais sindicais, entidades culturais e deportivas, movemento medioambiental, etc.), se  
4 convertan en aliados das reivindicacións políticas da sociedade civil organizada do medio rural.

### 6 **3.3.7.- Alianzas coas administracións locais**

7 Os territorios que ocupa o monte veciñal están enmarcados nos límites municipais,  
8 polo que está sobradamente xustificada a análise da vía de colaboración entre as  
9 entidades locais e as comunidades de montes, artellando métodos de participación destas  
10 na vida municipal e establecendo colaboracións baixo intereses comúns baseadas na  
11 creación dunha mesa paritaria para levar adiante estas xestións.

12  
13 Esta colaboración, non pode ser entendida polos concellos como un concepto de  
14 subvención, de axuda ou de esmola senón como un investimento en obra de carácter  
15 social porque beneficia á veciñanza do concello. Estamos a falar de obras como poden  
16 ser: centros de interpretación do monte e da natureza, posta en valor dos ben  
17 patrimoniais, defensa e conservación da biodiversidade, turismo rural e natural, goce da  
18 paixase, etc. Todas elas, instalacións e actividades, enriquecen a dotación e a promoción  
19 local.

20  
21 Mesmo dentro desta colaboración cobraría sentido que as comunidades de montes,  
22 destinasen unha parte dos seus orzamentos para colaborar cos concellos na execución  
23 de obras de carácter social e comunitario.

24  
25 Mais o campo de actuación dos concellos na consolidación da titularidade veciñal, non  
26 remata aquí, dado o obxectivo da institución municipal que é mellorar a calidade de vida  
27 da veciñanza, de potenciar o desenvolvemento dos recursos endóxenos e de lograr un  
28 desenvolvemento armónico do seu territorio. Poderían apoiar, mesmo financeiramente, os  
29 proxectos das comunidades de montes que sexan sustentables, desenvolvan recursos  
30 propios do territorio, xeren emprego e que fixen poboación.

31  
32 Estamos a falar de proxectos como poden ser: desenvolvemento do turismo rural e  
33 natural, de posta en valor do patrimonio histórico-arquitectónico., de potenciar os  
34 produtos do monte (carne, mel, cogomelos, etc.) como produtos de calidade, de  
35 promoción de feiras de divulgación e mercados locais, de aproveitamento da biomasa  
36 forestal e outros.

37  
38 Se cadra, compre deterse na relación do aproveitamento da biomasa forestal para  
39 produción de abonos e compost e, complementariamente, como fonte de enerxía para a  
40 climatización dos edificios e servizos públicos dos concellos, e relacionar este  
41 aproveitamento como un dos xeitos de consolidación da titularidade veciñal ou  
42 comunitaria. O aproveitamento da biomasa forestal para a produción de abonos e  
43 compost en termos xerais, pode ser levado adiante por Mancomunidades de montes ou  
44 por agrupación de comunidades de montes. Este tipo de aproveitamento da biomasa  
45 forestal, cumpre os obxectivos da calqueira outro aproveitamento da biomasa forestal  
46 (diminúe a extensión e os danos dos lumes forestais, mellora a paisaxe coa regulación do  
47 mato, adecúa zonas de monte para usos sociais e de lecer, prepara terreos para levar  
48 adiante outros aproveitamentos do monte. Pero ademais disto, este tipo de  
49 aproveitamento da biomasa forestal, xera un produto final que ten valor engadido, xera  
50 postos de traballo. e no proceso, pódese incorporar os restos da limpeza dos parques  
51 públicos e dos xardíns municipais; así como restos vexetais das empresas de xardinería  
52 da zona e mesmo os argazos nos concellos costeiros. E dicir, con este tipo de  
53 aproveitamento da biomasa forestal, estase proporcionando unha alternativa de carácter  
54 ecolóxico a unha parte do lixo que xeran os concellos. Xa que logo, os concellos, non só

1 deben apoiar este tipo de iniciativas, deben participar conxuntamente coas comunidades  
2 de montes na súa xestión.  
3

4 Un reto que se ten marcado a Unión Europea, dentro da súa liña de combate contra o  
5 cambio climático, é a de suplir un porcentaxe do consumo de enerxía provinte de fontes  
6 non renovábeis (fundamente combustibles fósiles), por outras provintes de fontes  
7 renovábeis. Xa que logo, a biomasa forestal pode suplir o subministro de enerxía para os  
8 edificios públicos dos concellos (o propio concello, os centros escolares, as casas de  
9 cultura, os pavillóns deportivos, as piscinas municipais, etc.) De este xeito, os concellos,  
10 ademais de aforrar na factura enerxética (cálculase que se se usa biomasa astelada  
11 aforrase un 80% e se usa biomasa forestal en forma de pellets, aforrase un 50%), están  
12 aportando o seu grao de área na loita contra o cambio climático, están axudando ao  
13 cambio de modelo productivo, que semella que é por onde ten que camiñar a sociedade.  
14

### 15 **3.3.8.- Alianzas cos movementos sociais**

16 Na liña da incompreensión social do movemento comunitario dos montes, téñense  
17 escoitado declaracións por parte de persoas encadradas en entidades de movementos  
18 sociais solicitando, con diferentes argumentos, que a titularidade e a xestión dos montes  
19 veciñais lles sexan arrincadas ás comunidades de montes para entregarllas as  
20 administracións públicas, mais, entendemos que estas erradas declaracións, son máis  
21 produto do descoñecemento do que son os montes veciñais que dunha filosofía  
22 usurpadora dos promotores destas declaracións.  
23

24 Entendemos que estas diferenzas arránxanse nunha mesa de debate porque entre a  
25 posta en valor dos montes veciñais dun xeito multifuncional e sustentable, que defenden  
26 moitas comunidades de montes, e a defensa do medioambiente e da cultura que tan  
27 digna e exemplarmente levan a cabo moitas destas entidades sociais, hai máis  
28 concordancias que discrepancias e cara a eles temos que tender alianzas e non erguer  
29 muros.  
30

31 Baixo o alicerce do monte multifuncional e sustentable que tratamos de manter como  
32 obxectivo compre establecer cauces de diálogo social coa poboación que, ou non é  
33 comuneira, ou vive lonxe do monte física ou psicoloxicamente.  
34

35 Entre os métodos que podemos dispoñer para facer chegar a nosa mensaxe ao resto  
36 da sociedade, os nosos desexos e obxectivos e mesmo as iniciativas que xa estamos a  
37 levar a cabo, caben as seguintes ferramentas:  
38

39 a.- A educación ambiental, na que se vexa integrada a vida do rural e o deseño que  
40 na liña de manter o rural vivo temos a respecto do uso sustentable dos recursos naturais.

41 b.- A información e o ensino regrado debe ser unha canle de información que achegue  
42 aos estudantes e mocidade unha singularidade propia do noso país.

43 c.- A educación non formal e voluntariado teñen que ser ferramentas complementarias  
44 as anteriores, mesmo permitindo a participación de persoas non comuneiras en  
45 actividades que reforcen positivamente as actitudes de cara a conservación do medio, a  
46 explotación sustentable e o mantemento do rural vivo.

47 d.- A conservación de espazos singulares e especies protexidas, en diferentes  
48 categorías de protección se fora o caso, debe ser un importante papel xunto coa  
49 explotación sustentable de recursos, pois son compatibles na maior parte dos casos.

50 d.- A conservación do patrimonio pois é un feito nos nosos montes que debe  
51 reconstruír as etapas históricas pasadas e ser obxecto de coñecemento da poboación.

52 e.- A recuperación de áreas degradadas debe ser incorporada dentro dos obxectivos  
53 incluídos na función ambiental dos montes, dado que permitirá mellorar a calidade  
54 ambiental e mesmo a calidade da explotación multifuncional. Un monte degradado será

1 un monte pobre e suestible á desvalorización, perda de interese dos propietarios e  
2 pasto da usurpación.

3 f.- A explotación de recursos sustentable, que recolle e resume todos os puntos  
4 anteriores, debe ser unha das nosas maiores preocupacións, en base a todo o  
5 argumentado neste documento, e será a mellor garantía de futuro.

6  
7 Coas premisas anteriores resultará doado achegar os nosos argumentos racionais á  
8 sociedade, chegando a crear mesas paritarias con diferentes movementos sociais,  
9 cultural, veciñal, deportivo e ambiental co ánimo de xerar sinerxias e liñas de acción  
10 comúns mantendo cada un a súa personalidade, mesmo chegando a momentos de  
11 implicación social e participación común na propia xestión dalgúns aspectos como son a  
12 conservación de valores.

### 13 **3.3.9.- Implicación social na xestión: custodia do territorio**

14 Dende hai 30 anos lévanse a cabo diversas experiencias de xestión de recursos  
15 naturais mediante a alianza dos propietarios e dos usuarios. Baixo a denominación de  
16 custodia do territorio, estas iniciativas están baseadas na responsabilidade,  
17 sensibilización e concienciación de ambas partes sobre un territorio na liña do bó uso da  
18 terra e da conservación dos valores e recursos naturais, culturais ou paisaxísticos.  
19 Mesmo este tipo de iniciativas está recollido na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do  
20 Patrimonio Natural e a Biodiversidade, na que establece, no seu artigo 72 que as  
21 Administracións Públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre  
22 entidades de custodia e propietarios de terras privadas ou públicas que teñan por  
23 obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade".

24  
25  
26 Serve como obxectivo para:

27 - Dar apoio aos propietarios e xestores do territorio na planificación, a protección e a  
28 xestión a longo prazo tendo en conta as necesidades o territorio e das persoas que o  
29 habitan.

30  
31 - Proporcionar oportunidades sociais, culturais, educativas e lecer adecuadas á  
32 capacidade de carga de lugares.

33  
34 - Asegurar unha protección xurídica do territorio de interese común.

35  
36 - Proporcionar un territorio ben conservado que ofrezca oportunidades para educar á  
37 sociedade no desenvolvemento económico sostible a longo prazo e acrecentar o interese  
38 social común e das xeracións futuras

39  
40 Esta xestión conxunta lévase a cabo coa participación social en acordo mútuo entre  
41 os propietarios e usuarios do territorio. Trátase dunha ferramenta de conservación da  
42 natureza, a paisaxe e o patrimonio cultural, que se concreta en diferentes mecanismos de  
43 acordo entre propietarios e entidades de custodia, que se corresponsabilizan da  
44 protección dos valores dun territorio e de desenvolver unha xestión ambiental participativa  
45 sostible.

46  
47 A custodia, como novo modelo de xestión, non é a solución para as Comunidades de  
48 montes, mais si pode ser viable como ferramenta para a xestión puntual de valores  
49 territoriais e como implicación social e procura de alianzas que permitan achegar a  
50 sectores sociais á comprensión do monte, achegar recursos económicos á conservación  
51 máis alá do que poidan aportar as propias comunidades.